DEPUTACIÓN DE LUGO

**XUNTA DE GOBERNO**

**SESION ORDINARIA DE CINCO DE ABRIL DE DOUS MIL DEZANOVE**

**(ACTA NÚMERO 16)**

**Presidente:**
D. Darío Campos Conde

**Sres. Deputados:**
D. Argelio Fernández Queipo
D. Álvaro Santos Ramos
D. Pablo Rivera Capón
Dª. Mª. del Pilar García Porto
Dª. Sonsoles López Izquierdo

**Secretaria:**
Dª. María Esther Álvarez Martínez

**Interventora:**
Dª. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **cinco de abril de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria Dª. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora Dª. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asisten os Sres. Deputados D. Lino Rodríguez Ónega, Dª. Mayra García Bermúdez e D. Eduardo Vidal Baamonde.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E NOVE DE MARZO DE DOUS MIL DEZANOVE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DOUS DE ABRIL DE DOUS MIL DEZANOVE E DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA CON DATA TRES DE ABRIL DE DOUS MIL DEZANOVE.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de marzo, da acta da sesión extraordinaria celebrada o dous de abril e da acta da sesiónn extraordinaria urxente celebrada o tres de abril de dous mil dezanove, que foron distribuidas entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha enmenda, foron aprobadas por unanimidade dos asistentes.

**2.- RESOLUCIÓN, SE PROCEDE, SOBRE INADMISIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR SUPLUSA, CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO RELATIVO Á CONTRATACIÓN DAS PRESTACIÓNS A PERSOAS MAIORES DE A FONSAGRADA (LOTE 2).**

Visto informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento en relación co epígrafe do presente asunto, manifestando que se produciu un erro na redacción do mesmo por terse omitido a referenza ó centro de atención a maiores de Pol, corríxese dito erro quedando o epígrafe do seguinte xeito: **RESOLUCIÓN, SE PROCEDE, SOBRE INADMISIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR SUPLUSA, CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO RELATIVO Á CONTRATACIÓN DAS PRESTACIÓNS A PERSOAS MAIORES DE POL E A FONSAGRADA, LOTE 2, A FONSAGRADA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

" Lote 2: Fonsagrada

Vistos os antecedentes incorporados ao expedinte, xunto co informe do servizo de contratación e fomento do 4 de abril de 2019, conformado pola Secretaría, que a seguir se transcribe, na súa parte bastante (....)

Antecedentes

Sobre o recurso de reposición.

Don Manuel Martínez Núñez, presenta no Rexistro Xeral de entrada da Deputación Provincial de Lugo o día 14 de xaneiro de 2019 escrito no que manifesta actuar na calidade de Presidente da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (SUPLUSA).

Manifesta que tivo coñecemento a través da plataforma de contratos do sector público do expediente, publicado o día 22 de decembro de 2018 e relativo á "contratación das prestacións determinadas na cláusula 2.1 do PCAP e 4 do PPT, a executar nos centros de atención a persoas maiores (CAM) de Pol e Fonsagrada."

Acota o acordo adoptado en sesión da Xunta de Goberno de 14/12/2018, nos seguintes termos:

"Aprobar a contratación de presentacións a persoas maiores nos centros de atención de Pol e a Fonsagrada, dividido en lotes (lote 1, Centro de Atención a Maiores de Pol e lote 2, Centro de atención a Maiores da Fonsagrada), coa posibilidade de presentar oferta integradora e na modalidade de tramitación anticipada.

Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación e execución da contratación sinalada no parágrafo anterior.

Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP; dispoñer do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público e demais publicacións obrigatorias.

Aprobar o orzamento de licitación, que ascende a 3.926.301,33€, sobre os que se aplicará un IVE do 4% 157.052,05 euros, o que fai un total de 4.083.353,38€ .”

“...”

Céntrase, o recurso de reposición, no que atinxe á licitación de determinadas prestacións no marco dunha acción colaborativa (entre Concellos e Deputación) para a xestión directa de un centro público de atención a persoas maiores, centros de Atención a Persoas Maiores de Pol, e Fonsagrada. Neste informe, non obstante, analízase exclusivamente, o centro de atención a persoas maiores de Fonsagrada. (Lote 2: Fonsagrada).

Indicar, a este fin, que na sesión ordinaria celebrada o día 29 de abril de 2011, deuse conta da resolución de 27 de abril, en relación coa encomenda de xestión da Deputación a SUPLUSA, relativa a investimentos para dotacións sociais en Fonsagrada, Pobra de Brollón e adquisición de terreos en Monforte de Lemos, co seguinte teor na súa parte dispositiva:

“Vista a proposta de encomenda de xestión á Sociedade Urbanística Provincial de Lugo S.A. (SUPLUSA), relativa a investimentos para dotacións sociais en Fonsagrada e Pobra de Brollón, e adquisición de terreos en Monforte de Lemos.

Vistos os informes emitidos pola Secretaría Xeral e por Intervención, e en uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resolvo**:**

1º.- Encomendar á Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (SUPLUSA), por razón de eficacia, as actuacións seguintes.

- Construción dunha residencia da terceira idade na Fonsagrada, por un importe de 2.100.000 euros.
- Construción dunha residencia da terceira idade na Poboa de Brollón, por un importe de 1.200.000 euros.
- Adquisición de terreos en Monforte de Lemos por un importe de 1.000.000 euros.

2º.- Determinar que a encomenda de xestión terá un alcance temporal que comprenderá ata a finalización das obras, de acordo cos proxectos técnicos que sexan redactados ao efecto, e de acordo co procedemento de adquisición dos terreos, normativamente esixido.

3º.- Aprobar e dispoñer o gasto por importe de 4.300.000 euros.

4º.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno quedou enterada.

No recurso de reposición, interposto invocando o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, reproduce a parte dispositiva do acordo da Xunta de Goberno de 9 de marzo de 2018, sobre perda de condición de medio propio de SUPLUSA.

Cítanse outros acordos do Consello de Administración de SUPLUSA e do Pleno da Deputación.

Alúdese, noutras pasaxes, á titularidade do edificio, mencionando o acordo do Consello de Administración de SUPLUSA de 7 de agosto de 2018, relativo ao Centro de Atención a Persoas Maiores de Fonsagrada: Nese acordo do Consello de Administración de SUPLUSA, cos condicionantes alí reflectidos, entrégase a Deputación Provincial a edificación do Centro de Servizos Sociais Residencia e Centro de Día para persoas maiores situado na rúa Parque s/n do Concello de Fonsagrada; tamén se precisa que se entregarán as chaves.

Efectúanse outras digresións sobre a entrega de chaves e o modo de efectuar as oportunas comprobacións do executado, sobre o permiso de inicio de actividades e sobre a situación de persoal seleccionado por SUPLUSA no ano 2015. En concreto respecto do persoal mencionado, a conveniencia de un informe xurídico emitido pola Secretaría Xeral que se pronuncia sobre a existencia do proceso selectivo e as súas consecuencias. Este informe existe e foi emitido pola Secretaría Xeral o 20/09/2018. Incorporase ao expediente como antecedente. Alude tamén ao permiso de inicio de actividade, descoñecendo tanto os trámites realizados pola entidade provincial, como no marco xurídico común referente ao exercicio de actividades.

Tramitacións administrativas previas a licitación: Réxime xurídico fixado polo Concello e actuación cooperativa da Deputación.

En relación coas prestacións de servizos, nos Centros de Atención a Persoas Maiores, neste caso no municipio de Fonsagrada, cómpre relacionar os seguintes antecedentes:

O Concello de Fonsagrada e a Deputación Provincial de Lugo, subscribiron na data do 20 de xuño de 2018, un Convenio marco interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores –Convenio bilateral Deputación de Lugo-Concello de Fonsagrada.

O Convenio marco de cooperación aprobouse en Xunta de Goberno da Deputación de 10 de abril de 2018 e por acordo do Concello do Pleno de Fonsagrada en sesións extraordinarias do 24 de maio de 2018.

Neste servizo non consta que tales acordos municipais (Concello de Fonsagrada) ou provinciais (Deputación Provincial) fosen obxecto de reclamación ou recurso.

O Concello de Fonsagrada, fixou o réxime xurídico das prestacións no centro de atención a persoas maiores, nos seguintes termos.

a) Acordo do Concello-Pleno, en sesión de 6 de septembro de 2018 no que se aproba inicialmente:

- A Memoria xustificativa da implantación do servizo de Centro de Atención a Maiores da Fonsagrada.
- A Ordenanza reguladora do acceso ao servizo de atención residencial e servizo de atención diúrna.
- A Ordenanza reguladora do prezo público pola presentación do servizo de atención residencial.
- A Ordenanza reguladora do prezo público pola presentación do servizo de atención diúrna.
- O Regulamento de funcionamento interno do centro de atención residencial.
- O Regulamento de funcionamento interno do centro de atención diúrna.

b) Devanditos acordos expuxéronse ao público, mediante anuncios publicados no BOP número 211 de 13 de setembro de 2018.

c) No BOP de número 278 de 4 de decembro de 2018, logo do trámite de exposición pública e unha vez elevado a definitivo o acordo inicial, publícanse as seguintes disposicións:

- Ordenanza para o acceso ao servizo de atención residencial e servizo de atención diúrna no centro de atención a persoas maiores de A Fonsagrada.
- Ordenanza reguladora do prezo público pola presentación do servizo de atención residencial no centro de atención a persoas maiores do Concello de A Fonsagrada.
- Ordenanza reguladora do prezo público pola presentación do servizo de atención diúrna no centro de atención a persoas maiores do Concello de A Fonsagrada.
- Regulamento de réxime interno do centro de atención residencial do Concello de A Fonsagrada.
- Regulamento de réxime interno do centro de atención diúrna do Concello de A Fonsagrada.

A Deputación Provincial en sesión da Xunta de Goberno de 30 de novembro de 2018 prestou aprobación do convenio específico para a prestación compartida de servizos no Centro de Atención a Persoas Maiores de Fonsagrada, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación.

O Concello-Pleno de Fonsagrada, en sesión de 13 de decembro de 2018 aprobou este Convenio.

Non constan presentados recursos contra os acordos do Concello de Fonsagrada, determinando o réxime xurídico de prestacións no respectivo Centro de Atención a Persoas Maiores; tampouco contra as distintas ordenanzas e regulamentos.

Non se presentan recursos contra as respectivas resolucións administrativas aprobando o citado convenio específico.

Na data do 12 de decembro de 2018 subscribiuse dito convenio específico, entre ambas entidades locais.

Precisamente en cumprimento das determinacións deste convenio, unha vez establecido o réxime xurídico prestacional, a Deputación desempeña as tarefas asignadas na súa función de cooperación, como órgano de contratación.

Neste sentido, na cláusula terceira do convenio específico, estipúlase:

"...No caso de que a normativa non permitise a dotación de tódolos traballadores nomeados como persoal propio, en todo caso os perfís mínimos citados cubriranse a través de contratos administrativos de servizos, nos mesmos termos que o sinalado nos parágrafos seguintes.

A atención directa por profesionais xerocultores ou equivalentes, co seu responsable, será contratada pola Deputación de Lugo mediante un contrato administrativo de servizos, nos termos dos respectivos pregos de condicións, xa que o volume de contratación de persoal que elo implica non se pode executar coa normativa actualmente vixente en materia orzamentaria e aplicable as administracións públicas."

(...).

E na cláusula décimo- terceira, sobre contratos de servizos:

(....)

13.1 Os servizos prestaranse directamente pola Deputación de Lugo e o Concello, que exerceran tódalas funcións públicas, reservadas pola lexislación á gobernanza e á función pública, sen que o risco da prestación do servizo, por razóns de eficiencia e de carácter fiscal, sexa asumido por empresas privadas ou entidades de titularidade pública pero suxeitas a dereito privado.

A prestación de servizos de atención a persoas maiores, como sistema de xestión directa neste escenario de cooperación interadministrativa (Concello-Deputación), esixe que determinadas prestacións se executen mediante contratos de servizos, suxeitos a lexislación de contratos do sector público. En ningún caso se poderán celebrar contratos que supoñan xestión indirecta, como o contrato de concesión de obras ou de servizos...”

(...)

Sobre outros antecedentes

En sesión celebrada polo pleno da Deputación, na data do 28 de marzo de 2017, aceptouse a cesión gratuíta da parcela destinada á construción e xestión do centro de atención a persoas maiores no concello de A Fonsagrada.

Doutra parte, efectivamente, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial en sesión de 9 de marzo de 2018, adoptou acordo, coa xustificación que consta enunciada no propio expediente administrativo, declarando a perda da condición de medio propio de SUPLUSA.

A Xunta de Goberno en sesión de 1 de xuño de 2018 tomou razón do informe de Intervención, solicitando en Xunta de Goberno de 09/03/2018, en relación coa Sociedade Urbanística Provincial de Lugo (SUPLUSA). Nese informe concretábanse os requirimentos que debe cumprir SUPLUSA para a recuperación de condición de medio propio.

En sesión da Xunta de Goberno de 22 de xuño de 2018, deuse conta do informe emitido pola UDC ( Profesor Amoedo Souto) sobre o réxime xurídico da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, como medio propio e instrumental da Deputación de Lugo, en cuxa parte conclusiva e no que atinxe á algúns dos aspectos suscitados no recurso de reposición:

(...)

Sobre a validez do Acordo da Xunta de Goberno do 9 de marzo do 2018, consideramos que as obrigas previstas no artigo 32 da Lei 9/2017 entraron en vigor xustamente o día en que se adopta o acordo de retirar a condición de medio propio a SUPLUSA, polo que entendemos que este acordo pode invocar os requisitos previstos a maiores no artigo 32.2 Lei 9/2017 como abeiro normativo do seu contido.

O artigo 32.5 da Lei 9/2017 prevé unha consecuencia legal automática (*ope legis*) ao incumprimento sobrevido dos requisitos sobre o control análogo, en mérito do efecto útil das Directivas comunitarias: a perda da condición de medio propio personificado e, en consecuencia, a imposibilidade de seguir efectuando encargos a SUPLUSA, sen prexuízo da conclusión dos encargos que estivesen en fase de execución (as obras das residencias).

Esta potestade de tutela funcional da entidade matriz sobre o grao de cumprimento dos requisitos previstos no artigo 32.2 é unha potestade esencialmente discrecional que, como tal, debe ser motivada sucintamente ao abeiro do artigo 35.1.i) da Lei 39/2015.

O contido do expediente do Acordo do 9 de marzo inclúe distintos informes detallados, que fornecen unha motivación máis que suficiente sobre a perda de control análogo que se produce ao longo do ano 2017 por mor das circunstancias políticas e administrativas acaecidas no seo de SUPLUSA.

En consecuencia, consideramos plenamente válida a retirada da condición de medio propio e instrumental a SUPLUSA.

En particular, consideramos que a Xunta de Goberno, como órgano colexiado executivo, goza de competencia bastante para adoptar o Acordo do 9 de marzo do 2018.

Xa que logo, no cabe falar de nulidade por terse ditado por órgano manifestamente incompetente por razón da materia (art. 47.1.b) LPAC 2015). Tal acordo goza da presunción de validez que é propia de calquera acto administrativo, e está destinado a xerar os efectos que lle son propios desde o momento en que se dita (art. 39.1 Lei 39/2015).

Por último, consideramos que o exercicio da tutela funcional da entidade matriz sobre o medio propio non é impugnable na orde contencioso-administrativa, por falta de lexitimación activa do medio propio.

A Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 27 de xullo, en canto ao réxime xurídico de SUPLUSA, tomou, en base aos informes e antecedentes do expediente, o seguinte acordo:

Declarar que, a esta data, SUPLUSA non recuperou a condición de medio propio para o que resultaba preciso cumprir os seguintes requisitos necesarios fixados nos artigos 32 LCSP e 86 LRXSP, enunciados no informe de Intervención de data 4 de maio deste ano:

a) Dispoñer de medios suficientes e idóneos para realizar prestacións no sector de actividade que se corresponda co seu obxecto social.

b) Concorrer algunha das dúas circunstancias seguintes:

1) Ser unha opción máis eficiente coa contratación pública e resulte sustentable e eficaz, aplicando criterios de rendibilidade económica.

2) Resultar necesario por razóns de seguridade pública ou de urxencia a necesidade de dispoñer dos bens ou servizos subministrados polo medio propio ou servizo técnico.

A denominación da entidade coa condición de medio propio deberá figurar necesariamente "Medio Propio" ou a súa abreviatura "M.P.".

c) A existencia dun control directo, análogo ao que ostentaría sobre os seus propios servizos ou unidades.

d) Aprobar as tarifas pola Xunta de Goberno da Deputación, para a compensación ou retribución económica con aplicación ás unidades de execución dos encargos.

e) Adaptar os estatutos á actual LCSP 2017, en concreto ó disposto no artigo 32.2.d), para o que existe un prazo de 6 meses dende a entrada en vigor da Lei."

Incorpórase ao expediente o documento que reflicte a acta da sesión do Consello de Administración de SUPLUSA, celebrada o 7 de agosto de 2018 sobre entrega a Deputación Provincial de Lugo do terreo e do edificio para Residencia e Centro de Día para persoas maiores de Fonsagrada, en cumprimento da encomenda de xestión de 29 de abril de 2011.

A Xunta de Goberno, en sesión de 15 de outubro de 2018, tomou razón da entrega dos resultados da encomenda para a construción dun centro de atención a persoas maiores e acordos que procedan.

A Xunta de Goberno, acordou:

1º.- Tomar coñecemento dos acordos adoptados polo Consello de Administración de SUPLUSA, S.A. con data 8 de marzo, 8 de maio e 7 de agosto de 2018 respectivamente, polos que, SUPLUSA S.A. entrega a esta Deputación Provincial os terreos e edificios destinados a residencias e centros de día nos municipios de Castroverde, Pol, Trabada e A Fonsagrada.

2º.- Entender a entrega libre de cargas e gravames e, neste sentido, a reserva de uso tense por no posta. Todo crédito, carga ou gravame que SUPLUSA SA entenda pode trasladar á Deputación debe contratarse no proceso de liquidación dos encargos. En ningún caso poderá implicar condicionantes para o circulo de decisión administrativa do ente tutelante e o exercicio das potestades que ten atribuídas.

3º.- Proceder con anterioridade á liquidación definitiva dos encargos, se proceda por funcionarios da area Técnicos (facultativos) coa debida habilitación profesional (sen ningunha doutras colaboracións) a inspección e comprobación final do construído, así como da concordancia entre o construído e o proxecto para que obtivo licenza urbanística e, no seu caso, dos seus modificados.

Do resultado da comprobación realizada debera emitirse informe polos funcionarios (e de ser o caso coas oportunas colaboracións) aos que a Presidencia ordene a inspección e comprobación.

Funcionarios da Área de Servizos Sociais, poderán acompañar aos funcionarios técnicos, a efectos de asesoramento e colaboración. Estes funcionarios de perfil social emitirán informe acerca do mobiliario, enseres e demais equipamentos necesarios para a apertura e funcionamento das residencias e centros de día.

4º.- Dar traslado deste acordo a Intervención xeral ao obxecto de que realice as comprobacións finais das tarefas encomendadas por parte da Deputación (comprobación material dos investimentos), o obxectivo de verificar o cumprimento da obrigación do encomendado, nos termos do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, complementado pola resolución de 25 de xullo de 2018, da Intervención Xeral da Administración do Estado BOE núm. 186 de 2 de agosto de 2018), no apartado de encargos a medios propios previstos no artigo 24.6 Real Decreto Lexislativo 32011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos del Sector Público, as Bases de execución do orzamento e a Circular da Intervención Provincial de data 12 de setembro de 2018, sobre recepción de investimentos.

5º.- Reiterar por derradeira vez a SUPLUSA a entrega das respectivas chaves no prazo improrrogable dos tres dás hábiles seguintes ao do recibo deste acordo, de forma que poidan realizarse as tarefas de comprobación referidas nos parágrafos anteriores de cara a toma de posesión do material do construído.

6º.- Ordenar ás seccións de patrimonio e inventario que procedan a inscrición dos respectivos bens."

Por resolución da Presidencia do 29/01/2019, incorporouse ao Inventario de Bens e Dereitos da Deputación Provincial, entre outros, o ben de servizo público identificalo como "Centro de atención a persoas maiores no Concello de Fonsagrada".

Por resolución de presidencia de 11 de marzo de 2019, impúlsase a inspección e comprobación material dos resultados do encargo, cos restantes particulares citados na resolución.

Respecto das cuestións do persoal contratado ou seleccionado e non contratado de Suplusa, constan emitidos sendos informes, en data 20 de setembro de 2018 (da Secretaria xeral por suplencia) e de 22/10/2018, do servizo de recursos humanos, que se tiveron presentes ao tempo de redactar os pregos e a tramitación do propio expediente contractual (ver apartado 1º precedente).

Doutra parte, en canto as competencias revisoras, está asentada a doutrina do Consello Consultivo de Galicia, en canto á inexistencia dunha propia relación de xerarquía entre os distintos órganos da Administración Local, de modo que a competencia para a revisión dos respectivos actos corresponde aos órganos que os ditaron: así se considerou, entre outros nos ditame CCG 886/2007, CCG 102/97. Tamén no ditame dese mesmo consello Consultivo de Galicia do 28 de agosto de 2014 (CCG 600/2014), no que precisa como cada órgano está perfectamente capacitado para coñecer as súas competencias, e polo tanto as súas incompetencias, sen que teña que ser outro órgano o que o determine.

O propio Prego de condicións establece cautelas en relación ao Comezo da prestación ( cláusula 21) e a unha eventual modificación prevista no propio prego reitor (cláusula 24), precisamente para canalizar eventuais incidencias en relación coa tramitación dos permisos de autorización, compatibilizándose coa necesaria eficacia administrativa e responder as necesidades da poboación.

Despois do trámite de audiencia concedido ao Concello de Fonsagrada, mediante escrito con Rexistro de Saída recíbese nesta entidade, por correo electrónico, certificado de resolución de Alcaldía coas alegacións (referidas con posterioridade nun oficio de alcaldía). As alegacións reflictidas na resolución da Alcaldía de Fonsagrada de 21/02/2019, teñen o seguinte contido:

(...)

“Antecedentes.

Protocolo de actuación para impulsar a apertura aos usuarios da rede intermunicipal de centros de atención a persoas maiores promovidos ou financiados pola Deputación Provincial asinado pola Deputación e o Concello en data 21 de marzo de 2018.

2. Convenio marco bilateral Deputación de Lugo-Concello de Fonsagrada, de data 20 de xuño de 2018.

3. Convenio específico Deputación de Lugo-Concello de Fonsagrada, de data 12 de decembro de 2018. [Por erro di 13 de decembro].

4. Boletín Oficial da Provincia de Lugo 278 de 4 de decembro de 2018, no que se publican:

- Ordenanza para o acceso ao servizo de atención residencial e servizo de atención diúrna no centro de atención a persoas maiores de A Fonsagrada.

- Ordenanza reguladora do prezo público pola presentación do servizo de atención residencial no centro de atención a persoas maiores do Concello de A Fonsagrada.

- Ordenanza reguladora do prezo público pola presentación do servizo de atención diúrna no centro de atención a persoas maiores do Concello de A Fonsagrada.

- Regulamento de réxime interno do centro de atención residencial do Concello de A Fonsagrada.

Fundamentos xurídicos.

O Convenio para a construción dun centro de atención á terceira idade no Concello, asinado o 27 de abril de 2011, outorgouse coa Deputación Provincial e está finalizado e extinguido.

SUPLUSA non ten a cualificación de medio propio da Deputación, segundo consta no acordo notificado ao Concello en data 20 de marzo de 2018.

SUPLUSA non pode prestar un servizo, nin realizar tarefas de ningunha orde de carácter contractual, a un Concello respecto do que non ten a condición de medio propio. Esa actuación materialmente contractual sería contaría as Directivas de contratación vixentes; ao artigo 32 e concordantes da LSCP, artigo 86 da Lei de réxime xurídico do sector público.

O Concello é o titular da competencia na prestación do servizo comunitario especifico do Centro de atención a maiores.

A cooperación cos concellos é unha competencia da Deputación provincial.

En virtude do principio de autonomía local recoñecido pola Constitución Española e pola Carta Europea de Autonomía Local, o Concello e a Deputación acordaron que a forma de xestión do CAM sexa directa.

O Réxime Xurídico establecido para a prestación de servizos a persoas maiores, exclúe que se utilicen na xestión entidades sometidas ao dereito privado. Optouse pola xestión directa por administracións públicas, con colaboración de empresarios privados, alí onde non chegaren medios propios desa administración (Concellos e Deputación).

Así se recolle no réxime xurídico regulador das prestacións a cidadanía no CAM-Fonsagrada.

Artigo 4 da Ordenanza para o acceso ao servizo.

Modalidade: Os servizos prestados nos centros de atención ás persoas maiores prestaranse mediante xestión directa. Esta prestación poderá realizarse a través de recursos propios, a través de colaboracións interadministrativas e mediante as diferentes modalidades de contratación de servizos reguladas na normativa vixente en materia de contratación do sector público, con entidades debidamente autorizadas, para tal fin.

Cláusula 4 do Convenio marco.

Prestación do servizo. Os servizos prestaranse directamente pola Deputación e os Concellos que se adhiran ao sistema, que exercerán tódalas funcións públicas, reservadas pola lexislación á gobernanza e á función pública, sen que o risco da prestación do servizo sexa asumido por empresas privadas ou entidades de titularidade pública pero suxeitas ao dereito privado (...).

Cláusula 13 do Convenio específico.

Contratos de servizos. 13.1. Os servizos prestaranse directamente pola Deputación de Lugo e o Concello, que exercerán tódalas funcións públicas, reservadas pola lexislación á gobernanza e á función pública, sen que o risco da prestación do servizo sexa asumido por empresas privadas ou entidades de titularidade pública pero suxeitas ao dereito privado (...)

Artigo 2 da Ordenanza reguladora do prezo público.

A participación da persoa usuaria no custo dos servizos terá a cualificación de prezo público, sendo o seu réxime xurídico o establecido na presente Ordenanza, así como no establecido polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas locais.

O réxime aplicable as contraprestacións pecuniarias que satisfán os usuarios pola prestación dos servizos dos CAM, efectuadas en réxime de dereito público, teñen a consideración de prezo público excluíndose a configuración como prestacións patrimoniais de carácter público non tributario, que sería o réxime aplicable se as prestacións fosen desenvoltas por unha personificación, aínda de capital público (como SUPLUSA) pero sometida ao dereito privado.

No propio Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, publicado na Plataforma de Contratos do Sector Público (cláusula primeira) se manifesta: Os actos que se diten en procedementos de adxudicación de contratos das administracións públicas que non reúnan os requisitos do artigo 44.1 da LCSP poderán ser obxecto de recurso de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Establece o artigo 44:

Artigo 44. Recurso especial en materia de contratación: actos recorribles.

a) Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, y de subministro y servizos, que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.

2. Poderán ser obxecto de recurso as seguintes actuacións:

a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.

En consecuencia, en canto que sexan actuacións susceptibles de recurso especial en materia de contratación, de conformidade co previsto no artigo 44.5 LCSP, están excluídos de interposición de recursos administrativos ordinarios.

Polo exposto, acordase: que se inadmita o citado recurso reposición".

(....)

Consideracións xurídico-administrativas

Consideración previa

O recurso de reposición, alude en distintos lugares ("*passim*") a encomenda de xestión é a un acordo do Pleno da Deputación de 26 de outubro de 2010. Esas manifestacións non se corresponden, no lote de A Fonsagrada, cos antecedentes administrativos, posto que o encargo a SUPLUSA efectuouse en virtude de un acordo da Xunta de Goberno do 29/04/2011, ratificando unha previa resolución presidencial do día 27 dese mesmo mes, que acouta o encargo a "construción" de residencia de terceira idade.

O convenio de colaboración dátase o 27 de abril e "nominalmente", como todos os outros convenios, intitúlase como "convenio para a construción e xestión de un centro de atención á terceira idade, no Concello de A Fonsagrada".

Obviamente, a expresión "xestión" do centro –en ausencia de todo réxime xurídico- é unha expresión carente de sustente administrativo.

Sobre a ausencia lexitimación de SUPLUSA para recorrer os acordos adoptados polo ente titular, do que ven sendo medio propio ata que perdeu esa condición.

Tomamos prestadas as reflexións e consideracións efectuadas no informe que rendeu o profesor da UDC, Don Carlos Amoedo Souto, datado o 18 de xuño de 2018:

“Ao noso entender, non cabe alegar a autonomía propia das sociedades mercantís como coartada para incumprir os propios estatutos, onde se establece con claridade a subordinación da actividade de SUPLUSA ás ordes ou mandatos obrigatorios emanados da súa entidade matriz, a Deputación de Lugo. Por seren mandatos obrigatorios, non cabe a impugnabilidade.

Sostense que, no caso de unha entidade matriz adoptar acordos en exercicio dos seus poderes de dirección, control ou tutela sobre o medio propio e instrumental, este carecería de lexitimación activa para impugnar tal acordo na xurisdición contencioso-administrativa, ao abeiro do artigo 20 c) da Lei xurisdicional.

Tal conclusión vese especialmente reforzada nos supostos en que eses poderes de direccion, control e tutela se manifestan precisamente sobre as encomendas ou encargos obrigatorios feitos ás entidades instrumentais que gozan da condición de medio propio, precisamente pola natureza xerárquica e interna da que gozan estes mandatos obrigatorios.

Polo demais, non cabe esquecer, para apuntalar esta conclusión, a proxeción de maiores controles sobre das Administracións territoriais sobre o seu correspondente sector público institucional constitúe unha das orientacións básicas marcadas polo artigo 81 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público.

O artigo 20.C da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa precisa:

“Non poden interpoñer recursos contencioso-administrativo contra a actividade dunha Administración Pública:

c) As Entidades de Dereito público que sexan dependentes ou estean vinculadas ao Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades locais, respecto da actividade da

Administración da que dependan. Exceptúanse aqueles a os que por Lei dotouse dun estatuto específico de autonomía respecto de dita Administración".

Sostense que as sociedades mercantís, de capital público, se atopan nesta situación de restrición da lexitimación para recorrer fronte a actividade administrativa no marco dunha relación de xerarquía, como ocorre cos encargos aos medios propios, nos que se fundamenta substancialmente o recurso de reposición. En efecto os encargos de natureza contractual nos termos previstos no Art. 26. 4 do Real decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro (TRLSP) pivota sobre a obriga de cumprir as ordes ( xerarquía e suxeición especial), así como a existencia de un control análogo ao que se poda exercer sobre os propios servizos. En sentido semellante, incluso reforzado, o artigo 32 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. As cuestións debatidas enmarcanse nunha relación xerárquica de supremacía especial[1]: ordenar e cumprir, controlar, unidade decisoria, decisións unilaterais que se impoñen (...).

A propia recorrente parece, indirectamente, recoñecer que carece de lexitimidade en tanto que tería actuado, como medio propio. Neste sentido, no propio escrito de recurso razoa que podería entenderse como que ("estaría comprendida en el ámbito de aplicación de la norma desde una perspectiva finalista o teleolóxica por constituír la sociedad un medio propio"), aínda que despois trata de asir argumentos no carácter de sociedade mercantil e na súa autonomía.

Nese argumentario, existe unha evidente "*contraditio in terminis*" , posto que de un lado fundamentan o recurso, en base a "encomenda de xestión" e doutro, postula a súa lexitimación na eventualidade de actuar con autonomía de decisión. Esa hipotética autonomía na que ancorar aquela eventual lexitimidade, está radicalmente oposta á encomenda contractual.

Precisamente os fundamentos ontolóxicos dos encargos a medios propios (excluíntes da normativa contractual) baséanse, como requisito necesario na existencia dun control, polo ente

---

1

"Comentarios integrales a la Ley de la jurisdicción contencioso Administrativa , Tomo II, páginas 508 e ss, editorial Bosch".

matriz (a Deputación), análogo ou semellante ao que se pode exercer sobre os seus propios servizos.

Para poder conferir "encomendas" han ser de execución obrigatoria, conforme a instrucións fixadas unilateralmente e cuxa retribución se fixa por referencia a tarifas aprobadas pola entidade pública da que dependen.

Unilateralidade, dependencia, obediencia, son termos enmarcados nun contexto xurídico, que impide a autonomía. Citase, neste sentido, o artigo 24.6 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes en materia contractual. En sentido semellante, incluso reforzado, o artigo 32 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

O acervo xurídico comunitario sobre o "*in house provinding*", impón unha interpretación restritiva deste tipo de relacións de tipo vertical. Un requisito elemental, ao tempo que esencial, para que non exista vínculo contractual, obedece a razóns de pura organización interna, a "potestade de autorganizacion". Desta sorte (asunto C-107-98,TECKAL), a personalidade xurídica diferenciada é meramente formal, pero non material: o poder adxudicador encomendante, debe exercer un control análogo ao que se exerce sobre os propios servizos.

En consecuencia, a inexistencia de lexitimación encaixa, non so na letra c) do artigo 20 da Lei de xurisdición contencioso-administrativa (Lei 29/1998, do 13 de xullo), senón analoxicamente (aínda que non é un órgano administrativo), na letra a) dese mesmo artigo, en tanto que esta forma de autoprovisión de servizos é froito da potestade de organización das administracións publicas. [2]

Efectivamente, ese artigo 20.a) da LXCA, exclúe tamén, a posibilidade de interpoñer recurso contencioso-administrativo aos órganos da mesma (salvo que unha lei o habilite). Obsérvase, a estes efectos, que recurso non se interpón por Don Manuel Martinez Núñez, a titulo individual ou de deputado, senón na súa calidade de presidente de SUPLUSA: ente que actuou

[2] Cfr, a doutrina representada pola STS de 27 de maio de 2002.

como medio propio da Deputación, ata que se declarou a perda desa condición, en base a cuxa organización xurídica se tería celebrado aquel convenio de 3 de maio de 2011.

Ítem mais, se nos centramos no carácter xurídico-privado de SUPLUSA, cabe fundamentar a falta de lexitimación en tanto que actúa en virtude da encomenda ( encargo construtivo) como axente ou mandatario da administración titular e tutelante, de modo subordinado (artigo 20.b da LXCA).[3]

En definitiva, as cuestións debatidas enmárcanse nunha relación xerárquica de supremacía especial: ordenar e cumprir, controlar, unidade decisoria, decisións unilaterais que se impoñen (...).

En coherencia con este fío argumental, podemos citar, a maiores:

A Sentencia 102/2003, do 29 de xaneiro, do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid (Rec.1721/1999), que inadmite recurso interposto por falta de lexitimidade do Canal de Isabel II, ao pretender impugnar unha liquidación tributaria xirada pola administración de tutela, a Comunidade Autónoma da que depende.

Diversas sentencias da Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, entre outras, a número 1009/2008, do 26 de decembro, que tamén inadmite, por falta de lexitimación das confrarías de pescadores, un recurso contra a Consellería de pesca, posto que aquelas están sometidas a tutela da Comunidade Autónoma, a través da Consellería de Pesca.

A Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León de Valladolid, en sentencias 1751/2002, do 29 de novembro, inadmite por falta de lexitimación un recurso do colexio de farmacéuticos, contra a administración sanitaria autonómica, posto que aínda que ese colexio non é un órgano da administración sanitaria, executa unha función por delegación da que a administración, contra a que recorre, é titular.

---

3

Cfr. STS de 17 de febreiro de 1998.

A sentenza 474/2013, do 27 de Xuño, da Sala Contencioso do TSX de Cataluña (Rec. 144/2011), que inadmite, por falta de lexitimación, un recurso interposto pola entidade pública empresarial (ADIF), contra a Dirección General de Costas do Ministerio de Medio Ambiente ao ser esta a administración da que depende aquela.

No mesmo sentido a Sentencia de 1 de marzo de 2010 (Rec. 1598/2007) da Sala do Contencioso da Audiencia Nacional, que tamén inadmite, por falta de lexitimación, unha reclamación de Renfe contra o Ministerio de Fomento, co argumento central da falta de lexitimación dos entes instrumentais para impugnar os actos ditados pola súa administración matriz.

Observamos, no caso analizado, como con SUPLUSA non se presenta unha cuestión de orde competencial ( Suplusa non é un órgano administrativo) senón un factor de orden instrumental, subordinación e obediencia, análoga a dun servizo; asimilable a unha orde ou instrución de servizo, das previstas actualmente no Artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.En último termo, non resultan de ningún modo aplicables as excepcións a esta doutrina xurisprudencial que se ven de expoñer, concentradas nas resolucións dos tribunais económico administrativo, os xurados de expropiación ou a Seguridade Social.

A parte recorrente non alega ningún interese xeral, externo a tutela inherente a condición que tivo de medio propio, reforzada no artigo 81 da Lei 40/2015 do 1 de outubro. Tutela funcional e de eficacia establecida claramente no dereito estatal (artigos 176 e 177 da Lei 33/2003 doPatrimonio das Administracións Publicas); mais, tamén no dereito autonómico (artigo 107 da Lei galega 16/2010). Tampouco en circunstancias, situacións ou posicións distintas as da relación vertical propia do encargo a medio propio personificado da lexislación contractual.

Tutela funcional e de eficacia, control análogo, potestade de autorganizacion, exclúen a lexitimación para impugnar acordos de colaboración interadministrativa (horizontal e público-público) entre a Deputación e un Concello, para atacar unha contratación administrativa baseada nese marco cooperativo establecido ao abeiro do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e mais xenericamente dos artigos 143 e 144 da Lei 40/2015 do 1 de outubro.

Podemos citar "*a fortiori*" seguindo, outra vez mais ao profesor Amoedo Souto, os mecanismos arbitrais establecidos na Disposición Adicional Única da Lei 11/2011, de modificación da Lei 60/2003, excluíntes dos sistemas xurisdicionais e, por extensión de recurso administrativo:

Así o indica o propio artigo 112.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento adminitrativo común.

Verbo da improcedencia do recurso de reposición

En canto ao recurso procedente contra o acordo recorridos en reposición, por SUPLUSA, debemos citar necesariamente o Artigo 44 da LCSP/2017, en cuxo apartado primeiro se precisa:

"Recurso especial en materia de contratación: actos recorribles.

1. Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación, os actos e decisións relacionados no apartado 2 de este mesmo artigo, cando se refiran aos seguintes contratos que pretendan concertar as Administracións Públicas ou as restantes entidades que ostenten a condición de poderes adxudicadores:

c) .... contratos de subministracións e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil de euros."

O paragrafo 2º, en canto as actuacións que poden ser obxecto de recurso (Art. 44.2), enumera, entre outros:

"Poderán ser obxecto do recurso as seguintes actuacións:

a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación."

O parágrafo 5º do mesmo artigo 44, indica que contra as actuacións mencionadas como susceptibles de ser impugnadas mediante recurso especial non procederá a interposición de recurso administrativo ordinario.

A iniciación do procedemento, o prazo para recorrer e a tramitación do recurso especial en materia de contratación, aparece regulado no artigo 50 e seguintes da propia Lei de Contratos do Sector Público (Lei 9/2017, do 8 de novembro).

O prego reitor da licitación, na cláusula primeira, en relación ao réxime xurídico da contratación, ocúpase no apartado 1.6, dos recursos nos seguintes termos:

Recursos.

En canto aos recursos debe estarse ao establecido no artigo 44 da LCSP, de modo que nos contratos de servizos de valor estimado superior a cen mil euros (apartado 1º do art. 44) cabe interpoñer recurso especial en materia de contratación, contra as actuacións indicadas no apartado 2º.

Contra as actuacións que caiba recurso especial en materia de contratación, non procederá a interposición de recursos administrativos ordinarios.

Os actos que se diten en procedementos de adxudicación de contratos das administracións públicas que non reúnan os requisitos do artigo 44.1 da LCSP poderán ser obxecto de recurso de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O recurso especial en materia de contratación interpoñerase ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con enderezo en https://tacgal.xunta.gal, dentro do prazo de quince días hábiles computados segundo o fixado no artigo 50 da LCSP.

O Tribunal ten a súa sede en Santiago de Compostela e está incluído no ámbito do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia para as funcións de rexistro que precise (situado no Edificio Administrativo San Caetano, en Santiago de Compostela).”

No cadro resumo da licitación, apartado “O”, precisase que é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

Tanto no DOUE como no anuncio de licitación, publicado na plataforma de contratos do sector público, recóllese información sobre a presentación de recursos, con referencia ao Tribunal administrativo de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia, concretando o enderezo electrónico, o postal e o correo electrónico.

O anuncio de licitación  remitiuse ao Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) o 19 de decembro de 2018, publicándose o 19/12/2018 e publicado na Plataforma de Contratos do Sector Público 22 de decembro de 2018.

Doutra parte, A Xunta de goberno, en sesión de 18 de xaneiro, detectado un erro material no prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, no procedemento de contratación que nos ocupa, aprobou a rectificación dese erro material, dando publicidade a rectificación con un novo anuncio na Plataforma de Contratos do Sector Público; deciden ampliar o prazo para a presentación de proposicións ata o 30 de xaneiro de 2019 ás 14:00 horas coa correlativa modificación de datas de apertura pública de ofertas.

Publicouse un novo anuncio na Plataforma de Contratos do Sector Público (18-01-2019) e no Diario Oficial da Unión Europea, en data 22/01/2019.

En consecuencia, o acordo da Xunta de Goberno de 14 de decembro de 2018, en tanto que aproba a contratación de prestacións a persoas maiores nos centros de atención (CAM) de Pol e Fonsagrada, na modalidade tramitación anticipada, o prego reitor, o procedemento de adxudicación, o orzamento base de licitación e o gasto, subsúmese directamente na actividade das actuacións relacionadas no artigo 44.2, letra a) da LCSP, en tanto conforman os pregos e os documentos contractuais que establecen as condicións que deban rexer a contratación.

Xa que logo, non cabe fronte a esas decisións recurso de reposición, como recurso administrativo ordinario, por canto é susceptible de recuso especial en materia de contratación e non é posible simultanear ambos (Art. 44.5 LCSP)

A determinación do artigo 44 da LCSP, resulta coherente co establecido xenéricamente no artigo 112.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, precepto "colocado" sistemáticamente na sección de principios xerais de recursos administrativos, en tanto que as leis poden substituír o recurso de alzada ou o de reposición, en supostos ou ámbitos sectoriais determinados, por outros procedementos de impugnación, reclamación etc ...

Cítanse doutrinalmente[4], como exemplos destes medios alternativos ou substitutivos de impugnación, as reclamacións ante o Consello de Transparencia e bo goberno, previsto con carácter potestativo no artigo 22 da LTBG, o recurso fronte ao Tribunal administrativo do Deporte, reclamacións ante a Secretaría do Consello para a Unidade de Mercado e, obviamente, o recurso especial en materia de contratación.

O Artigo 46 da LCSP concreta os órganos competentes para a resolución do recurso nas Comunidades Autónomas e entidades locais. Na comunidade autónoma de Galicia funciona o Tribunal Administrativo de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia, creado pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que deu comezo ao exercicio das súas funcións o 2 de abril de 2018 (Resolución do 1 de marzo publicada no DOG do 5 de marzo de 2018).

Tanto o recurso a interpoñer, como o Tribunal a que dirixise están precisados con claridade no prego de condicións e nos anuncios de licitación, publicado na plataforma de contratos e no propio DOUE: resulta de aplicación a doutrina fixada pola STS en sentenza 28-09-2010, en recurso de casación 6156/2008.

---

4

Comentarios a La ley 39/2015 de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas; el Consultor de los Ayuntamientos, 2017, páxina 670.

O prazo, de quince días hábiles, para interpoñer o recurso especial en materia de contratación compútase de conformidade co previsto no artigo 50.1 letra ) da LCSP, desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante (plataforma de contratos do sector público) sempre que resulten accesibles os pregos e restantes documentos contractuais: situación que se produciu a partires do día 22 de decembro de 2018. Aquel prazo está amplamente superado.

O recurso estaba perfectamente identificado, o órgano ao que dirixirse, isto é, un órgano administrativo colexiado e especializado, con independencia funcional no exercicio das súas funcións que desde logo non está integrado na administración provincial. Non é posible unha recualificación nos termos do artigo 115.2 da Lei 39/2015, do 1 do outubro atendendo a información proporcionada, a extemporaneidade, a opción tomada pola recorrente e a clara separación entre órganos da administración provincial e o Tribunal administrativo de recursos contractuais de Galicia.

Entre as causas de inadmisión aplicable aos distintos recursos administrativos (art 116 da Lei 39/2015 do 1 de outubro) e pola tanto tamén ao recurso potestativo de reposición, devandito precepto enumera as seguintes causas:

b) carecer de lexitimación o recorrente.

c) tratarse de un acto non susceptible de recurso: neste suposto do recurso de reposición ao existir outro medio de impugnación.

Competencia:

A competencia para resolver respecto do recurso de reposición corresponde ao mesmo órgano que pronunciou o acto impugnado ( art 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro).

O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional sinala que a emisión de informes cando así se estableza na lexislación sectorial é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Conclusións:

En base a conto antecede informase favorablemente a inadmisión do recurso de reposición mencionado no encabezamento por:

a) Carecer de lexitimación o recorrente.
b) Contra o acordo recorrido non cabe recurso de reposición, senón que cabería recurso especial en materia de contratación previsto no artigo 44 da LCSP.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito, ao que gustosamente nos sometemos.

Non obstante a Corporación decidirá.

(.....)

Visto canto antecede, elévase a Xunta de Goberno, a adopción do seguint acordo:

Inadmitir o recurso de reposición interposto por Don Manuel Martínez Núñez actuando, segundo manifesta, en calidade de Presidente de SUPLUSA, contra acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo de data 14 de decembro de 2018, relativo á contratación de prestacións a persoas maiores nos centros de atención a maiores de Pol e Fonsagrada; Lote 2, Fonsagrada".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DE OITO CONCERTOS UTILIZANDO OS INSTRUMENTOS DO CENTRO DE ARTESANÍA E DESEÑO PARA A POSTA EN VALOR E DIFUSIÓN DAS RÉPLICAS DE INSTRUMENTOS MEDIEVAIS DO CENTRAD.**

Logo de ver a proposta da presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe do servizo de Contratación e Fomento, no que se recollen as seguintes antecedentes e consideracións:

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder a contratación de oito concertos utilizando os instrumentos do centro de artesanía e deseño para a posta en valor e difusión das réplicas de instrumentos medievais do CENTRAD.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP  xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Excma. Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

O contrato definido ten a cualificación de contrato privado de servizos, de acordo co artigo 25 da LCSP ao conformar prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obtención de un resultado, distinto de unha obra ou un subministro, nos termos relacionados no apartado C do Cadro Resumo.

En canto os seus efectos e extinción, sen prexuízo do previsto neste prego, rexerase polas normas de dereito privado, sendo de aplicación a Lei 50/1980, de 8 de outubro, reguladora do

Contrato de Seguro, e calquera disposicións de dereito privado que resultaren aplicables nesta disciplina.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos económicos e técnicos que han de ser obxecto de negociación); criterios que figuran na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados por razóns de exclusividade, motivada polo feito de que a asociación LUCUS ENSEMBLE está formada por once instrumentistas e dous vocalistas que gozan dun prestixio gañado a pulso en cinco anos dende a súa existencia, son un dos principais referentes da música de cámara en toda a provincia de Lugo.

No informe emitido polo Coordinador e Xefe de Administración e Xestión Cultural, reflíctese o seguinte:

"Compre destacar, que a asociación LUCUS ENSEMBLE, está constituída como unha asociación sen ánimo de lucro, cuxa principal razón de ser é a de difusión da música de cámara, e dende o Centro de Artesanía e Deseño, creemos que sen as únicas persoas capacitadas para levar a cabo estes concertos debido a un encontro que tivemos no CENTRAD coa citada asociación e o responsable técnico da colección de instrumentos musicais (Luciano Pérez Díaz), no que se puido comprobar que eran o grupo referente capaz de afrontar os retos que presentan estes instrumentos non contemporáneos, por tratarse de réplicas do século XII e XIII e require de novas técnicas interpretativas, por outra parte esta asociación conta con compositores nas súas filas capaces de facer arranxos de música antiga e novas composicións para este tipo de instrumentos e unha vez que se lles

presentou os instrumentos decidiron que estaban capacitados para interpretalos e ofertar á Deputación de Lugo un proxecto de concertos, un estudo minucioso por parte dos músicos dos instrumentos, elaboración de nove arranxos musicais e produción técnica e gravación dos oito concertos, tratándose por todo isto de actuacións artísticas únicas."

Por todo o anteriormente exposto, entendemos que se trata de "actuacións artísticas únicas" e baseándose tanto no artigo 168 a) 2º da Lei 9/2017 da Lei de Contratos do Sector Público, como nos informes 41/96, de 22 de xullo de 1996 da Xunta Consultiva de Contratación do estado (no que expresamente se preguntaba polo procedemento de adxudicación de contratos que tivesen por obxecto "a contratación dun artista ou grupo artístico que aporta a súa labor creativa ao espectáculo") e o recente informe 8/2017, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón, (no que se preguntaba o procedemento a tramitar para adxudicar a contratación das orquestras das festas patronais) adoptado na súa sesión do día 21 de xuño de 2017 manifestáronse exactamente o mesmo criterio o cal é :"las razones artísticas son suficientes para considerar que sólo puede encomendarse el objeto del contrato a un único empresario, pues una interpretación contraria dejaría vacío de sentido el precepto u obligaría a una labor ímproba de determinar cuando una obra artística puede ser llevada a cabo o no por otro artista o empresario, introduciendo un elevado grado inseguridad jurídica".Nesas prestacións no é posible, por tanto, promover a concorrencia e aceptase o procedemento negociado sen publicidade como o procedemento de adxudicación máis acaído nese caso.

Por último, e dado que está directamente relacionado coa protección de dereitos exclusivos de propiedade intelectual e industrial, e o emprego do procedemento negociado sen publicidade regulado no artigo 168 da LCSP, citar tamén o Estudio jurídico sobre la condición de bienes incorporales de la producción en televisión (derechos intelectuales) a efectos de la aplicación de la normativa de contratos públicos (Gimeno Feliu, Jose María)(1), que na súa consideración terceira sinala:

"Por último, quedan por mencionar los supuestos en que se quieran adquirir unos derechos exclusivos sobre servicios donde existan derechos intelectuales que puedan ser objeto de explotación y no tienen carácter de propiedad incorporal. El artículo 168 LCSP habilita un procedimiento negociado sin publicidad cuando « las obras, los suministros o los servicios solo puedan ser

encomendados a un empresario determinado, por alguna de las siguientes razones: que el contrato tenga por objeto la creación o adquisición de una obra de arte o representación artística única no integrante del Patrimonio Histórico Español; que no exista competencia por razones técnicas; o que proceda la protección de derechos exclusivos, incluidos los derechos de propiedad intelectual e industrial». El elemento de derechos de propiedad intelectual es evidente siempre que se pretenda la relación con una Universidad Pública en la que se ponga como valor para la decisión de adquisición un elemento diferenciador «personalísim".

En determinados servicios audiovisuales, al margen de la propiedad incorporal, el poder adjudicador podrá utilizar este procedimiento. Y, aunque las cuantías fueran de un contrato menor, en una interpretación sistemática, resulta evidente que no funcionaría el límite cuantitativo global del artículo 118 LCSP, ya que no se aplica en los casos donde el "contratist", tiene derechos exclusivos, o razones técnicas o económicas (así lo indica el propio 118.3 al señalar, con relación a ese límite, que «quedan excluidos los supuestos encuadrados en el artículo 168 a) 2º".

Gimeno Feliu, José María "Estudio jurídico sobre la condición de bienes incorporales de la producción en televisión (derechos intelectuales) a efectos de la aplicación de la normativa de contratos públicos". Procedimientos de adjudicación", en Cuadernos de Derecho Local Nº 48 2018. Contratación publica

Neste sentido, enténdese de aplicación o artigo 11do Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre la materia, xa que o artigo 11 considera taxativamente os arranxos musicais como unha obra derivada, as cales tamén son obxecto de propiedade Intelectual, sen perxuizo dos dereitos de autor sobre a obra orixinal.

"Artículo 11 Obras derivadas

Sin perjuicio de los derechos de autor sobre la obra original, también son objeto de propiedad intelectual:

1.º Las traducciones y adaptaciones.

2.º Las revisiones, actualizaciones y anotaciones.

3.º Los compendios, resúmenes y extractos.

4.º Los arreglos musicales.

5.º Cualesquiera transformaciones de una obra literaria, artística o científica."

O contido da Propiedade Intelectual atopase integrada por dereitos de carácter persoal e patrimonial (artigo 2 LPI), os cales atribúen ao seu autor plena disposición dos mesmos, así como o dereito exclusivo de explotación da obra, dereito de explotación que corresponde exclusivamente o autor e atopamos desenvolto no artigo 17 da LPI; e en especial a reprodución, distribución, comunicación pública e transformación.

Motívase a non división por lotes, no feito de que, por razóns de exclusividade, motivada polo feito de que a asociación LUCUS ENSEMBLE está formada por once instrumentistas e dous vocalistas que gozan dun prestixio gañado a pulso en cinco anos dende a súa existencia, son un dos principais referentes da música de cámara en toda a provincia de Lugo, e así o xustifica no "Informe de non división en Lotes do contrato de oito concertos utilizando os instrumentos do centro de artesanía e deseño para a posta en valor e difusión das réplicas de instrumentos medievais do CENTRAD".

"Non procede a división en lotes da presente contratación en virtude do artigo 99.3 b) da Lei 9/2015 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, xa que por razóns artísticas e de exclusividade dende o punto de vista técnico a división en lotes dificultaría enormemente a execución do mesmo, xa que tanto o Lutier que estará en contacto directo cos artistas, así como os técnicos de son e iluminación son os elexidos pola agrupación de artistas e compositores, xa que son as persoas idóneas que poden entender e axudar aos mesmos para poder levar a cavo este complexo proxecto artístico, motivado polo feito de que a asociación LUCUS ENSEMBLE está formada por once instrumentistas e dous vocalistas que gozan dun prestixio gañado a pulso en cinco anos dende a súa existencia, son un dos principais referentes da música de cámara en toda a provincia de Lugo.

Polo cal, dende o Centro de Artesanía e Deseño, creemos que son as persoas idóneas para levar a cabo estes concertos debido a un encontro que tivemos no CENTRAD coa citada asociación e o responsable técnico da colección de instrumentos musicais, no que se puido comprobar que eran capaces de afrontar os retos que presentan estes instrumentos non contemporáneos por tratarse de réplicas do século XII e XIII e require de novas técnicas interpretativas, por outra parte esta asociación conta con compositores nas súas filas capaces de facer arranxos de música antiga e novas composicións para este tipo de instrumentos.

Por todo o anteriormente exposto, entendemos que se trata de "actuacións artísticas únicas" e baseándose tanto no artigo 168 a) 2º da Lei 9/2017 da Lei de Contratos do Sector Público, como nos informes 41/96, de 22 de xullo de 1996 da Xunta Consultiva de Contratación do estado (no que expresamente se preguntaba polo procedemento de adxudicación de contratos que tivesen por obxecto "a contratación dun artista ou grupo artístico que aporta a súa labor creativa ao espectáculo") e o recente informe 8/2017, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón, (no que se preguntaba o procedemento de adxudicar a contratación das orquestras das festas patronais) adoptado na súa sesión do día 21 de xuño de 2017 manifestáronse exactamente co mesmo criterio o cal é "las razones artísticas son suficientes para considerar que sólo puede encomendarse el objeto del contrato a un único empresario, pues una interpretación contraria dejaría vacío de sentido el precepto u obligaría a una labor ímproba de determinar cuando una obra artística puede ser llevada a cabo o no por otro artista o empresario, introduciendo un elevado grado inseguridad jurídica" non sendo posible, por tanto, promover a concorrencia e propoñendo o procedemento negociado sen publicidade como o procedemento de adxudicación máis acaído neste caso."

Considerando que, en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo de data 1 de marzo do 2019, cursouse convite con data 10 de marzo do 2019 á Asociación LUCUS ENSEMBLE, música de cámara, para presentar oferta. Visto que de conformidade coa minuta acta da mesa de contratación de data 22 de marzo do 2019, procedeuse á apertura e exame do sobre electrónico "A" da única empresa concorrente á licitación (documentación administrativa). Resultando que a Asociación LUCUS ENSEMBLE, música de cámara presenta a declaración responsable esixida nos pregos de cláusulas administrativas debidamente asinada axustándose en todo o seu contido aos requisitos esixidos no prego de

cláusulas administrativas, a mesa de contratación acorda admitir a proposta presentada. Acto seguido procédese á apertura da documentación contida no Sobre electrónico B do licitador concorrente, relativa á oferta técnica e económica, que segundo o establecido na cláusula décimo cuarta do prego de cláusulas administrativas, deberá incluír a seguinte documentación:

"Sobre B " Oferta técnica e económica"

Conterá as especificacións técnicas das prestacións a realizar de conformidade co previsto no prego de prescricións técnicas, e o Anexo III, relativo á oferta económica, debidamente cumprimentado. En caso de non presentarse oferta técnica xunto co Anexo III, entenderase que o licitador executará o contido estrito do prego de prescricións técnicas, que en todo caso ten a condición de mínimo.

Aqueles licitadores que se atopen exentos do Imposto sobre o Valor Engadido polas causas previstas na Lei reguladora de devandito imposto deberán presentar a documentación acreditativa desta circunstancia."

A Mesa de Contratación, comproba que a asociación LUCUS ENSEMBLE música de cámara, achega documento debidamente asinado contendo o anexo III (modelo da proposición económica), relativo aos criterios de adxudicación segundo o previsto na cláusula 12 do PCAP (Fase 1 do proceso de valoración de ofertas).

A oferta económica presentada pola empresa é a seguinte:

| Licitadores | Anexo III.Prezo | Puntuación | Oferta técnica (no es obligatoria) |
|---|---|---|---|
| LUCUS ENSEMBLE | 28.000,00 € | 0 puntos | Non Presenta |

Tras a apertura do sobre B, a Mesa de Contratación adopta os seguintes acordos:

Iniciar a rolda de negociación (Fase 2 do proceso de valoración de ofertas) de acordo co previsto na cláusula 12 e16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar

o pertinente convite á asociación LUCUS ENSEMBLE música de cámara. Con data 29 de marzo do 2019, reúnese novamente a Mesa de Contratación, tal e como consta na acta que obra no expediente, na que se da conta da proposta presentada pola mercantil LUCUS ENSEMBLE música de cámara, en relación aos criterios obxecto de negociación, os cales atópanse recollidos na cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas reitor do expediente de referencia (Fase 2 do proceso de valoración de ofertas), sendo estes os seguintes:

"Fase 2. Criterios de negociación: (ata un máximo de 30 puntos)

a) Incremento da duración dos concertos, estando establecida a duración mínima dos mesmos en 70 minutos. (ata un máximo de 10 puntos).

Puntuarase a o incremento da duración das actuacións de acordo co seguinte baremo:

-Un incremento de 10 minutos sobre a duración mínima.2,5 puntos.

-Un incremento de 20 minutos sobre a duración mínima.7,5 puntos.

-Un incremento de 30 minutos sobre a duración mínima.10 puntos.

b) Explicación informativa e previa sobre os instrumentos do CENTRAD utilizados en cada un dos concertos. (10 puntos).

SI ou NON (Marcar cun aspa a opción escollida) oferto unha sesión informativa e previa a cada concerto sobre os instrumentos do CENTRAD utilizados en cada un dos concertos e sen custe para a Administración contratante. (10 puntos).

c) Difusión do proxecto e concertos na propias redes do grupo. (10 puntos).

SI ou NON (Marcar cun aspa a opción escollida) oferto realizar difusión do proxecto e concertos na propias redes do grupo sen custe para a Administración contratante. (10 puntos)."

Tras cursarse polo Servizo de Contratación o oportuno convite , a asociación LUCUS ENSEMBLE, música de cámara, presenta a seguinte oferta:

| | A)Incremento, sen custe para a Administración contratante, a duración dos 8 concertos, previstos inicialmente cunha duración de 70 minutos por actuación. | B)Incorporar sesión informativa e previa a cada concerto sobre os instrumentos do CENTRAD utilizados en cada un dos concertos e sen custe para a Administración contratante. | C)Difusión do proxecto e concertos na propias redes do grupo sen custe para a Administración contratante |
|---|---|---|---|
| LUCUS ENSEMBLE, MÚSICA DE CÁMARA | Oferta 10 minutos a maiores por concerto. | SI | SI |

A suma das puntuacións obtidas polo licitador no proceso de valoración (Fase 1 e Fase 2) resúmese na seguinte táboa:

| Licitador | Puntuación Fase 1 (criterios de Adxudicación) | Puntuación Fase 2 (criterios de Negociación) | Total |
|---|---|---|---|
| LUCUS ENSEMBLE, MÚSICA DE CÁMARA. | 0 puntos | 2,5+10+10= 22,50 puntos | 22,50 puntos |

Rematados os cálculos para a obtención das puntuacións totais no, a mesa de contratación, considerando que a proposta da única empresa concorrente se axusta aos requisitos mínimos esixidos nos pregos de cláusulas administrativas acorda, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación

| Nº Orde | Licitador | Puntuación Acadada |
|---|---|---|
| 1 | LUCUS ENSEMBLE, MÚSICA DE CÁMARA. | 22,50 puntos |

Requirir á empresa LUCUS ENSEMBLE, MÚSICA DE CÁMARA, único licitador concorrente no expediente de contratación, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas."

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o

órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Polo que vai dito, e en base ao establecido no artigo 150.2 da LCSP e na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, proponse que polo Sr. Presidente da Excma. Deputación de Lugo se acepte a proposta feita pola mesa de contratación con data 22 de febreiro do 2018 e consecuentemente se adopte a seguinte resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación

| Nº Orde | Licitador | Puntuación acadada |
|---|---|---|
| 1 | LUCUS ENSEMBLE, MÚSICA DE CÁMARA. | 22,50 puntos |

Requirir á empresa LUCUS ENSEMBLE, MÚSICA DE CÁMARA, único licitador concorrente no expediente de contratación, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Por resolución da Presidencia de data 02 de abril de 2019, clasificouse ao único licitador presentado, atendendo ao orde de importancia e ponderación e acordouse requirir a asociación LUCUS ENSEMBLE, MÚSICA DE CÁMARA, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

O día 3 de abril de 2019, materializouse o requirimento á asociación LUCUS ENSEMBLE, MÚSICA DE CÁMARA, da documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e a cláusula décimo sétima do PCAP. En base á amentada resolución, o Servizo de Contratación e Fomento cursou o pertinente requirimento.

A asociación LUCUS ENSEMBLE, MÚSICA DE CÁMARA, atendeu en tempo e forma o día 03 de abril de 2019 o requirimento de documentación administrativa efectuado.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas e á adxudicación. Nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo, en aplicación do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011), de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018."

Polo que vai dito e en base ao mesmo, e tendo en conta que a Asociación LUCUS ENSEMBLE, MÚSICA DE CÁMARA, aportou a documentación administrativa requirida dentro dos prazos outorgados ao efecto, proponse, que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º**.- Adxudicar á Asociación LUCUS ENSEMBLE,MÚSICA DE CÁMARA a contratación de oito concertos utilizando os instrumentos do centro de artesanía e deseño para a posta en valor e difusión das réplicas de instrumentos medievais do CENTRAD.

**2º**.- O prazo de duración/execución do contrato estenderase desde a data na que se inicie a prestación do servizo ata o 31 de decembro de 2019. Este prazo empezará a contar, desde o día seguinte no que se proceda á sinatura da acta de inicio da prestación do servizo, ou no seu defecto, desde o día seguinte á formalización do correspondente contrato. As prestacións obxecto do contrato

segundo o previsto no PPT celebraranse neste iter temporal. No caso de que a totalidade de actuacións musicais se realicen antes da finalización de dita data, o contrato rematará na data en que se realice o último concerto.

**3º**.- O contrato adxudícase por importe de 28.000 euros, IVE exento e coas seguintes melloras ofertadas para cada un dos concertos a realizar.

| | A)Incremento, sen custe para a Administración contratante, a duración dos 8 concertos, previstos inicialmente cunha duración de 70 minutos por actuación. | B)Incorporar sesión informativa e previa a cada concerto sobre os instrumentos do CENTRAD utilizados en cada un dos concertos e sen custe para a Administración contratante. | C)Difusión do proxecto e concertos na propias redes do grupo sen custe para a Administración contratante. |
|---|---|---|---|
| LUCUS ENSEMBLE, MÚSICA DE CÁMARA | Oferta 10 minutos a maiores por concerto. | SI | SI |

**4º**.- Constitúen condicións especiais de execución ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, en cumprimento do artigo 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do prego de cláusulas administrativas particulares.

- O cumprimento cos medios materiais e persoais mínimos adscritos á execución do obxecto do contrato e recollidos no PPT (cláusula sétima deste prego de condicións.).

-O estricto cumprimento por parte da empresa que resulte adxudicataria polas determinacións da administración contratante en canto ao lugar, data e hora a celebrar os concertos, sendo estas variables definidas pola Deputación Provincial de Lugo, tendo en conta que o límite temporal da vixencia do contrato é o 31.12.2019.

- O cumprimento pola empresa adxudicataria do deber de presentar xunto coa factura, unha declaración responsable de ter aboado os salarios aos traballadores adscritos á execución do contrato e declaración responsable de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

-O deber de acreditar o adxudicatario, o cumprimento das obrigas tributarias coa seguridade social e salariais en canto ao persoal adscrito á execución do contrato, isto é, que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato, a cuxo fin debe aportar unha vez finalizados os 8

concertos programados, unha declaración responsable de cumprir con todas e cada unha destas obrigas. A administración, resérvase a facultade de solicitar os TC1/TC2 ,as nóminas dese persoal e a transferencia bancaria, como medio complementario de acreditar o seu pagamento

- Remitir ao Centro de Artesanía e Deseño (CENTRAD), antes de comezar a executar as prestacións do contrato, a cadea de mando da empresa e designar nomeadamente a un interlocutor coa Deputación Provincial de Lugo

**5º**.- Publicar no perfil do contratante e notificar ao licitador, a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP

**6º**.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale no anuncio de adxudicación, e que terá lugar dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 4.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DE PRESTACIÓNS A PERSOAS MAIORES NOS CENTROS DE ATENCIÓN DE POL E A FONSAGRADA. LOTE 2: CAM A FONSAGRADA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe do servizo de Contratación e Fomento de data 4 de abril de 2019, no que se recollen as seguintes consideracións:

Consideracións Xurídico-Administrativas.

Incoouse expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación de prestacións determinadas na cláusula 2.1 do PCAP e 4 do PPT, a executar nos centros de atención a persoas maiores de Pol e A Fonsagrada.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu artigo 4.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

O contrato definido ten a cualificación de contrato de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP, ao conformar o seu obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración. Os pregos de condicións, elaborados para disciplinar a licitación e o contrato, recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Relacionan, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Os contratos dimanantes deste procedemento adxudícanse mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, conforme aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e consonte coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta, de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP (criterios que figuran na cláusula 12 prego de cláusulas administrativas). A presente contratación está suxeita a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 22 da LCSP, desenvolto, nas contías, pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos, a efectos da contratación do sector público, a partir do 1 de xaneiro de 2018; e ademais é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado superior a 100.000 euros (art. 44.1 da LCSP). De conformidade co contido da Acta correspondente á sesión da mesa de contratación do 8 de febreiro do 2019: (…)

"Deuse conta, que finalizado o prazo de presentación das ofertas se comproba que concorren catro licitadores ao procedemento de contratación, dos cales dous constan presentados fora de prazo, segundo a información que obra na plataforma.




Infórmase á Mesa de Contratación que ante esta incidencia detectada con anterioridade á celebración da Mesa de Contratación, enviouse un correo ao servizo de soporte da plataforma, no que se lle pregunta sobre esta circunstancia, ao non entender como pode ser que o sistema deixe presentar unha oferta máis alá da data fin configurada, e se este feito pode ser debido a un problema puntual da plataforma.

El 2019-01-31 12:49, Licitación Electrónica Organismos escribió:

Buenos días,

Si por algo se caracteriza la plataforma es por la fiabilidad del sello de tiempo que es la base de todo.

Por otro lado, si la herramienta está abierta en el momento que acaba la fecha, el licitador puede presentar fuera de plazo. La herramienta abierta no debe evitar que ningún licitador presente su oferta.

Lo que no puede ocurrir es que abran la herramienta fuera de plazo, por lo que no podrían presentar.

Saludos.

Plataforma de Contratación del Sector Público.

#Operador7#

De: nfarina [mailto:nfarina@deputacionlugo.org]
Enviado el: miércoles, 30 de enero de 2019 14:46
Para: Licitación Electrónica Organismos; Licitación Electrónica Organismos
CC: José Domingo Rodríguez Ferreira
Asunto:

Buenos días,

Hoy finalizaba, a las 14:00, el plazo de presentación de ofertas para el expediente. Si vamos a la pestaña de licitadores, vemos que hay una oferta presentada con fecha de hoy y hora 14:01. ¿Cómo es posible que se haya presentado esta oferta si el plazo acababa a las 14:00? ¿Se puede considerar que está igualmente dentro de plazo? ¿Hay algun sello de tiempo fiable adicional que nos diga que está en plazo?

Datos de la licitacion:

> Organo de contratacion: Junta de Gobierno de la Diputación Provincial de Lugo
> Contratación de las prestaciones determinadas en la cláusula 2.1 del PCAP y 4 del PPT, a ejecutar en los Centros de Atención a personas mayores (CAM) de Pol y Fonsagrada.
>
> Licitador: Troncoso Casares, S.L - 30-01-2019 14:01

Saludos

Vista a resposta dada polo servizo oficial de soporte da plataforma, conclúese o seguinte:

Dende a web da plataforma, https:// contrataciondelestado.es, ao acceder a un expediente de licitación en concreto, o posible licitador só poderá descargar a aplicación para preparar e presentar ofertas antes de que finalice o prazo de envío.

Unha vez descargada esta aplicación, o licitador execútaa cando queira e no seu equipo local. Non hai ningún tipo de comunicación coa plataforma neste proceso, nin durante a preparación dos sobres nin durante a incorporación dos documentos. Todo este proceso execútase no equipo persoal do licitador, polo que calquera traza de actividade queda rexistrada no equipo do licitador e non na plataforma de contratos.

Ao pulsar o botón de enviar oferta é cando se volve a conectar coa plataforma de contratos do sector público, asinando esta con selo de tempo recoñecido a presentación da proposta. Esta firma, con este selado de tempo é o que mostra a plataforma como data e hora de presentación.

Tendo en conta o antedito, a mesa decide abrir igualmente os sobres administrativos, para ver se a información contida nos mesmos aporta unha maior información que permita determinar o sucedido e clarificar as empresas presentadas para cada un dos lotes ,sendo o resultado o seguinte:

Empresas concorrentes:

Lote I: Centro de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Pol.

| Licitadores |
|---|
| 1.-Asociación Edad Dorada Mensajeros de La Paz C-LM-Galicia |
| 2.-Troncoso Casares, S.L. |
| 3.-Alalas, S.L. |

Lote 2: Centro de Atención a Persoas Maiores (CAM) de A Fonsagrada.

| Licitadores |
|---|
| 1.-Alalas, S.L. |
| 2.-As Rodas Vivenda Comunitaria, S.L. |
| 3.-Troncoso Casares, S.L. |

Aperturados os sobres administrativos, apreciase o seguinte con respecto ás ofertas dos licitadores Alalas SL e Troncoso Casaraes SL:

Empresa Alalas SL. se presenta ao Lote 1 e Lote 2.

O sistema indica que a oferta se presentou fóra de prazo, ás 14:54 (o prazo terminaba ás 14:00).

Ao acceder ao contido da proposta, vemos que efectivamente o sistema indica que foi presentada fóra de prazo e o xustificante de entrega así o confirma, con selado de tempo con hora:

SELLO DE TIEMPO Fecha Wed, 30 Jan 2019 14:56:47:397 CET N.Serie 85470373789926229271498695258678544768 Autoridad 4: C=ES,O=FÁBRICA NACIONAL DE MONEDA Y TIMBRE-REAL CASA DE LA MONEDA,OU=CERES,2.5.4.97=VATES-Q2826004J,CN=AUTORIDAD DE SELLADO DE TIEMPO FNMT-RCM - TSU 2016

Ao acceder aos documentos que conteñen o sobre, vemos que a plataforma indica o momento en que se validou a firma (non o momento da firma). Analizando os informes de firma (XML), vemos que o sistema verifica que a firma é correcta e que a data de firma do documento é:

Autorizaciones: xades:SigningTime>2019-01-0T13:57:20+01:00</xades:SigningTime>
Anexo 1:<xades:SigningTime>2019-01-28T13:09:39+01:00</xades:SigningTime>
DEUC: <xades:SigningTime>2019-01-28T13:11:39+01:00</xades:SigningTime>




Empresa Troncoso Casares SL. Se presenta ao Lote 1 e Lote 2.

O sistema indica que a oferta se presentou fóra de prazo, ás 14:01 (o prazo terminaba ás 14:00).

Ao acceder ao contido da proposta, vemos diferentes erros: ou problemas coa firma electrónica e coa integridade da oferta. Revisando os erros parece que o sistema non é capaz de determinar a integridade do documento, isto é que a firma se corresponda coa dese documento e non con outro."






O sistema indica que foi presentada fóra de prazo e o xustificante de entrega así o confirma, con selado de tempo con hora:

SELLO DE TIEMPO Fecha Wed, 30 Jan 2019 14:02:20:902 CET N.Serie 119906993572222626445167445287505882599 Autoridad 4: C=ES,O=FÁBRICA NACIONAL DE MONEDA Y TIMBRE-REAL CASA DE LA MONEDA,OU=CERES,2.5.4.97=VATES-Q2826004J,CN=AUTORIDAD DE SELLADO DE TIEMPO FNMT-RCM - TSU 2016

Nembargante, a data de selado pon 14:02 fronte ao 14:01 da plataforma.

Ao acceder aos documentos que conteñen o sobre, vemos que a plataforma indica o momento en que se validou a firma (non o momento da firma). Analizando o informe de firma (xml), vemos que o sistema verifica que a firma é correcta e que a data de firma do documento é:

Autorizaciones: <xades:SigningTime>2019-01-30T14:00:32+01:00</xades:SigningTime>
Anexo 1: <xades:SigningTime>2019-01-30T13:45:33+01:00</xades:SigningTime>

Tamén observamos que o primeiro destes documentos foron asinados repetidas veces polo mesmo certificado, como se houbese varios intentos.

Despois deste análise da situación e das aclaracións feitas neste sentido por don Nicolás Fariña Verea, Adxunto Xefe do Servizo de Comunicacións e TICs, e vistas as incidencias anteriormente comentadas, acórdase por unanimidade dos asistentes da Mesa de Contratación: "Solicitar informe ao Servizo Técnico da Plataforma de Contratos do Sector Publico para que aclare os extremos que se mencionan a continuación e dar conta na vindeira Mesa de Contratación que se convoque, da contestación do Ministerio e do resultado da supervisión realizado polo servizo de Contratación e Fomento da documentación administrativa presentada polas empresas aceptadas ao procedemento".

Os puntos a propoñer para a súa aclaración, de ser posible, ao Servizo Técnico da Plataforma de Contratos do Sector Publico serían os seguintes:

Se aclare si los documentos que se firman a través de la plataforma llevan sellado de tiempo oficial y verificable independiente del de presentación de oferta y, de ser así, si la hora se toma de un organismo oficial reconocido y no del propio equipo del licitador y si existe alguna herramienta para verificarlo.

Se aclare el fallo de integridad y de firma que muestra el sistema ante la propuesta del licitador Troncoso Casares SL. ¿A qué se debe este fallo? ¿Es subsanable?.

Por último, se solicita un informe técnico sobre si hubo algún tipo de indisponibilidad, incidencias o mal funcionamiento de la Plataforma de Contratos del Sector Público el día 30 de enero de 2019 entre las 12:00 y las 15:00 horas, que pudiese haber provocado los problemas anteriormente descritos.

(...)”

De conformidade co recollido na minuta da Acta da mesa de contratación celebrada o día 1 de marzo de 2019:

“(...)

Deuse conta pola Presidencia do informe sobre as incidencias na presentación de ofertas, que se transcribe a continuación:

“Informe do Servizo de Contratación e Fomento:

Asunto: Incidencias producidas con ocasión de proposicións na licitación convocada pola Deputación de Lugo e identificada co número de procedemento:

Contratación de prestacións determinadas na cláusula 2.1 do PCAP e no do PPT, a executar nos CAM de Pol e A Fonsagrada.

Lote 1-Pol
Lote 2-A Fonsagrada

O expediente tramitouse na súa totalidade a través da plataforma de contratación do sector público, conforme ao previsto nas disposicións adicionais 15ª e 16ª da LCSP, e a doutrina dos tribunais de contratación, respecto da aplicación destas licitación e as graves consecuencias da súa aplicación.

O propio prego de cláusulas administrativas, na cláusula décimo-primeira, efectúa determinacións sobre o emprego de medios electrónicos e instrucións para a presentación de ofertas (cláusula 11ª).

Por acordo da Xunta de Goberno, en sesión que tivo lugar na data do 18 de xaneiro de 2019, aprobárase a rectificación dun erro material de transcrición, así como a ampliación do prazo

para a presentación de proposicións ata o dia 30 de xaneiro de 2019 ás 14:00 horas, coa correlativa modificación das datas de apertura pública das ofertas

En efecto na plataforma de contratos do sector público, https://contrataciondelestado.es, consta un apartado de información que di:

<<Fecha fin de presentación de oferta 30/01/2019 14:00

O mesmo que no anuncio do Diario Oficial de la Unión Europea, 2018/S 247-571007:

http://ted.europa.eu/udl?uri=TED:NOTICE:32226-019:HTML:ES:HTML&tabId=1&tabLang=es




En definitiva, esta información era pública e coñecida, en condicións de igualdade por todos os licitadores, que ademais viron ampliado o prazo para presentar ofertas. Ningunha proposición se tiña presentado antes da ampliación dese prazo.

Na data do 15 de febreiro celebrouse mesa de contratación para proceder, inicialmente, a apertura de documentación xeral (sobre electrónico A) e, de ser o caso, apertura do sobre electrónico (B), referente aos criterios suxeitos a xuízos de valor.

Con ocasión do acceso ao sistema é a apertura da documentación xeral, detectouse o seguinte:

Dous licitadores, presentaron as súas respectivas proposicións fora do prazo previsto, na data do 30 de xaneiro ás 14:54 e ás 14:01. O prazo previsto remataba ás 14:00 horas dese día 30.

A plataforma reflectía na información accesible, nese trámite e mesmo no aviso enviado ao correo electrónico de contratación,  que ditas proposicións estaban presentadas fora de prazo.

Empresa Alalas SL. Se presenta ao Lote 1 e Lote 2.

O sistema indica que a oferta se presentou fóra de prazo, ás 14:54 (o prazo terminaba ás 14:00).

Ao acceder ao contido da proposta, vemos que efectivamente o sistema indica que foi presentada fóra de prazo e o xustificante de entrega así o confirma, con selado de tempo con hora:

SELLO DE TIEMPO Fecha Wed, 30 Jan 2019 14:56:47:397 CET N.Serie 85470373789926229271498695258678544768 Autoridad 4: C=ES,O=FÁBRICA NACIONAL DE MONEDA Y TIMBRE-REAL CASA DE LA MONEDA,OU=CERES,2.5.4.97=VATES-Q2826004J,CN=AUTORIDAD DE SELLADO DE TIEMPO FNMT-RCM - TSU 2016

Ao acceder aos documentos que conteñen o sobre, vemos que a plataforma indica o momento en que se validou a firma (non o momento da firma). Analizando os informes de firma (xml), vemos que o sistema verifica que a firma é correcta e que a data de firma do documento é:

Autorizaciones: xades:SigningTime>2019-01-0T13:57:20+01:00</xades:SigningTime>
Anexo 1:<xades:SigningTime>2019-01-28T13:09:39+01:00</xades:SigningTime>
DEUC: <xades:SigningTime>2019-01-28T13:11:39+01:00</xades:SigningTime>




Empresa Troncoso Casares SL. Se presenta ao Lote 1 e Lote 2.

O sistema indica que a oferta se presentou fóra de prazo, ás 14:01 (o prazo terminaba ás 14:00). Ao acceder ao contido da proposta, vemos diferentes erros: ou problemas coa firma electrónica e coa integridade da oferta. Revisando os erros parece que o sistema non é capaz de determinar a integridade do documento, isto é que a firma se corresponda coa dese documento e non con outro. O sistema indica que foi presentada fóra de prazo e o xustificante de entrega así o confirma, con selado de tempo con hora:

SELLO DE TIEMPO Fecha Wed, 30 Jan 2019 14:02:20:902 CET N.Serie 119906993572222626445167445287505882599 Autoridad 4: C=ES,O=FÁBRICA NACIONAL DE MONEDA Y TIMBRE-REAL CASA DE LA MONEDA,OU=CERES,2.5.4.97=VATES-Q2826004J,CN=AUTORIDAD DE SELLADO DE TIEMPO FNMT-RCM - TSU 2016

Nembargante, a data de selado pon 14:02 fronte ao 14:01 da plataforma.

Ao acceder aos documentos que conteñen o sobre, vemos que a plataforma indica o momento en que se validou a firma (non o momento da firma). Analizando o informe de firma (xml), vemos que o sistema verifica que a firma é correcta e que a data de firma do documento é:

Autorizaciones: <xades:SigningTime>2019-01-30T14:00:32+01:00</xades:SigningTime>
Anexo 1:<xades:SigningTime>2019-01-30T13:45:33+01:00</xades:SigningTime>






Non obstante en mesa de contratación, logo da apertura e deliberación, decidiu evacuar consultas á plataforma de contratación do sector público.

Na data 12/02/2019 efectuouse oficialmente consulta á plataforma de contratos do sector público, mediante escrito dirixido á subdirección xeral de coordinación da contratación electrónica. O contido do escrito consta incorporado ao expediente.

A seguir reprodúcese, coa súa tradución (salvo erro) ao galego (.....)

De: contratación@deputacionlugo.org ⌈mailto:contratacion2deputacionlugo.org⌋
Enviado o: martes, 12 de febreiro de 2019 20:52

Para: Licitación Electrónica Organismos
Asunto: Solicitude informe aclaración incidencias presentación ofertas

Boas tardes,
Xuntamos solicitude de informe técnico relativo a Plataforma de Contratos do Sector Público, solicitando pola mesa de contratación constituída na Deputación de Lugo o pasado día 08 de xaneiro de 2019, con ocasión da apertura do sobre de documentación administrativa: Contratación das prestacións determinadas na cláusula 2.1 PCAP e 4 do PPT, a executar nos centros de Atención a persoas maiores (CAM) de Pol e Fonsagrada, relativo as incidencias detectadas na presentación de ofertas e apertura de sobres.
Xuntamos solicitude do informe técnico remitido pola Mesa de Contratación e informe técnico realizado polo Servizo de Novas Tecnoloxías en base aos correos intercambiados.
Un saúdo.

“”

Data: 12/02/2019
Orixe: Mesa de Contratación da Deputación de Lugo
Destinatario: Ministerio de Facenda
Dirección Xeral de Patrimonio do Estado
Subdirección Xeral de Coordinación da Contratación Electrónica.
Asunto: Presentación de ofertas

Solicitude de informe:

O pasado venres día 8 de xaneiro de 2019, reunida a mesa de contratación constituída na Deputación de Lugo con ocasión da apertura do sobre da documentación administrativa da licitación: Contratación das prestacións determinadas na cláusula 2.1 do PCAP e 4 do PPT, a executar nos Centros de Atención a persoas maiores (CAM) de Pol e Fonsagrada, ante as incidencias detectadas en dito procedemento, a mesa acorda solicitar un informe ó Ministerio responsable da plataforma co fin de aclarar o ocorrido. A continuación resúmese o acontecido e as incidencias detectadas.

O referido expediente de licitación tramitouse na súa totalidade a través da Plataforma de contratación do Sector Publico (https://contrataciondelestado.es), determinándose que o prazo de presentación de propostas finalizaba o 30 de xaneiro de 2019 as 14:00. Unha vez rematado o prazo,

comprobase que catro (4) empresas presentaron propostas pero que dúas (2) delas figuran fora de prazo (tal e como se mostra na seguinte imaxe):




Na imaxe anterior pódese comprobar que dous dos catro licitadores, Alalas S.L. e Troncoso Carrera S.L., presentaron as ofertas o día 30 de xaneiro as 14:54 e as 14:01 respectivamente, polo tanto máis tarde da fecha máxima prevista.

Remitida consulta a través do correo de soporte a plataforma (licitacionEorganismos@hacienda.gob.es) ao respecto desta circunstancia, indicase que o sistema utiliza un selado de tempo para garantir a data na que se reciben as ofertas, pero que non limita que si o licitador ten aberta a aplicación de preparación de ofertas non poda remitilas a pesar que xa finalizara o prazo. Púxose en coñecemento da mesa de contratación estes antecedentes, decidindo abrir igualmente o sobre administrativo co fin de obter a maior información posible para poder pescudar as circunstancias de cada presentación.

Unha vez abertos todos os sobres detéctanse as seguintes incidencias adicionais:

Observase que a sinatura electrónica dos documentos que compoñen o sobre administrativo, se se accede o ficheiro XML da sinatura dos mesmos, é en moitos casos anterior a data final de presentación da oferta.

Licitador Alalas, SL.

Autorizacións:<xades:SigningTime>2019-01-0T13:57:20+01:00</xades:SigningTime>

Anexo 1: <xades:SigningTime>2019-01-28T13:09+01:00</xades:SigningTime>

DEUC: <xades:SigningTime>2019-01-28T13:11:39+01:00</xades:SigningTime>

Licitador Troncoso Casares SL.

Autorizacións: <xades:SigningTime>2019-01-30T14:00:32+01:00</xades:SigningTime>

Anexo 1: <xades:SigningTime>2019-01-30T13:45:33+01:00</xades:SigningTime>

Observase que ademais de fora de prazo a oferta presentada por Troncoso Casares SL, da problemas de sinatura e de integridade.




Ademais ao comprobar as sinaturas dos documentos da empresa Troncoso Casares SL, observase que asinároronse repetidas veces, como si tiveran problemas para asinalo.






Vistas as incidencias anteriormente comentadas, solicitase un informe por parte do servizo técnico da Plataforma de Contratos do Sector Público no que:

Se aclare se os documentos que se asinan a través da plataforma levan selado de tempo oficial e verificable independentemente do de presentación da oferta e, de ser así, se a hora tomase dun organismo oficial recoñecido e non do propio equipo do licitador e se existe algunha ferramenta para verificalo.

Se aclare se o fallo de integridade e de sinatura que mostra o sistema ante a proposta do licitador Troncoso Casares SL. ¿A que se debe ese fallo?¿É emendable?

Por último, solicitase un informe técnico sobre se houbo algún tipo de indispoñibilidade, incidencias ou mal funcionamento da Plataforma de Contratos do Sector Público o día 30 de xaneiro de 2019 entre as 12:00 e as 15:00 horas, que puidese provocar os problemas anteriormente descritos.

Polo anteriormente exposto interesase a emisión do devandito informe, a maior brevidade posible e, a ser posible nun prazo non superior a tres (3) días.

En Lugo,
Manuel Angel Jove Losada
Presidente da Mesa de Contratación
Xefe do Servizo de Contratación e Fomento. “”

(......)

Na data do 25/02/2019, recíbese por correo electrónico a resposta que consta incorporada ao expediente e que se transcribe. Traducida ao galego, nos seguintes termos:

Asunto: Solicitude informe aclaración de incidencias presentación de ofertas
Data: 2019-02–25 14:58
De: Licitación Electrónica Organismos
<licitaciónEorganismos@hacienda.gob.es>
Destinatario: “cotratacion@deputacionlugo.org”
<contratacion@deputacionlugo.org>

Bos días

Aclaramos as cuestións suscitadas no seu escrito en relación co funcionamento dos nosos servizos de Licitación Electrónica.

En primeiro lugar, confirmamoslle que a Plataforma de Contratación do Sector Público permite que se presenten ofertas fora de prazo, sempre que a Ferramenta de Preparación e Presentación de Ofertas fora descargado polo usuario licitador antes de expirar aquel. En canto a data de presentación de ofertas, a única que ten validez é a que figura no xustificante de presentación, que se corresponde co momento exacto no que se produce a inserción dos sobres nos nosos servidores. Para garantir que o xustificante é integro, autentico e fidedigno, incorporase un Código Seguro de Verificación (CSV) e un selo de tempo aportado por unha autoridade de selado de tempo independente, a FNMT. Ao fío disto, aclaramoslles que pode existir discrepancia de varios segundos entre a data que figura no xustificante e o selo de tempo, en función do tempo que tarde o noso sistema en conectar coa FNMT e ésta devolver a petición. En calquera caso, sempre se toma como referencia para advertir que está fora de prazo a data do xustificante nunca a do selo.

Por outra parte, a data e hora na que firman a documentación non pode considerarse unha proba obxectiva válida a hora de estimar se un licitador actuou de forma dilixente. É dicir, polo feito de que as sinaturas dos documentos estean dentro do prazo non presupón que se a oferta non o

está sexa atribuíble a Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP). Ademais de asinar documentos, a preparación dunha oferta implica outra serie de accións cuxa execución é precisa para considerar que unha oferta foi presentada.

Finalmente, indicarlles que na Guía de Servizos de licitación Electrónica para órganos de Asistencia III:

Celebración de Sesións figura no detalle dos mensaxes que pode mostras a PLACSP cando se procede a apertura do sobre. Nosa recomendación é que non exclúan a un licitador salvo que quede demostrado que o seu certificado estaba caducado ou revocado no momento da firma.

Se teñen algunha dúbida máis, estamos a súa disposición.

Saúdos
Plataforma de Contratación do Sector Público.

(......)
No correo electrónico obsérvase que en canto á data de presentación de ofertas, a única que ten validez é a que figura no xustificante de presentación, que se corresponde co instante exacto no que se produce a inserción dos sobres nos servidores (...).

Tómase como referencia para advertir que está fora de prazo a data do xustificante, nunca a do selo.

En conversa telefónica con persoal da plataforma de licitación electrónica, explícasenos que se emitirá informe oficial en caso de recurso; remitísenos, o seu parecer, por correo electrónico. Alúdese, no mesmo senso, a distintas resolucións dos tribunais de contratos no sentido de considerar as proposicións presentadas fora de prazo.

Referencia a pronunciamentos dos tribunais de recursos contractuais.

A licitación electrónica estase a implantar, nas licitacións dos distintos poderes adxudicadores.

Non obstante, xa existen diversos pronunciamentos que resultan acaídos ao suposto de feito, suscitado no expediente que nos ocupa:

A Resolución 126/2017, do 13 de novembro de 2017, do Tribunal de Recursos Contractuais de Aragón.

Nos antecedentes de feito, constatase:

"Según se desprende de los anuncios publicados, el plazo para presentar ofertas finalizaba el 9 de octubre de 2017, a las 14:00 horas, y las proposiciones debían presentarse exclusivamente de forma electrónica, según lo indicado en el Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares (en adelante PCAP), en la Plataforma de Contratación del Sector Público, a través de la Herramienta de Preparación y Presentación de ofertas.

El 10 de octubre de 2017 se reúne la Mesa de contratación para analizar la documentación administrativa presentada, y a la vista de la misma acuerda "rechazar la proposición presentada por la empresa Xeryo Distribución, Servicios y Tecnología S.L., con fecha 9 de octubre de 2017, a las 14:02 horas, por haber recibido su oferta fuera del plazo concedido, -hasta las 14:00 del mismo día-, y ello tal como resulta acreditado en el justificante relativo a los licitadores presentados expedido por la Plataforma de Contratación del Sector Público; y calificar el escrito presentado por esa empresa con esta misma fecha en el Registro General de la Diputación Provincial de Huesca en el que solicita que sea admitido en el procedimiento, como recurso especial remitiéndolo al Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón en aplicación de lo dispuesto en el art. 46.2 del TRLLCSP junto con el expediente y el informe a que dicho precepto hace referencia", según consta en el Acta de la sesión."

Na fundamentación xurídica o Tribunal de Recursos de Aragón (apartado 2º) precisa:

“Resulta un hecho no controvertido que la oferta del recurrente se recibió en la plataforma o registro electrónico del órgano de contratación transcurridas las 14:00 horas, es decir fuera del plazo establecido en el anuncio de licitación y en el PCAP en los que dicha hora figura como término final para la presentación de ofertas.

El momento relevante para determinar si la oferta ha sido presentada dentro o fuera de plazo que terminaba a las 14:00 horas del día 9 de octubre, no es el momento en el que se firma electrónicamente la oferta o cada uno de los documentos o ficheros que la componen, sino el momento en el que llega la oferta o se recibe en el registro del Órgano de contratación. Sobre este omento no cabe duda que fue a las 14:02 horas.

El artículo 31.2 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas dispone que:

“2. El registro electrónico de cada Administración u Organismo se regirá a efectos de cómputo de los plazos, por la fecha y hora oficial de la sede electrónica de acceso, que deberá contar con las medidas de seguridad necesarias para garantizar su integridad y figurar de modo accesible y visible”.

En consecuencia, la hora oficial de presentación de la oferta es la hora que figura en el Registro Electrónico del órgano de contratación, en este caso las 14:02 horas, lo que determina la extemporaneidad de la oferta, razón por la que debe ser desestimado el recurso.

En el mismo sentido, aboga el principio de no discriminación e igualdad de trato de los licitadores, consagrado en el artículo 1 del TRLCSP, pues de otra manera se estaría concediendo dos plazos diferentes, uno para el recurrente hasta el momento en el que realmente tuvo entrada oficial su oferta y otro, el conforme al PCAP, que concluía a las 14:00 del día 9 de octubre, sin que pueda justificarse tal diferencia de trato sobre la base de causas ajenas principalmente a la propia conducta del recurrente.

Las ofertas que presentan los licitadores tienen un carácter recepticio, como ocurre en cualquier procedimiento concurrencial, de forma que su validez e eficacia exige la recepción por el destinatario, por el órgano de contratación, en el tiempo y forma, o por alguno de los medio shabilitados previamente para ello, por la Ley. No basta con la emisión de la oferta, sino que es exigible su recepción en los plazos y con los requisitos aplicables en cada caso concreto. En la licitación analizada, la presentación solo podía realizarse por medios electrónicos, por lo que cualquier otro medio elegido por un licitador, por ejemplo, de forma presencial y soporte papel, hubiera determinado la exclusión o el rechazo de la oferta, aunque la recepción o el registro fuere anterior a la finalización del plazo. Del mismo modo la presentación por medios electrónicos requiere adaptarse a ese medio, por lo que la recepción posterior a la hora en que termina el plazo, aunque la emisión, como afirma el recurrente haya sido varios minutos antes, determina la exclusión por extemporaneidad."

O Tribunal, desestima o recurso especial en materia de contratación presentado polo licitador excluído por presentar a súa proposición ás 14:02 , dado que a oferta se tiña que presentar –electrónicamente- ata ás 14:00 horas.

a) O Tribunal Central de Recursos Contractuais central.

Na Resolución 560/2018, analiza outro suposto de presentación de ofertas a un acordo marco, cuxo prazo expiraba o 10/04/2018, ás 19:00 horas.

A oferta da empresa recorrente... presentouse ás 19:07 horas do día 10/04/2018.

Na fundamentación xurídica este Tribunal de Recursos Contractuais razoa:

"Se indica en el recurso que a las 18.00 horas se contactó telefónicamente con el servicio de asistencia técnica de la Plataforma, que indicó que saliesen y volviesen a entrar en la Plataforma escogiendo la opción "continuar", lo que se intentó varias veces sin éxito, y que en nueva consulta telefónica se les indicó que comenzasen de nuevo todo el proceso, subiendo los documentos que pudieran que, en su caso, ya se les requeriría posteriormente la subsanación, lo que así hicieron.

Pero la lentitud del refresco de la herramienta, que no les permitía ir más rápido, les llevó a presentar la oferta a las 19:07:54 horas.

Se adjuntan con el recurso capturas de pantalla a efectos de acreditación de los problemas técnicos de la Plataforma, un informe elaborado por los servicios técnicos de ICA y, con el escrito de ampliación del recurso, un informe pericial de tercero independiente en el que se concluye que el documento "Acuerdo de intención UTE. Pdf" fue firmado en plazo por SERCAMÁN y por ICA, y que el rechazo de la Plataforma a validarlo no es achacable a dichas empresas, sino a un fallo de la Plataforma.

Concluyen las recurrentes que fue el fallo de la herramienta de la Plataforma de Contratación del Sector Público el que no permitió firmar el sobre nº 1 porque, supuestamente, el documento "Acuerdo de intención de UTE" no estaba firmado, cuando sí lo estaba.

Séptimo. Tras indicar que la comunicación que constata el mero hecho objetivo de la presentación extemporánea de la oferta es un acto de trámite que no sería susceptible de recurso (cuestión que ya se ha examinado en el Fundamento de Derecho Segundo), el órgano de contratación solicita la desestimación del recurso en los siguientes argumentos:

1. No corresponde al órgano de contratación ni al Tribunal valorar las razones por las que el licitador, que dispuso de 32 días hábiles (días completos de 24 horas, puesto que el procedimiento de presentación es electrónico) para presentar la oferta en el Acuerdo Marco 10/2018, no presentó a tiempo su proposición, asumiendo el recurrente bajo su exclusiva responsabilidad las consecuencias que deriven de la decisión de dejar la presentación de su oferta para el último día del plazo, transformando su falta de diligencia en falta de diligencia de la Administración.

2. Una decisión de la Comisión Permanente de Contratación Centralizada que admitiese la oferta presentada fuera de plazo sería absolutamente contraria a Derecho y al procedimiento establecido, y vulneraría el principio de igualdad de trato entre los licitadores, siendo una exigencia

común a todos ellos, publicada en los anuncios del Acuerdo Marco, que el plazo de presentación de proposiciones concluía el día 10 de abril de 2018, a las 19 horas.

Ni el TRLCSP, ni las normas reglamentarias, ni los pliegos aplicables preveían excepciones al plazo de presentación de ofertas.

3. Aunque en los procedimientos de contratación pública prima el principio antiformalista, ello no permite obviar otros principios igualmente aplicables a la contratación como son los principios de transparencia, publicidad, igualdad y no discriminación. Admitir la oferta extemporánea de los recurrentes supondría atribuirles una ventaja frente al resto de licitadores que se ajustaron al plazo establecido y actuaron con la diligencia debida.

Por todo ello, el órgano de contratación considera que la actuación de la Comisión Permanente de Contratación Centralizada en su sesión de 12 de abril de 2018 fue ajustada a Derecho.

Partiendo de que resulta acreditada y aceptada por ambas partes la extemporaneidad de la oferta presentada por las empresas recurrente sal lote nº 1 del Acuerdo Marco 10/2018, procede examinar si la decisión de inadmisión de dicha oferta acordada por la Comisión Permanente de Contratación fue ajustada a Derecho, cuestión que depende de una circunstancia eminentemente técnica como es que dicha extemporaneidad se debiera a causas imputables a las propias recurrentes o, por el contrario, a causas por completo ajenas a sus voluntad y dependientes de la Administración contratante, concretamente, a la existencia de problemas técnicos en la aplicación habilitada para la presentación electrónica de las ofertas (la Plataforma de Contratación del Sector Público) que obstaculizasen la presentación de la oferta en plazo.

Es evidente que el principio de igualdad y no discriminación impone el respeto de las condiciones establecidas para participar en las licitaciones públicas, sin excepciones ni distinciones en los licitadores, de modo que, por principio, una oferta presentada fuera de plazo ha de ser inadmitida por la Administración, a menos que el interesado acredite de forma indubitada que la extemporaneidad de la presentación respondió a causas que no le son en modo alguno imputables a

él, sino a la propia Administración que redactó los pliegos. El PCAP aplicable a la licitación del Acuerdo Marco al que se refiere este recurso impone la presentación de las proposiciones en forma electrónica y a través de la Plataforma de Contratación del Sector Público, por lo que incumbe a la Administración garantizar que dicha herramienta permitía, sin problemas técnicos de ningún tipo, la presentación de proposiciones a lo largo de todo el plazo fijado al efecto, desde el primer al último día de dicho plazo.

Al tratarse de una cuestión eminentemente técnica y no propiamente jurídica, este Tribunal carece de conocimientos materiales para decidir con criterio propio, debiendo valorar y apoyarse en el criterio de los informes técnicos aportados por las partes. En este punto, es doctrina reiterada la que atribuye a los informes técnicos de la Administración una presunción de acierto y veracidad, por la cualificación técnica de quienes los emiten, que solo pueda ser desvirtuada con una prueba suficiente de que son manifiestamente erróneos o infundados (por todas, Resoluciones 618/2016, de 29 de julio, 7 152/2017, de 10 de febrero).”

A Resolución de referencia nº 560/2018, desestima o recurso interposto polo licitador que presentou a oferta ao acordo marco, minutos máis tarde da data prevista (...).

b) Outra Resolución do Tribunal Central de Recursos Contractuais: a número 1178/2018, do 21 de xuño.

Esta decide sobre un recurso que suscita o debate da admisión e inadmisión de ofertas presentadas ás 14:11 horas, cando o anuncio de licitación, -como sucede no expediente de licitación identificada na cabeceira- fixaba a data de presentación de ofertas ás 14:00 horas.

Na fundamentación xurídica desa Resolución o Tribunal salienta:

“Tal y como advierte las cláusulas 11 y 16 del PCAP el procedimiento de licitación se llevará a cabo a través de medios electrónicos mediante el uso de la Plataforma de Contratación del Sector Público. En el PCAP no se prevé la eventual imposibilidad de presentación de ofertas a través de la Plataforma de Contratación del Sector Público y el uso de otros medios para ello. No obstante, de acreditarse esta imposibilidad es posible bien la ampliación del plazo de presentación o

el uso de otros medios para la presentación de las ofertas, siempre y cuando resulte garantizado el principio de igualdad y no discriminación entre los licitadores que se infringe cuando sin justificación se permitiera a un licitador presentar una oferta fuera del plazo y condiciones que rigen para el resto de licitadores. Como se ha advertido en innumerables resoluciones del Tribunal los pliegos que rigen la licitación constituyen la ley del contrato y obligan tanto a las partes como al órgano de contratación. Será contrario al PCAP admitir las ofertas que sin una causa justificada no imputable al licitador fueran presentadas al margen de las condiciones establecidas o en los plazos señalados por el pliego.

En garantía del principio de concurrencia y acceso a la licitación ante a la imposibilidad de presentación de las ofertas en el plazo establecido, por causa no imputable al licitador otros medios de presentación o bien la ampliación del plazo para presentar las propuestas. No obstante, tal y como ya se ha advertido, esta posibilidad no puede vulnerar el principio de igualdad y no discriminación entre los licitadores. Para lograr el respeto de estos principios de la contratación, reconocidos en el artículo 1 de la LCSP, en el caso de apreciarse problemas técnicos en los sistemas electrónicos que permiten la presentación de las propuestas será requisito indispensable que resulte acreditado que el problema no presentar en plazo su spropuestas y uno de ellos, NUTRICIA en el trámite de alegaciones al recurso manifestó que presentó la oferta sin problemas técnicos ajustándose a las previsiones del pliego el día 8 de octubre.

Este criterio se ha seguido por el Tribunal las Resoluciones nº 560/2018, de 8 de junio, 595/2018, de 21 de junio, 696/2018, 20 de julio.

Por último, sin discusión por la propia recurrentes u propuesta se presentó once minutos después de vencido el plazo para su presentación.

A la vista de las circunstancias concurrentes, el Tribunal no considera acreditado que la falta de presentación de la oferta por la recurrente dentro del plazo establecido fuera debida a un defecto técnico en la Plataforma de Contratación del Sector Público y en consecuencia el recurso debería ser desestimado toda vez que la propuesta de la recurrente ha sido presentada fuera del plazo establecido.”

d) Cabe citar, igualmente, Resolución 003/2018 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de data 25 de abril.

Esta resolución analiza unha licitación na que a data límite de presentación de ofertas eran ás 14:00 horas do día 27/03/2018, téndose enviado ás 14:03, segundo figura en carátula de envío do servizo de correos ( referida a unha licitación tradicional, non electrónica).

A resolución invoca unha sentenza do Tribunal Supremo de 24 de marzo de 2014

"Es, pues, el anuncio de licitación el llamado a señalar el plazo de referencia y así se hizo en este caso con suma precisión pues el publicado señala con absoluta claridad cuando termina. No hay en la fórmula utilizada la contradicción con el pliego que aprecia la sentencia porque dentro de la fecha cabe la hora ya que, si por fecha ha de entenderse, día los días se componen de horas y estas de minutos de manera que fijar el momento en que expira el plazo de presentación de los documentos indicando una hora y unos minutos es también fijar la fecha de terminación.

Es, además, especialmente importante tener presente que ninguna confusión, inseguridad o indefensión se causó a los interesados en participar en la licitación. Los términos del anuncio eran sumamente claros, no dejaban lugar a ninguna duda sobre el tiempo hábil para concurrir a ella y su publicación en el Boletín Oficial del Estado garantizó la máxima publicidad a su contenido."

Cita, asemade, a Resolución 91/2018 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Andalucía, ao dicir:

"Es por ello que la exclusión de MB no puede tacharse de formalista y contraria a la doctrina jurisprudencial que proclama la evitación de inadmisiones de licitadores u ofertas por defectos formales fácilmente subsanables. Si la mesa hubiera admitido la documentación presentada en su registro fuera del plazo concedido para ello, no solo habría vulnerado lo dispuesto en el artículo 81.2 del RGLCAP y en la cláusula 10.3 del PCAP, sino que habría infringido el principio de igualdad de trato, piedra angular en la contratación del sector público (artículos 1 y 139 del TRLCSP), pues habría otorgado un tratamiento singular más favorable a la recurrente

frente a los restantes candidatos que sí presentaron la documentación exigida en el lugar y plazo fijados en el PCAP.

En definitiva, el principio de igualdad de trato supone que los licitadores deben poder conocer con claridad los trámites procedimentales que resulten aplicables y la imposibilidad de modificar a favor de un licitador aquellos plazos establecidos para la realización de una actividad simultánea para todos.”

E invoca tamén a Resolución 190/2015 dese Tribunal, que declara a extemporaneidad por un minuto de retraso; e concreta:

“En definitiva, pues, al señalar el anuncio a las 12:00 cómo una hora de terminación del plazo, y quedar consignada en el certificado de admisión expedido por Correos a las 12:01, es este el único dato que puede considerar este Tribunal, el cual no permite dar por válida la presentación de la documentación en Correos, pues, independientemente de que únicamente fuese por un minuto, la presentación se realizó después de la hora límite fijada en el anuncio.”

O Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Galicia, desestima o recurso da licitadora que enviou o documento de correos (licitación tradicional) como presentado ás 14:03, cando o límite temporal eran ás 14:00 horas.

c) Finalmente a Resolución 908/2018, do 11 de outubro do 2018, do Tribunal Central de Recursos Contractuais.

Resulta moi atinadas, para dar unha resposta as incidencias detectadas na licitación de prestacións a persoas maiores, nos centro de Pol e A Fonsagrada, as consideracións efectuadas polo TCRC na resolución de referencia.

Debatese acerca da presentación en prazo, no caso de iniciarse dentro dese prazo e finalizar con éxito; ou pola contra debe considerarse como presentada fora de prazo cando non conclúe con éxito a presentación dentro do prazo preestablecido, aínda que se inicie en tempo.

"Resulta acreditado que el licitador no ha preparado con la antelación suficiente su oferta, ya que, como consta en la comunicación de la empresa que gestiona la plataforma VORTAL que adjunta la reclamante, no solo se envió la oferta fuera de plazo, sino que los documentos se empezaron a firmar a las 11:58:39 horas (menos dos minutos antes de finalizar el plazo de presentación de las ofertas) y se acabaron de firmar a las 12:01:36 horas, es decir, incluso la firma de los documentos se realizó fuera de plazo.

El licitador debió tomar las cautelas suficientes para enviar su oferta a la Plataforma electrónica dentro del plazo establecido en los anuncios de licitación, ya que quien legítimamente espera al último momento del plazo para participar en la licitación asume un riesgo, solo imputable a su voluntad o conducta, de que ante una actuación propia del licitador la recepción de la oferta resulta extemporánea, sin que se haya producido"

(…)

"Sexto. Entrando en la cuestión planteada ha de tenerse en cuenta que la fijación de un términocierto, con expresión de día y hora, pata la presentación de las ofertas es un elemento esencial inherente al carácter de la licitación de procedimiento de concurrencia competitiva.

Es por ello que el citado término es preclusivo para todos los licitadores, sin que pueda haber dispensa a favor de licitadores singulares, lo que constituirá un privilegio odioso vulnerador de los principios de igualdad y libre concurrencia que presiden la contratación pública.

Por ello no es oponible frente a la inadmisión de las ofertas presentadas fuera de plazo la existencia de hechos o actos causantes no imputables al ente u organo de contratación, de manera que es el licitador el que ha de soportar las consecuencias de la presentación de las ofertas fuera de plazo.

En fin, el proceso de presentación telemática de oferta, más allá del medio tecnológico empleado, no difiere de la presentación de cualquier otro modo. Si es una presentación en la forma tradicional es inconcebible que la presentación sea un acto continuado con la firma de proposiciones, siendo obvio que la presentación de los sobres es posterior a la firma de los

documentos que en ellos se contiene, del mismo modo ocurre con la presentación telemática, por ello, inmediatamente despues de firmar se cifra -es decir se cierran los archivos como ocurría con los sobres- y es cuando se produce ese cifrado, que garantiza el secreto de las proposiciones hasta su apertura, cuando se inicia el proceso de envío o transmisión.” (…)

Conclusión:

Primeira.-

De conformidade aos antecedentes e consideracións detalladas, non se poden considerar presentadas en prazo, nesta licitación, as seguintes proposicións:

a) Razón social: Alalas, S.L.

Fecha de presentación: 30/01/2019. Hora 14:54:16.

b) Razón social: Troncoso Casares, S.L.

Fecha de presentación 30/01/2019. Hora: 14:01.09.

O prazo e temo de presentación, segundo o anuncio de licitación que constaba na plataforma de contratación do sector e tamén na información remitida ao DOUE, remataba o día 30 de xaneiro ás 14:00 horas.

Segunda.-

Débense admitir, como proposicións presentadas en prazo, as seguintes:

a) Razón social: As Rodas vivenda comunitaria, S.L.

-Fecha de presentación: 30/01/2019. Hora: 13:40:00.

b) Asociación Mensajeros de la Paz C-LM- Galicia.

-Fecha de presentación 28/01/2019. Hora: 11:59:05.

Tal é o que se informa sobre este asunto, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito, ao que gustosamente nos sometemos.

Lugo, 28 de febreiro de 2019.

O Xefe do Servizo de Contratación e Fomento

Asdo.: Manuel-Ángel Jove Losada”

(…)

O informe foi asumido polos integrantes da mesa de contratación, sen que se efectuase observación algunha a dito informe, por parte dos asistentes, e polo tanto, a mesa propón:

Primeiro: Considerar non presentadas en prazo:

a) Razón social: Alalas, S.L.

b) Razón social: Troncoso Casares, S.L.

Segundo: Admitir, como proposicións presentadas en prazo, as seguintes:

a) Razón social: As Rodas vivenda comunitaria, S.L. (Lote 2– A Fonsagrada)

b) Asociación Mensajeros de la Paz C-LM- Galicia. (Lote 1– Pol)

Acto seguido, procédese á apertura do sobre "B", relativo a criterios cualitativos, cuantificables mediante xuízo de valor. Logo da apertura e sen analizar o seu contido con detalle, continuouse coa tramitación prevista. En atención ao exposto, a Mesa de Contratación acorda neste sentido remitir a documentación ás persoas que efectuarán a valoración dos criterios respectivos, segundo a providencia da Presidencia de data 6 de febreiro de 2019 (na que se designou para as funcións de asistencia a Mesa de Contratación neste expediente á xefa da sección de Benestar Social e Igualdade, Silvia García López, en atención aos seus coñecementos e experiencia en servizos sociais, e ao asesor técnico do servizo de Contratación e Fomento, José Domingo Rodríguez Ferreira, en atención aos seus coñecementos e experiencia en materia de contratación pública). "

Sétima.- De conformidade co recollido na minuta da Acta da mesa de contratación celebrada o día 11 de marzo de 2019:

(…)

"Deuse conta do seguinte informe:

Estudio e valoración da oferta técnica (sobre B) contratación das prestacións determinadas na cláusula 2.1 do PCAP e 4 do Ppt, a executar nos centros de atención a persoas maiores (CAM) de Pol e A Fonsagrada.

Reprodúcese literal e na súa totalidade a continuación:

“1.- Antecedentes:

Na mesa de contratación celebrada o 1 de marzo de 2019, procedeuse a apertura do sobres B da licitación aberta para a “Contratación das prestacións determinadas na cláusula 2.1 do PCAP e 4 do PPT, a executar nos centros de atención a persoas maiores (CAM) de Pol e A Fonsagrada”, a que foron admitidas as seguintes licitadoras:

Licitadores

Lote 1 - Pol
1 Asociacion Edad Dorada Mensajeros de La Paz CML- Galicia.

Lote 2- A Fonsagrada
1 As Rodas Vivenda Comunitaria, S.L.

A mesa de contratación acordou que se proceda a avaliación dos criterios de adxudicación non avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas, presentando todas as empresas as ofertas técnicas, que se recollen na cláusula décimo segunda Ap.2 do PCAP.

Designación dos empregados públicos para valoración da documentación sobre B:

Por providencia da Presidencia designase para as funcións de asistencia a Mesa de Contratación neste expediente á xefa da sección de Benestar Social e Igualdade, Silvia García López, en atención aos seus coñecementos e experiencia en servizos sociais, e ao asesor técnico do servizo de Contratación e Fomento, José Domingo Rodríguez Ferreira, en atención aos seus coñecementos e experiencia en materia de contratación pública.

Valoración:

| Criterio | Ponderación | Puntuación | |
|---|---|---|---|
| 1. Calidade técnica da proposta ou proxecto prestacional. | 20 % | 0-20 puntos | |
| 1.1- Coherencia, racionalidade, estrutura e detalle da proposta | | 0-8 puntos | |
| Definición e descrición do modelo prestacional: principios de organización e de atención aos usuarios. | | 0-2 puntos | |
| Explicación e definición das actuacións que levará a cabo o contratista para desenvolver adecuadamente as prestacións contratada. | | 0-2 puntos | |
| Adaptación da proposta ás necesidades específicas dos usuarios do centro. | | 0-1 puntos | |
| Estratexias de entrada á realización da prestación e saída da mesma. | | 0-1 puntos | |
| Actuacións e medidas para garantir a autonomía das persoas usuarias, a súa motivación, o fomento da súa responsabilidade na toma de decisións | | 0-1 puntos | |
| Estratexias para favorecer que as persoas usuarias realicen actividades significativas, útiles e que estén dentro de súa cosmovisión (actividades que estean presentes na súa historia de vida e forma de expresión). | | 0-1 puntos | |
| 1.2.- Organización, descrición e planificación das prestacións | | 0-6 puntos | |
| Relación dos medios persoais e materiais adscritos a execución do contrato, segundo o disposto na cláusula 7.2.6 deste PCAP e no propio PPT (cláusula 6ª). | | 0-1 puntos | |
| Proposta de organización e planificación detallada e diaria das prestacións a realizar e metodoloxía de traballo nos que se establezan horarios e funcións concretas relacionadas coa alimentación, co apoio as actividades da vida diaria, la lavandería e limpeza. Atenderase á descrición pormenorizada do plan de traballo para cada unha das prestacións con indicación das actuacións e/ou tarefas que comprende cada un deles; así mesmo atenderase á exposición dos principios, obxectivos e metodoloxía de traballo; ás medidas de coordinación entre as prestacións obxecto de contrato e ás que no seu caso se establezan para coordinar as actuacións e relacións entre as súas responsables. | | 0-3 puntos | |
| Proposta de protocolos de actuación de obrigada realización segundo a cláusula 3.4.1 dos PPT, con indicación da súa implementación, avaliando positivamente a implantación de medios tecnolóxicos para procurar a eficacia e eficiencia nos cumprimentos dos mesmos. Estos protocolos deberán respectar os parámetros fixados coa condición de mínimos na cláusula 3.4.1 do PPT | | 0-2 puntos | |
| 1.3.- Calidade prestacional | | 0-6 puntos | |
| Actuacións encamiñadas a mellorar a calidade nas prestacións contratadas. Valorarase o detalle, calidade expositiva e coherencia das actuacións, medidas e procedementos propostos para a avaliación da calidade dos servizos, así como a súa repercusión na calidade de vida das persoas usuarias do centro e a expresión dos métodos de control e seguimento. | | 0-2 puntos | |
| Procedementos de avaliación e control da calidade tales como realización de auditorías, espazos de supervisión profesional, protocolos de atención aos usuarios e, que non sexan de obrigado cumprimento, e dentro das prestacións obxecto do contrato. | | 0-1 puntos | |
| Actuacións para a concienciación da importancia do bo clima laboral das persoas traballadoras pertencentes a adxudicataria: especificaranse as actividades que se fagan neste sentido, co fin de que redunde nunha calidade maior na atención ás persoas usuarias. | | 0-1 puntos | |
| Implantación das novas tecnoloxías na promoción da autonomía persoal: | | 0-2 puntos | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| actuacións, ferramentas ou materiais complementarios baseados nas novas tecnoloxías para a promoción da autonomía persoal. | | | |
| 2. Proposta dos produtos alimenticios no ámbito da sustentabilidade e de calidade dos mesmos. | 10 % | 0-10 puntos | |
| 2.1.- Proposta de manutención e dietas (...) | | 0-4 puntos | |
| 2.2.- Compromiso expreso de incluír nos menús produtos de proximidade | | 0-4 puntos | |
| 2.3.- Compromiso da elaboración de menús extraordinarios | | 0-2 puntos | |
| 3. Compromiso de aplicación de medidas de conciliación na execución das prestacións contratadas. | 2,5% | 0-2,5 puntos | |
| 3.1.- Melloras sobre os dereitos da traballadora embarazada | | 0-0,4 puntos | |
| 3.2.- Melloras sobre os permisos de paternidade ou maternidade | | 0-0,4 puntos | |
| 3.3.- Existencia de cheque servizo ou acceso a recursos que faciliten a atención de menores ou persoas dependentes | | 0-0,4 puntos | |
| 3.4.- Melloras sobre a redución de xornada, excedencias | | 0-0,3 puntos | |
| 3.5.- Medidas de flexibilización, adaptación ou reasignación de servizos e horarios | | 0-1 puntos | |
| 4. Compromiso de aplicación de medidas concretas de xestión ambiental e de eficiencia enerxética na execución prestacional. | 2,5 % | 0-2,5 puntos | |
| 4.1.-Valorarase a planificación e protocolo de actuación en materia de redución, recollida, reciclaxe e reutilización de residuos | | 0-1,25 puntos | |
| 4.2.-Valorarase o compromiso de utilización de elementos e produtos respectuosos co medio ambiente | | 0-1,25 puntos | |
| TOTAL | 35 % | 0-35 puntos | |

Tomaranse a efectos da valoración das ofertas presentadas polos licitadores, os seguintes criterios:

Moi detallado e en coherencia co modelo prestacional e o PPT: Puntuación máxima

Detallado e xenérico: puntuación proporcional.

Deficiente: 0 puntos

Analixe comparativo (aspectos relevantes en esquema)

Lote 1 – CAM Pol

| |
|---|
| Lote 1- Pol |
| Criterio Nº 1: Calidade Técnica da Proposta ou Proxecto de Prestación dos Servizos |
| 1.1- Coherencia, Racionalidade, Estrutura e Detallada Proposta. |
| A licitadora presenta unha definición do modelo prestacional de atención xerontolóxica centrada na persoa, sendo esta metodoloxía de traballo a que se pretende implantar no cam de pol, tendo en conta o establecido no punto 4.1 dos ppt, cun sistema de xestión integrada de calidade.<br>En canto a explicación e definición das actuacións que levará a cabo a licitadora para desenvolver axeitadamente as |

| Lote 1- Pol |
|---|
| prestacións contratadas, valórase que a entidade leva a cabo unha correcta definición das prestacións obxecto do contrato, así como, a forma de levalas a cabo, sendo coherente co modelo prestacional obxecto da contratación e co modelo acp (coñecemento da persoa antes do ingreso, relacións sociais, intervención directa individualizada, adaptación a cada caso, coordinación cos recursos da comunidade e as administracións, compromiso social, autorrealización, etc.).<br>Respecto a adaptación da proposta ás necesidades específicas das persoas usuarias, non se establecen as casuísticas concretas que maioritariamente se puidesen dar na área de influencia de pol, sendo esta concreción relacionada coa proposta a que se esperaba por parte da licitadora.<br>por outra banda, si se estima que a entidade recolle de xeito concreto e correcto as estratexias de entrada e a realización da prestación e saída da mesma, detallando de xeito progresivo estes aspectos e tendo en conta o modelo de xestión proposta pola entidade licitadora.<br>En relación coas actuacións e medidas para garantir a autonomía das persoas usuarias, a súa motivación, o fomento da súa responsabilidade na toma de decisións a proposta presenta uns obxectivos, medidas e actuacións dirixidas a garantir a autonomía das persoas usuarias, tanto para no relativo as actividades básicas da vida diaria, como para as instrumentais, sen esquecer as actividades da vida diaria avanzadas, relacionadas coa autorrealización. por contra, non se indican actividades significativas, útiles e que estean dentro de súa cosmovisión (actividades que estean presentes na súa historia de vida e forma de expresión), non realizando propostas concretas e específicas sobre este. |
| 1.2.- Organización, descrición e planificación das prestacións |
| Neste apartado terase en conta a relación de medios persoais e materiais adscritos a execución do contrato segundo o establecido na cláusula 6 dos PPT, e na cláusula 7.2.6 dos PCAP.<br>Respecto aos medios persoais a licitadora, fai mención aos mesmos. Este listado enténdese presentado na páxina 23 e 24 da proposta, indicando os medios persoais tanto para o centro residencial como para o centro de día. Salientar que non se indica o persoal mínimo para unha ocupación igual ou superior a 32 persoas usuarias en centro residencial, entendendo que é de obrigado cumprimento o mínimo establecido nos PPT.<br>Respecto aos medios materiais, estímase como favorable a presentación dos medios relacionados nas páxinas 24-25 da proposta, valórase os mesmos como os mínimos establecidos nos PPT.<br>Sobre a organización, planificación, metodoloxía, coa presentación dunha descrición pormenorizada do plan de traballo para cada unha das prestacións. Valórase o seguinte:<br>Respecto á prestación de manutención: a entidade presenta varias melloras respecto aos PPT que se teñen en conta como son:<br>O funcionamento da restauración funcionará de forma continuada durante todos os días do ano en horario comprendido entre as 08:00 e as 22:00. Consta que fora de este horario, por circunstancias, prestarase este servizo cando así o precise algunha persoa (páx. 44), este último non é unha mellora.<br>Todos os profesionais de atención directa dispoñerán de carnet de manipulación de alimentos. (páx. 45)Elaboración de pratos extras fora dos horarios habituais, cando así se estipule pola dirección do centro ou con ocasión de circunstancias especiais como cumpleanos, celebracións, actos públicos,organizados polo centro, etc. (páx. 46)<br>Tamén se facilitarán servizos extra a calquera persoa usuaria que o requiran a criterio do persoal sanitario ou da dirección do Centro. (páx. 46)<br>A entidade deberá preparar, previa petición, comidas para familiares ou visitantes das persoas usuarias, as cales serán abonadas ao prezo que autorice o centro. (páx. 46)<br>Recea.<br>Como aspecto negativo a destacar, comentar que a licitadora no plan de traballo de manutención do centro de día remata o servizo ás 19.00 h e non recolle as cenas, servizo que se presta no mesmo tendo en conta o regulamento interno do centro. Terase aquí en conta a obrigación da entidade finalmente que puidera ser adxudicataria de dar cumprimento as normas do Centro.<br>Respecto á prestación de actividades da vida diaria, a licitadora indica unha serie de programas, actuacións e áreas, así coma o procedemento para a súa posta en marcha, valorando a súa utilidade para a prestación os seguintes, como mellora ou aspectos valorados favorablemente respecto do establecido nos PPT:<br>1. Actuacións na área de nutrición.<br>2. Actuacións na área de hidratación.<br>3. Actuacións na área de hixiene e aseo hixiene persoal e aseo da pel.<br>4. Actuacións na área de eliminación de ouriños e fecal.<br>5. Actuacións na área de respiracións.<br>6. Actuacións na área de termoregulacións.<br>7. Actuacións na área de prevención de riscos. |

| Lote 1- Pol |
|---|
| 8. Actuacións na área de mobilización e traslado.<br>9. Área de primeiros auxilios.<br>10. Área de sexualidade.<br>11. Área de morte e dó.<br>No tocante as actividades de ocio e tempo libre, enmarcadas nas actividades da vida diaria (modalidade avanzadas), a licitadora na súa páxina 40, establece unhas actividades concretas de animación sociocultural, participación cidadana, integración social a través das TICS, programa interxeneracional, convivencia residencial e outras máis frecuentes realizadas na súa rede de centros atopámonos coas seguintes contradición ao respecto das mesmas.<br>1. Respecto a metodoloxía empregada neste apartado, indica na páxina 40 que estas actividades serán realizadas por persoal de atención directa, sen embargo non se indica de xeito expreso persoal específico que desenvolva estas actividades na relación de persoal efectuada nas páxinas 23 e 24 (relación de medios persoais).<br>2. Na páxina 20, indica nas estratexias de entrada a figura dun coordinador/a, nas funcións que se indican relacionadas con este posto non figuran ningunha relacionada con este eido, polo que non se presenta persoal específico para o seu desenvolvemento. Aspecto de avaliación negativa.<br>3. Non se especifica a metodoloxía para levar a cabo as actividades indicadas.<br>Respecto á prestación de limpeza e lavandería, a licitadora tense en conta o seguinte respecto a estas prestacións:<br>1. Prestación de limpeza, melloras respecto aos PPT:<br>a. As actuacións de limpeza prestaranse durante todos os días do ano en quendas de mañá e tarde, entre as 08:00 e as 22:00 horas. (páx. 48)<br>b. Aqueles traballos non regulares que se produzan con motivo de actos, celebracións, etc... no que afecte á limpeza dos espazos empregados e ao movemento ou limpeza extra do mobiliario. (páx. 50)<br>c. Cristais (outras actividades de limpeza): limparanse unha vez por semana na súa cara interior e una vez ao mes por ambas caras. (páx. 51)<br>d. No espazo de recepción, limparanse os cristais da porta de entrada diariamente por ambas caras. (páx. 51)<br>2. Prestación de lavandería, secado e pasado de ferro, melloras respecto aos PPT:<br>a. As actuacións de lavandería inclúe a clasificación de repasado e pequenos arranxos (cremalleiras, zurzidos) da roupa persoal da persoa usuaria. (páx. 51)<br>b. As actuacións de lavandería inclúe a clasificación de repasado e pequenos arranxos (cremalleiras, zurzidos) de roupa de camillas, cortinas, estores, mantas, colchas e outros elementos téxtiles e decorativos do centro empregados para a execución das prestacións obxecto do contrato. (páx. 48)<br>c. Cambio de toallas de xeito diario.(páx. 51)<br>d. Traslado a lavandería de calquera prenda que resulte manchada ou deteriorada, no momento no que se detecte a necesidade. (páx. 51)<br>Neste Plan de traballo respecto a limpeza e lavandería, débese indicar como aspectos menos favorables:<br>1. O emprego de produtos ambientadores, que puideran enmascarar un cheiro negativo derivado da falta de ventilación ou mellorables condicións de limpeza (páx. 50).<br>2. O marcado de roupa será por conta da Asociación nos casos de persoas usuarias que carezan de medios económicos suficientes e de apoio familiar, establecéndose nos PPT que o marcaxe de roupa, sen indicar situacións excepcionais, será a cargo da licitadora. Estes aspectos afectarán á puntuación neste apartado.<br>3. Neste apartado, tamén se debe ter en conta a coordinación entre as prestacións obxecto do contrato e ás que no seu caso se establezan para coordinar as actuacións e relacións entre as súas responsables, valorando que a entidade licitadora indica de xeito suficiente a coordinación da licitadora coa figura responsable do contrato, pero non achega a coordinación interna, (sobre a coordinación entre as prestacións obxecto do contrato.)<br>Por último a valoración respecto dos protocolos de actuación é a seguinte: cumpre coa cláusula 3.4.1 dos PPT, con indicación da súa implementación. Notar que algún deles aplícanse mediante sistemas informáticos. En todo caso os protocolos respectan os parámetros fixados coa condición de mínimos na cláusula 3.4.1 do PPT. Presenta a entidade licitadora 14 protocolos. Estes protocolos recollen un/s rexistro/s asociados que non se achegan, só se enumeran.<br>Nos protocolos valórase favorablemente o contido, tendo en conta e describindo unha secuencia metodolóxica adaptada ao sexo das persoas usuarias nos protocolos de hixiene persoal e sondaxes. Diferencia aseos de persoas con autonomía e autonomía sen autonomía persoal, así como describe porminorizadamente as fases do mesmo.<br>Como aspectos a mellorar, no protocolo de Traslados ao Hospital, o punto 4 do mesmo, contradise co punto 84. do apartado 4 dos PPT, e coa proposta presentada pola licitadora. |

| |
|---|
| Lote 1- Pol |
| No protocolo de comunicación, refírese a un protocolo de comunicación con familias, así como un rexistro comunicación e programa Iris, non adaptándose o mesmo ás prestación obxecto do contrato.<br>O Protocolo de seguimento obxecto do contrato, non contempla un fluxograma de comunicación ou un mapa de comunicación interna/externa, polo que non se pode avaliar como se levará a cabo a mesma. |
| 1.3.- Calidade prestacional. |
| Na memoria se detallan diversas actuacións encamiñadas a mellorar a calidade nas prestacións contratadas: Plan de auditorías, avaliación do grado de satisfacción das persoas usuarias e familias; avaliación de satisfacción da Administración; supervisión continua dos servizos mediante controles mensuais na prestación de manutención, etc. Establécense uns indicadores mínimos para avaliar os procesos (UNE-158101).<br>Actuacións para a concienciación da importancia do bo clima laboral das persoas traballadoras co fin de que redunde nunha calidade maior na atención ás persoas usuarias.<br>Se recollen actuacións como o modelo de círculos de calidade, na preparación das tarefas, estabilidade no emprego, fomentar adaptación de espazos para os períodos de descanso, medidas de conciliación, asistencia no ámbito psicolóxico, etc.<br>Implantación das novas tecnoloxías na promoción da autonomía persoal: a licitadora propón o uso das TIC co obxecto de traballar a áreas cognitiva, social e emocional das persoas maiores. Así detallan varios programas de psicolestimulación desenvolvidos a tal efecto. Así mesmo, a formación as persoas usuarias en NNTT, como poder ser o uso de Whatssapp.<br>Diferencia á súa vez sistemas de avaliación de calidade por prestacións obxecto do contrato: ABVD, restauración e manutención e lavandería, limpeza.<br>Para o bo clima laboral, presenta diversas accións. Fomento de estabilidade no emprego: a licitadora tratará de ofrecer contratos estables. Novas tecnoloxías: ofrece ferramentas de apoio con soporte en tablet, consolas X-Box, gafas de realidade virtual. |
| Criterio Nº 2: Calidade Técnica da Proposta do Servizo de Restauración no Ámbito Nutricional e de Calidade dos Produtos Alimentarios. |
| 2.1.- Proposta de manutención e dietas (...). |
| Valórase neste apartado a proposta dunha manutención e dietas a partir dos requisitos mínimos establecidos nos PPT.<br>Neste aspecto, entre outros a valorar e que se estima que a licitadora cumpre na súa proposta é a presentación de dietas que recollan alimentos de tódolos grupos, coa distribución da achega de enerxía entre as 5 comidas mínimas a levar a cabo, así como o cumprimento dos requirimentos nutricionais segundo o sexo.<br>Salientar as propostas sobre manutención e dietas específicas, distintas realidades que poden acontecer no funcionamento do CAM, e por iso que se valora de xeito favorable a presentación de menús específicos para persoas que poidan ter dificultades para a mastigación, dietas especiais que se establecen nos PPT, e outras situación non contempladas nos PPT, apartado último no que a licitadora non realiza proposta.<br>Para levar a cabo unha valoración, o máis completa e equitativa deste apartado, lévase a cabo unha análise do exemplo de menú presentado na proposta, sobre todo respecto ao almorzo, media mañá, comida, e cea. Os alimentos indicados para a época estival, valóranse que son de tempada, dando cumprimento os PPT, e a elección dos mesmos realízase con criterio suficiente.<br>Se ten en conta o sinalado respecto á preparación dos mesmos, indicando de xeito específico que os mesmos seguirán unha preparación a grella (sendo esta máis saudable) e serviranse atemperados.<br>Valórase así mesmo a proposta efectuada pola licitadora, respecto a cea e recea.<br>Se achega unha recomendación xenérica de alimentos preferentes na alimentación que dispoñan de máis calidade nutricional que afecta de xeito directo e global á preparación dos menús no CAM asinado por unha técnica graduada en nutrición e dietética, así como a hidratación diaria.<br>Presentan unha proposta de manutención, nutrición e ditas especiais. Nela constan a titulacións dos profesionais encargados desta prestación, o número de comidas mínimo que se servirán/elaborarán. Salientar que ofertan bebidas e comidas fora do horario de comidas por necesidades ou no caso de ser demandado.<br>A proposta nutricional ven determinada polo estudio previo da persoa, de tal xeito que realizarán un cribado nutricional, un estudio antropométrico, que vincularán aos requirimentos nutricionais.<br>Xunta a dieta basal e ofertan dietas en función da situación fisiolóxica.<br>Ofertan a posibilidade de que os familiares podan comer no centro previa autorización da dirección, segundo prezo acordado. |

| Lote 1- Pol |
|---|
| A entidade comprométese a utilizar produtos de tempada, con certificación de denominación de orixe, procedentes da agricultura e gandería sostible, e/ou con métodos de produción tradicionais. |
| 2.2.- Compromiso expreso de incluír nos menús produtos de proximidade, de tempada, con certificación de denominación de orixe, procedentes da agricultura e gandería sostible, e/ou con métodos de produción tradicional, a maiores dos mínimos especificados na cláusula 4 do PPT (...). |
| A entidade comprométese a utilizar produtos de tempada, con certificación de denominación de orixe, procedentes da agricultura e gandería sostible, e/ou con métodos de produción tradicionais.<br>Os produtos de maior consumo diario se comprarán nas proximidades do centro, favorecendo a compra de proximidade.<br>Para a valoración deste punto estimarase necesario de acordo co contido nos PCAP a presentación dunha relación de distribuidores/as para posibilitar a incorporación nos menús dos produtos de proximidade, tempada con certificación de denominación de orixe, procedentes da agricultura e gandería sostible e/ou con métodos de produción tradicionais, a maiores dos mínimos establecidos nos PPT.<br>Non e posible puntuar de xeito global o apartado a licitadora debido a non presentación desta relación.<br>Non achegan unha relación de provedores. |
| 2.3.- Compromiso da elaboración de menús extraordinarios, a maiores dos mínimos esixidos na cláusula 4 dos PPT, con alimentos que os complementen, baseados na tradición gastronómica local adaptada as persoas usuarias do centro (....). |
| Ofertan menús extraordinarios, dentro do establecido nos PPT, para as festividades sinaladas, adaptándoas a estacionalidade do ano, á climatoloxía e as costumes das persoas usuarias.<br>Valórase neste apartado a elaboración de menús extraordinarios, ademais dos establecidos como obrigatorios nos PPT, sendo estes noiteboa, nadal, noitevella, ano novo, reis e as festas patronais, con alimentos que os complementes e baseados na tradición gastronómica local adaptada as persoas usuarias. Este último apartado, debe ser extensible a tódolos menús obrigados tanto nos PPT como nas propostas.<br>A proposta de menús obrigados pola entidade licitadora, vé moi positiva, sen embargo estímase que neste punto valórase aquela proposta a maiores dos obrigados nos PPT. A entidade, non achega proposta doutros menús extraordinarios noutras datas sinaladas respecto a acontecementos ou festas, pero si achega como mellora a realización dunha comida mensual especial para festexar o aniversarios dese mes das persoas residentes, valorándose favorablemente esta mellora. |
| Criterio Nº 3: Compromiso de Aplicación de Medidas de Conciliación entre a Vida Persoal e Familiar coa Laboral. |
| 3.1.- Melloras sobre os dereitos da traballadora embarazada (realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto na xornada laboral, adaptación de condicións de traballo, asignación de postos compatibles co estado de embarazo). |
| A entidade licitadora indica que a traballadora poderá dispoñer do día libre para a realización de actividades relacionadas coa preparación ao parto sen ter que asistir ao seu posto de traballo, valorándose a mesma cunha mellora respecto ao Convenio e a normativa en vigor.<br>Respecto a adaptación das condicións de traballo e asignación de postos compatibles, esta medida está contemplada no artigo 10 da Lei 39/1999 para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadora.<br>Respecto a que se procurará a non realización de traballo nocturno ou de traballo a quendas rotatorio, non se valora mellora a tenor do establecido no artigo 10.1 da Lei 39/1999 para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadora, que contempla "que ditas medidas incluirán, cando resulte necesario, a non realización de traballo continuo ou de traballo a quendas".<br>Respecto de que a licitadora porá a disposición da traballadora embarazada o equipo fisioterapeuta do centro, non se valora esta medida xa que a prestación de fisioterapia non é obxecto do contrato, polo que non ten potestade ou capacidade para dispoñer desta prestación para esta finalidade. |
| 3.2.- Melloras sobre os permisos de paternidade ou maternidade. |
| A entidade licitadora respecto deste punto, indica que o permiso de lactancia poderase acumular nun período único dun mes hábil que virá unido ao permiso de maternidade/paternidade.<br>Valórase esta mellora favorablemente ao respecto do establecido no artigo 37.4 Estatuto de Traballadores/as, que respecto a posibilidade de redución desta xornada completa nos términos previstos na negociación colectiva, non sendo recollido esta acumulación no IV Convenio colectivo de residencias privadas da terceira idade de Galicia. |

| |
|---|
| Lote 1- Pol |
| 3.3.- Existencia de cheque servizo ou acceso a recursos que faciliten a atención de menores ou persoas dependentes. |
| O indicado pola entidade licitadora neste apartado, "o traballador poderá solicitar concreción horaria, pedindo elixir unha quenda fixa, sempre e cando a organización do centro o permita, para o coidado directo a un menor de ata 16 anos".<br>Valorase tendo en conta que se trata dunha medida de adaptación no punto 3.5 e non no 3.3.<br>Establecer un convenio co concello, para que a través do mesmo organizar campamentos xuvenís nas vacacións e a creación dunha gardería. Terase en conta que isto é unha intención pero non existe un convenio, protocolo ou similar asinado co Concello de Pol. |
| 3.4.- Melloras sobre a redución de xornada, excedencias. |
| A entidade licitadora comprométese a un permiso retribuído aos traballadores e traballadoras, con fillos e fillas a cargo, para acudir a titorías de colexios e institutos, valorándose isto coma unha mellora xa que normativamente non se recolle esta medida.<br>Respecto ao enunciado licencias e excedencias, a licitadora indica que sobre a excedencia especial de maternidade con reserva de posto será de dous anos, indicar que no IV Convenio Colectivo de residencias privadas da terceira idade de Galicia, indícase tres anos, por tanto, non é mellora.<br>Sobre a proposta da licitadora ao respecto da excedencia de ata dous (2) anos con reserva de posto de traballo por agrupación familiar, considérase unha mellor a valorar, por non ser unha medida contemplada na normativa laboral actual.<br>En canto a excedencia por un período non superior a cinco (5) anos, con reserva de posto de traballo, para atender ao coidado de fillos, podendo ser efectivo de xeito ininterrompido ou fraccionada, é necesario indicar o que segue:<br>Na Lei 39/1999, do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras, indícase no seu artigo 4 que "os traballadores terán dereito a un período de excedencia de duración non superior a tres anos para atender ao coidado de cada fillo". En base a isto valórase unha mellor respecto ao establecido na lexislación, ampliando a excedencia de 3 a 5 anos. |
| 3.5.- Medidas de flexibilización, adaptación ou reasignación de servizos e horarios. |
| O indicado pola entidade licitadora neste apartado, "o traballador poderá solicitar concreción horaria, pedindo elixir unha quenda fixa, sempre e cando a organización do centro o permita, para o coidado directo a un menor de ata 16 anos". Valorase tendo en conta que se trata dunha medida de adaptación .<br>A licitadora facilita o acceso a formación profesional desenvolta pola entidade (FUNDAE, formación para o emprego) en horario laboral, o que podería conlevar no seu caso a adaptación da xornada para a asistencia a cursos de formación. |
| Criterio Nº 4: Compromiso de Aplicación de Medidas Concretas de Xestión Ambiental e Eficiencia Enerxética. |
| 4.1.- Planificación e protocolo de actuación en materia de redución, recollida, reciclaxe e reutilización de residuos, a partir dos requisitos mínimos esixidos no PPT (cláusula 4). |
| Presentan un protocolo de planificación e acción para a redución, recollida, reciclaxe e reutilización de residuos, no cal contan:<br>1. Plan de xestión de residuos e achegas de contedores de reciclaxe. Recollida, a selección, o almacenamento, o transporte, a valorización e a eliminación de todo tipo de residuos, así como a vixilancia destas funcións.<br>Distintos tipos de residuos que se agrupan segundo a súa natureza e riscos asociados:<br>1. Residuos orgánicos biodegradables, que se xeran nas cociñas e outras dependencias.<br>2. Envases plásticos, metálicos, de vidro e cartóns procedentes de embalaxes.<br>3. Derivados dalgúns consumibles do centro, como os tóner e diferentes tipos de lámpadas e fluorescentes.<br>4. Os aceites usados.<br>5. Os residuos con risco biolóxico, desechables clínicos e bio-perigosos, todos eles derivados dos coidados que se prestan aos residentes: inxectables, curas ou analíticas.<br>- Prevención, formación e sensibilización do persoal.<br>1. Realizar unha correcta xestión de almacéns e de provisións, principalmente en cociña e enfermería, é un aspecto esencial para evitar alimentos ou medicamentos e material auxiliar caducados que deban refugarse e exceso de comida elaborada.<br>2. Xestión de residuos por xestores autorizados: en cada caso, o Responsable de Calidade localizará a xestores |

| Lote 1- Pol |
|---|
| autorizados para a correcta xestión dos residuos, asegurando o cumprimento da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e chans contaminados.<br>3. Fomentar a clasificación dos residuos para facilitar a súa valorización e xestión: á parte da estratexia que se adopte para o tratamento e disposición final dos residuos, a parte máis importante é a separación e clasificación previa, preferentemente no lugar no que se xeran.<br>4. Formar ao persoal: en relación de boa gana prácticas ambientais, especificamente en materia de xestión de residuos e de utilización de elementos e produtos respectuosos co medio ambiente; dentro do plan de formación<br>5. Minimización da cantidade de residuos: Evitar que o provedor entregue produtos en envases non reutilizables como a verdura en cartón, froita embolsada, etc., usar formatos grandes para o consumo de produtos de limpeza, evitar utensilios que funcionen con pilas fomentando o uso destes conectados á rede, etc.<br>Establece o responsables da correcta execución do plan.<br>Na memoria determinase o persoal encargado de realizar o reciclaxe, nas súas diferentes fases, así como, o responsable do mesmo. |
| 4.2.- Compromiso de utilización de elementos e produtos respectuosos co medio ambiente, a partir dos requisitos mínimos esixidos no PPT (cláusula 4). |
| Amosan compromiso de usar elementos e produtos respectuosos co medio ambiente, ben pola súa composición respectuosa co medio ambiente, por ser de reciclaxe, biodegradables, ou ben polo aforro enerxético que implicaría o seu uso ou un correcto mantemento. As diferentes actuacións ou produtos se diferencian por prestacións.<br>Detallan as diferentes actuacións por prestacións a levar a cabo en materia medioambiental, a destacar, entre outros:<br>Atención sociosanitaria<br>Produtos que cumpran o Regulamento (CE) nº 1223/2009 sobre produtos cosméticos10.<br>A entidade será a responsable da xestión dos residuos sanitarios, debendo formar adecuadamente a seus traballadores na manipulación dos mesmos e cumprir cos requisitos da normativa.<br>Limpeza<br>Equipos bacteriostáticos, que son equipos instalados nos inodoros que axudan a preservar a limpeza e desinfección con cada descarga, e que deben ser substituídos periodicamente.<br>Xeradores de auga ionizada, que reduce ao mínimo o consumo de produtos de limpeza, xa que este auga tratada, consegue unha desinfección do 99% das bacterias, fungos e mofo.<br>Dosificadores especiais, para a aplicación dos produtos de limpeza.<br>Cocina<br>Adquisición de produtos en envases de vidro, metal e produtos de papel en lugar de plásticos, así como o uso de envases de reciclaxe e / ou retornables.<br>Análise do consumo, identificación do custo enerxético por prato, valorando o custo anual da actividade.<br>Implicación do persoal de cociña: formación como a sensibilización ambiental .<br>Uso de tecnoloxía eficiente: monitoraxe do consumo enerxético e ao uso de dispositivos que indican o consumo real dos equipos e a autorregulación da maquinaria segundo as necesidades de cada momento.<br>Lavandaría<br>Separar a roupa por cores: utilizando deterxentes e temperaturas diferenciadas.<br>Garántese o uso de deterxentes e produtos biodegradables.<br>Correcto uso da maquinaria e programas de lavado.<br>Axustar consumos de auga e temperatura da mesma, optimizando así o gasto de enerxía e auga: volume de carga do bombo optimizouse reducindo ao máximo os espazos entre bombo e envolvente, disposición de programas de aproveitamento das augas de lavado, incorporación de filtros e sistemas de recuperación das augas utilizadas no aclarado, a fin de reutilizalas conseguindo aforro sobre todo de auga.<br>Clasificar a roupa segundo sucidade.<br>Clasificar segundo ciclos de lavado.<br>Dosificadores especiais, para a aplicación dos produtos de limpeza. |

## Lote 2 - CAM Fonsagrada

| Lote 2- CAM A Fonsagrada |
|---|

| Lote 2- CAM A Fonsagrada |
|---|
| Criterio Nº 1: Calidade técnica da proposta ou proxecto de prestación dos servizos |
| 1.1- Coherencia, racionalidade, estrutura e detallada proposta. |
| A licitadora presenta unha definición do modelo prestacional, de Atención Xerontolóxica Centrada na Persoa, sendo esta metodoloxía de traballo a que se pretende implantar no CAM, como se reflexa na páxina 56 da memoria.<br>En canto a explicación e definición das actuacións que levará a cabo a licitadora para desenvolver axeitadamente as prestacións contratadas, valórase o seguinte:<br>Aloxamento: non se ofrece en detalle, aínda que se valora como mellora que as toallas de uso persoal serán reemplazadas cada tres días (o PPT establece cambio mínimo semanal)<br>Especial referencia a roupa de cama, mesa e aseo: no tocante á lencería do centro, a licitadora referencia que este tipo de roupa renóvase por parte do Centro Residencial coa frecuencia necesaria para que se manteña en condicións adecuadas de uso. Lembremos que a adxudicataria manterá o equipamento e as instalacións onde desenvolva as prestacións obxecto do contrato, en perfectas condicións de conservación e funcionamento, debendo para ese efecto, levar a cabo as reparacións e reposicións que sexan necesarias e facer fronte aos estragos propios do uso diario segundo se recolle no punto 7 dos PPT.<br>Cabe destacar unha falla de racionalidade da proposta presentada no tocante ao apoio e acompañamento. Na páxina 4 referencia que a prestación de aloxamento incluirá o ``apoio e acompañamento da persoa usuaria cando deba acudir a unha consulta médica ou a un servizo de urxencia, sen embargo, no apartado E. Atención xeriátrica e rehabilitadora a entidade reflexa que se efectúa o acompañento das persoas usuarias do aloxamento ao centro de saúde, ao hospital son acompañados pola familia ou achegados. En caso de que non teñan familiares e achegados encargaranse de xestionar un acompañamento . Lembramos que a adxudicataria deberá de cumprir o punto 86 dos PPT.<br>Valórase como mellora que a licitadora garantirá a realización de xestións persoais cando a persoa precise apoio para elo (compra, xestións bancarias, concello, etc.)<br>Descrición da asistencia nas actividades básicas da vida diaria: a licitadora ofrece unha explicación coherente das actuacións a levar a cabo. Valorándose como positivo que se garantizará o aseo persoal diario a todas as persoas usuarias, garantindo ducha diaria ou aseo completo. Entendendo todas as persoas usuarias tanto ás do servizo de atención residencial como atención diúrna, xa que a licitadora non diferencia. No apartado de medicación e administración de fármacos a licitadora reflexa que a administración será realizada pola enfermeiro/a e o persoal xerocultor, en caso de ausencia do DUE. Dado que as prestacións obxecto do contrato están incluídas na área de formación básica e instrumental, que comprende a asistencia ás actividades básicas e instrumentais da vida diaria, dentro das cales se enmarca a administración de medicación. Polo tanto, a administración da medicación é tarefa do persoal da adxudicataria, salvo excepcións, aínda que o/a DUE se atope no centro.<br>Cabe destacar que a licitadora presenta unha descrición de prestacións que non son obxecto do contrato: Servicio de ATS-DUE, psicóloga, terapeuta, traballadora social. Así como programas de rehabilitación e fisioterapia, terapias de psicoestimulación, ludoterapia, etc... destacando que non aporta persoal propio para levalo a cabo nin tampouco desenvolve as funcións das prestacións obxecto do contrato.<br>No tocante á adaptación da proposta ás necesidades específicas ás persoas usuarias, valórase moi positivamente que se teña en conta evitar o desarraigo das persoas maiores do rural, implementando estratexias que evitan a perda de amizades, costumes propias e historia de vida e a recuperación de relacións veciñais de orixe.<br>A licitadora non presenta estratexias de entrada á realización da prestación e saída da mesma dunha maneira detallada.<br>No apartado de actuacións e medidas para garantir a autonomía das persoas usuarias, a súa motivación, estratexias para favorecer a realización de actividades significativas e útiles. Valórase moi positivo que a licitadora presente proxectos de integración coa comunidade do Concello da Fonsagrada (asociacións, institucións, comunidade educativa) garantindo a presencia e acompañamento das persoas usuarias aos eventos culturais do Concello. |
| 1.2.- Organización, descrición e planificación das prestacións |
| Neste apartado, terase en conta a relación de medios persoais e materiais adscritos a execución do contrato segundo o establecido na cláusula 6 dos PPT, e na cláusula 7.2.6 dos PCAP.<br>Respecto aos medios persoais<br>Na páxina 41, os cadros presentados como medios persoais e distribución dos mesmos por quenda, obsérvase o non cumprimento do establecido no punto 6 dos PPT así como, a normativa autonómica en materia de ratios de persoal.<br>Respecto aos medios materiais, a entidade licitadora presenta unha relación de utensilios de cociña e comedor que se consideran insuficientes para un bo funcionamento do centro. En canto aos medios materias para traballadores/as estímase como mellora en relación os PPT unha impresora e unha trituradora de papel pero non fai mención da roupa de traballo para os/as mesmos/as. |

| Lote 2- CAM A Fonsagrada |
| --- |
| Na proposta presentada non queda claro que a licitadora adquira o compromiso de dotarse de tódolos medios materias e ferramentas e útiles necesarios para levar a cabo as prestacións relacionados co coidado e atención a persoas usuarias, tal e como se contempla no punto 71 dos PPT, sendo preciso lembrar que a adxudicataria deberá cumprir esta obriga.<br>Sobre a organización, planificación e metodoloxía do plan de traballo para cada unha das prestacións, valórase o seguinte:<br>Respecto á prestación de manutención: non presenta un plan de traballo pormenorizado<br>Respecto á prestación de limpeza e lavandería, a licitadora tense en conta o seguinte, respecto a estas prestacións:<br>- Prestación de limpeza:<br>Non presenta un plan de traballo pormenorizado pero sí un plan de limpeza. En dito plan establécese a periocidade da limpeza das zonas comúns incumplido o establecido nos PPT: nos baños comúns establecen unha limpeza dunha vez ao día, sendo necesario para o cumprimento dos mesmos dúas veces. En canto a limpeza das escaleiras, establecen que realizarase a mesma cada dous días, sendo establecido nos PPT unha vez ao día.<br>A licitadora non recolle igualmente , dentro do seu plan de limpeza:<br>A preparación da habitación, que comprenderá unha limpeza xeral de habitación, mobiliario (interior e exterior) e aseo, con muda de toda a lencería de cama e ventilación en caso de novo ingreso<br>A limpeza anual de todas as instalación que se efectuará como mínimo catro veces ao ano<br>A desafectación e a desratización, realizarase con carácter xeral de forma anual, salvo que existan indicadores que alerten da necesidade de realizala con maior frecuencia.<br>Neste aspecto, destacar igualmente que o persoal presentado pola licitadora é insuficiente para dar cumprimento a un bo estado de hixiene, salubridade e habitabilidade do centro, tal e como recollen os PPT<br>- Prestación de lavandería:<br>A licitadora non presenta un plan de traballo pormenorizado.<br>Respecto á prestación de actividades da vida diaria, a licitadora presenta un plan de traballo que non é coherente nin viable co persoal que asignan a realización de ditas actividades.<br>Os horarios propostos para o almorzo, xantar e cea non se axustan o horario establecido no regulamento interno publicado. Neste sentido, cabe destacar que a franxa horaria proposta polo licitador é moi reducida na administración das diferentes comidas do día.<br>Os cambios posturais non aparecen recollidos no plan de traballo presentado pola entidade licitadora, pero recóllense no punto 1.1.7, descrición da asistencia nas actividades básicas da vida diaria e nos protocolos cumprindo o requirido nos PPT.<br>No tocante as actividades de ocio e tempo libre, enmarcadas nas actividades da vida diaria, a entidade licitadora na súa páxina 48, presenta unha descrición de terapias para o centro levadas a cabo na maioría por un/unha terapeuta ocupacional. Neste sentido cabe subliñar, que no cadro de persoal presentado pola entidade licitadora non presenta esta figura profesional.<br>Igualmente, o resto de actividades de ocio e tempo libre licitadora, non presenta nin unha metodoloxía para a súa realización, nin fai referencia o persoal que as levará a cabo.<br>Con respecto ao presente punto, Organización, descrición e Planificación de Prestacións, indicar que a licitadora recolle funcións que non son propias do obxecto do contrato, facendo referencia a funcións de dirección, funcións e tarefas da terapeuta ocupacional, funcións da traballadora social entre outros.<br>Con respecto aos protocolos valórase o seguinte:<br>A licitadora presenta os protocolos esixidos nos PPT. Do conxunto dos mesmos obsérvase que non presentan unha metodoloxía clara e definida, así como tampouco presenta un fluxograma de procesos que defina unha secuencia clara e concisa do requirido para cada protocolo. Destácase como positivo que todos presentan rexistros asociados. Mencionamos a continuación os aspectos máis destacables dos protocolos:<br>Protocolo de atención a Incontinencias: conta con rexistros asociados, a licitadora reflexa que este instrumento de control de esfínteres estará situado no baño, considerándose que non é unha boa ubicación que garanta a intimidade da persoa usuaria, sendo este un dos principios básicos da atención centrada na persoa, polo que se pode dar unha falta de coherencia entre o exposto na memoria e o que recollen os protocolos.<br>Protocolo de comunicación e de seguimento das prestación obxecto de facturación: a licitadora presenta tres protocolos: un de comunicacións, outro de recepción de aviso e avarias mantemento (este último non se entra a valoración por non ser obxecto do contrato) así como específico das prestacións obxecto do contrato. Valorados os mesmos, non existe unha metodoloxía clara nin un fluxograma onde se estableza os canais de comunicación. Sí presentan rexistros asociados.<br>Valórase como positivo que a licitadora poñerá a disposición do centro un software de xestión, greengeriatric. |
| 1.3.- Calidade prestacional. |

| Lote 2- CAM A Fonsagrada |
|---|
| No apartado Calidade Prestacional, a licitadora indica diversos principios a ter en conta para a execución das prestacións obxecto do contrato, tales como autonomía, integración, normalización, atención integral etc. Os mesmos son valorados no apartado 1.1 do presente informe.<br>A entidade licitadora, indica neste apartado a existencia dun Plan de Formación, pero na documentación achegada non se detalle o Plan polo que non é posible valorar o mesmo.<br>Respecto ao "Compromiso co medio ambiente", a entidade adxudicataria non establece actividades concretas e temporalidade, e de ser presentadas medidas as mesmas, serían valoradas no criterio 4.<br>A entidade indica que conta cun Plan de Calidade, sen poder profundizar na súa adaptación ao modelo de xestión proposto debido a falta de acceso/presentación do mesmo.<br>Respecto aos protocolos de atención ás persoas usuarias que non sexan de obrigado cumprimento, dentro das prestacións obxecto do contrato, presentadas na oferta licitadora, valórase o seguinte:<br>1. Protocolo de conductas que alteren a convivencia do centro: Sinalar que se establece como obxectivo deste protocolo "evitar conductas ou comportamentos que alteren a convivencia na Residencia Villanueva de Osco", non sendo polo tanto un protocolo específico para o CAM da Fonsagrada (entendese polos que valoran como un erro de transcrición). Así mesmo, as actuacións a desenvolver neste protocolo tamén se ben incluídas no seguinte achegado (" Protocolo de interacción en problemas de exceso de conducta, axitación, deambulación e alucinacións"), valorándose unha duplicidade de protocolos o que non sería operativo aos efectos prácticos. Non se valora polo tanto para a puntuación deste apartado.<br>2. Protocolo de iteración en problemas de exceso de conducta, axitación, deambulación e alucinacións: Este protocolo valórase completo e coherente coas prestacións obxecto do contrato, tendo en conta que se observa un erro ao non incluír as persoas usuarias do centro de atención diúrna nel. Valórase de relevancia e importancia para o normal funcionamento do centro.<br>3. Protocolo de saídas e coordinación coa contorna: estímase que este protocolo non se adapta as prestacións obxecto do contrato ao incluír no mesmo persoal que non depende da empresa licitadora, como indicar que a dirección se porá en contacto coa familia, cando esta medida será decidida, e en tal caso levada a cabo polo persoal da Deputación de Lugo. Á non estar adaptado ao modelo de xestión proposto, non se valora.<br>4. Traslados e acompañamentos: neste protocolo detéctase un incumprimento dos PPT (punto 86), tal e como se indica nos apartados anteriores do presente informe. Lembrarase que os PPT son de obrigado cumprimento, e cos mínimos establecidos nos mesmos.<br>5. Protocolo de contención mecánica: respecto ao mesmo indicar que se ben pode ser necesario a súa implementación en ocasións extremas, deberase ter en conta sempre os principios de atención xerontolóxica centrada na persoa, polo que o ideal e non levar o mesmo á práctica para evitar as medidas de suxeición no centro, procurando na actividade diaria a non existencia das mesmas. Esta casuística ben correctamente recollida no protocolo presentado, polo que se valora a súa achega como un protocolo non obrigatorio presentado, indicando que soamente se ten en conta respecto á parte que afecta a atención dos profesionais da empresa adxudicataria que levan a cabo as prestacións de atención de vida diaria.<br>6. Protocolos de fugas. Valórase de xeito favorable e como mellora a presentación deste protocolo, sempre tendo en conta que deberá afectar ao persoal propio da licitadora.<br>7. Protocolos de atención nocturna. Valórase de xeito favorable e como mellora e sempre tendo en conta que deberá afectar ao persoal propio da licitadora.<br>8. Protocolo de ingreso, acollida e adaptación presentado, non se valora este protocolo presentado a maiores debido a que non afecta ás prestacións obxecto do contrato.<br>9. Protocolo de ausencias no centro. O indicado no obxectivo do Protocolo é "levar un control das posibles ausencias das persoas usuarias no centro, ben sexa por hospitalización ou por integración familiar", non podéndose valorar o mesmo xa que este obxectivo non se relaciona coas prestacións obxecto do contrato, sendo o mesmo desempeñado por persoal da propia Deputación de Lugo.<br>10. Protocolo de altas e baixas do centro. O indicado no obxectivo do Protocolo é "levar un control das altas e baixas das persoas usuaria, xa sexa por renuncia, traslado, defunción, etc.". Non se entra a valoración do mesmo, xa que este obxectivo non se relaciona coas prestacións obxecto do contrato, xa que desenvolve actuacións propia da dirección do centro, tales como o contacto coa familia para a recollida de enseres persoais, coa previsión de que estas actuacións serán levadas a cabo por parte do persoal da propia Deputación de Lugo.<br>Indica a entidade, que disporá dun buzón de "Queixas e suxerencias", que "será supervisado semanalmente pola persoa responsables de todas as suxerencias e queixas teranse en conta á hora de tomar decisións no centro". Sobre esta proposta presentada é necesario indicar que, podería ser puntuable coma mellora se a medida proposta consistira, e se indicase así de xeito expreso na proposta, coma un buzón de queixas e suxerencias para uso dos e das empregadas da empresa licitadora, creando unha nova vía de comunicación que resulte operativa, motivadora e axude a mellora o clima |

| Lote 2- CAM A Fonsagrada |
|---|
| laboral. Sen embargo pola redacción da proposta, debido a falta de detalle coa que se indica a mesma, non se pode valorar se esta medida se adapta as prestacións obxecto do contrato, non sendo polo tanto valorada a proposta como mellora.<br>O indicado respecto a dispoñibilidade dun Protocolo de queixas, suxerencias e reclamacións, non é tido en conta coma mellora xa que se trata dun protocolo obrigado segundo o indicado nos PPT.<br>Respecto ao bo clima laboral, indica a entidade licitadora que "todos os anos a través da formación subvencionada faremos talleres de habilidades sociais e educación emocional...". Se ben se valora de interese a proposta, a mesma non conta cun detalle suficiente dado que non especifica actividades específicas nin temporalidade, sí facendo mención a unha actividade realizada pola entidade ("Pensamento Positivo, comunicación non violenta, e resolución de conflitos no ámbito xeriátrico"), pero non achega un reporte documental suficiente para comprobar a realización efectiva desta actividade. Enténdese neste apartado que a empresa, en caso de ser adxudicataria, realizará actividades formativas, orientadas á mellora do bo clima laboral e da resolución de conflitos, sendo isto a mellora a puntuar.<br>A entidade indica que "tamén no plan de formación axuntado plantexamos unha formación en habilidades sociais", non tendo acceso ao Plan de Formación indicado por non estar na documentación achegada pola entidade licitadora.<br>Por último, respecto á implantación das novas tecnoloxías para á promoción da autonomía persoal, valórase o seguinte:<br>- Respecto a posibilidade de desenvolver actividades no Telecentro, se ben as propias actividades non se valoran como unha mellora, dado que non dependen da entidade licitadora en sí mesmas, sí se valora como tal que a entidade licitadora designe a unha auxiliar encargada para procurar un taller coordinado coa persoa responsable do Telecentro, buscando unha colaboración que permita que as persoas usuarias do Centro realicen estas actividades.<br>Ao respecto das actividades relacionadas coas ferramentas dixitais, que se leven a cabo no propio centro, indicar o seguinte:<br>- Ao respecto da axuda á utilización de móbiles de última xeración, enténdese a proposta como que o persoal da empresa licitadora apoiará e axudará as persoas usuarias que dispoñan destes terminais, polo que se valora tamén a medida como mellora.<br>- Sobre o acceso aos equipos informáticos e a posibilidade de comunicarse cos familiares mediante aplicacións ou ferramentas dixitais, estímase a medida como mellora, tendo en conta o que se indicará ao final deste apartado.<br>- Respecto á implantación no centro da Terapia Wii, con todo o que implica, sobre todo ao indicado respecto a que se empregará esta ferramenta para fomentar as relacións sociais, realizando actividades por equipos, tendo en conta que no caso de haber demanda das persoas usuarias, serán incrementadas as mesmas con máis frecuencia, así como incluír un taller xeracional con nenos/as, estímase a medida como mellora, atendendo ao indicado a continuación.<br>Se ben, ambas medidas estímanse como favorables e polo tanto melloras, non é posible outorgárselles a puntuación completa debido a que para a realización das mesmas, é preciso contemplar nos medios materiais os elementos necesarios para a súa implementación, non sendo os mesmos recollidos na páxina 56 da proposta. |
| Criterio Nº 2: Calidade técnica da proposta do servizo de restauración no ámbito nutricional e de calidade dos produtos alimentarios. |
| 2.1.- Proposta de manutención e dietas (...). |
| Valórase neste apartado a proposta dunha manutención e dietas a partir dos requisitos mínimos establecidos nos PPT.<br>Os aspectos a valorar e que se estima que a licitadora cumpre na súa proposta é a presentación de dietas que recollan alimentos de tódolos grupos, (basal, protección gástrica, diabética, hipolipeniante, pobre en purinas, sen sal, blanda, thurmix e astrinxente)<br>Destacamos que da proposta presentada, non se recolle a supervisión dos mesmos por parte dunha persoa Graduada en Nutrición Humana e Dietética ou Técnica Superior en Dietética, que garantirán a achega calórica a calidade nutritiva (punto 34 dos PPT) e que será de obrigado cumprimento.<br>Especial mención se fai a que a licitadora non reflexa as pautas técnicas saudables de preparación de alimentos (fervido, á grella, ao vapor). Da proposta presentada obsérvase unha pauta técnica de menor recomendación (excesivo uso de fritos).<br>Da proposta presentada non se cumpre o punto 36 dos PPT: Os menús terán unha rotación mínima de 15 días, entendendo por rotación o número de días que transcorren para a repetición dun dos pratos do menú, excluído a sobremesa. Na semana dúas do menú de primavera verán repítese o segundo prato dúas veces na quincena.<br>Os postres lácteos procesados, teñen unha presencia significativa do menú, non podendo discriminar os mesmos xa que non se refiren que se van a elaborar no centro.<br>Da proposta presentada e en relación coa oferta de peixe branco e azul a licitadora non ofrece pescado fresco suficiente e para dar cumprimento ao punto 59 dos PPT. |

| |
|---|
| Lote 2- CAM A Fonsagrada |
| Cabe destacar a composición dos menús de almorzo e merenda baseados en produtos procesados, lembrando que este tipo de alimento non forma parte dunha dieta saudable, e dos criterios que se recollen nos PPT. |
| 2.2.- Compromiso expreso de incluír nos menús produtos de proximidade, de tempada, con certificación de denominación de orixe, procedentes da agricultura e gandería sostible, e/ou con métodos de produción tradicional, a maiores dos mínimos especificados na cláusula 4 do PPT (...). |
| A licitadora indica unha relación de provedores próximos á zona, de xeito específico valórase o seguinte:<br>Todos os provedores presentados son próximos ao CAM, polo que cumpren o requisito de proximidade. A relación de provedores proposta recolle produtos que van ter un maior consumo diario no centro, así como presenta un provedor co selo de Agricultura Ecolóxica de Galicia certificado na súa produción, Cooperativas Ribeira do Navia, con número de rexistro do CRAEGA GA/01997-PV. Tamén se valora deste provedor a produción con métodos tradicionais.<br>Destacar que a licitadora non presenta relación de provedores de leite e produtos lácteos de proximidade, sendo estes de maior consumo no CAM. Apartado de obrigado cumprimento segundo o punto 53 dos PPT |
| 2.3.- Compromiso da elaboración de menús extraordinarios, a maiores dos mínimos esixidos na cláusula 4 dos PPT, con alimentos que os complementen, baseados na tradición gastronómica local adaptada as persoas usuarias do centro (....). |
| A entidade licitadora presenta os menús extraordinarios esixidos no punto 40 dos PPT. A composición adecúase ao esixido. A maiores presenta dous menús: Feira do Butelo e Entroido: a composición adecúase á gastronomía local da festividade referenciada.<br>Non se valora o Magosto, xa que non presenta un menú diferenciado, unicamente referencia merenda de castañas asadas.<br>Da memoria técnica presentada non se recolle ningún tipo de merenda que se debe realizar unha vez ao mes e con motivo da celebración de aniversarios, punto 41 dos PPT. |
| Criterio Nº 3: Compromiso De Aplicación De Medidas De Conciliación Entre A Vida Persoal E Familiar Coa Laboral. |
| 3.1.- Melloras sobre os dereitos da traballadora embarazada (realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto na xornada laboral, adaptación de condicións de traballo, asignación de postos compatibles co estado de embarazo). |
| A licitadora indica que a traballadora poderá dispoñer do día completo para a realización de actividades relacionadas coa preparación ao parto sen ter que asistir ao seu posto de traballo, valorándose a mesma cunha mellora respecto ao Convenio e a normativa en vigor. |
| 3.2.- Melloras sobre os permisos de paternidade ou maternidade. |
| A entidade licitadora, respecto a este punto realiza catro melloras:<br>Con respecto o recollido na Lei 6/2018 do 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado que modifica o Estatuto dos Traballadores, que amplía a 5 semanas o permiso de paternidade, a licitadora amplia dito permiso a 6 semanas.<br>En canto o artigo 48,4 do Estatuto de traballadores que recolle no suposto de parto, a suspensión terá unha duración de dezaseis semanas ininterrompidas, a licitadora amplíao a 17 semanas<br>No artigo anterior, que recolle igualmente a ampliación de esas 16 semanas no caso de parto múltiple en 2 semanas máis por cada fillo/a a partir do segundo, a licitadora o amplía a 19 semanas.<br>A entidade licitadora indica con respecto a lactancia, a posibilidade de acumular as horas da mesma en xornadas completas. |
| 3.3.- Existencia de cheque servizo ou acceso a recursos que faciliten a atención de menores ou persoas dependentes. |
| A entidade licitadora non recolle ningunha mellora respecto a este punto. |
| 3.4.- Melloras sobre a redución de xornada, excedencias. |
| A entidade licitadora non recolle ningunha mellora respecto a este punto. |
| 3.5.- Medidas de flexibilización, adaptación ou reasignación de servizos e horarios. |
| Neste apartado a empresa licitadora presenta tres melloras respecto ao establecido :<br>• 0pción a calquera cambio de quenda |

| Lote 2- CAM A Fonsagrada |
|---|
| • Posibilidade de realizar xornadas a tempo parcial<br>• Flexibilidade horaria ante necesidades urxentes persoais ou por accidentes ou enfermidades dun familiar.<br>En canto o punto recollido pola licitadora da posibilidade de "reducir o horario do xantar (auxiliar centro de día) para saír antes", non é posible valoralo, xa que tendo en conta os descansos diarios por quenda de persoal presentados na páxina 47. Ademais do anterior, a ratio de persoal presentado pola licitadora é insuficiente para levar a cabo dita medida. |
| Criterio Nº 4: Compromiso de aplicación de medidas concretas de xestión ambiental e eficiencia enerxética. |
| 4.1.- Planificación e protocolo de actuación en materia de redución, recollida, reciclaxe e reutilización de residuos, a partir dos requisitos mínimos esixidos no PPT (cláusula 4). |
| A empresa licitadora neste apartado, achegan unha serie de medidas a ter en conta para posibilitar un maior aforro de materiais na execución das prestacións, pero non se valora que a proposta se estruture como un protocolo de actuación en si mesmo en materia de redución, recollida, reciclaxe e reutilización de residuos. Buscando o maior beneficio para a empresa licitadora neste apartado, terase en conta as medidas propostas respecto a redución, recollida e reciclaxe daquelas prestacións obxecto do contrato:<br>- Empregarán produtos de celulosa 100% reciclables, con lencería de algodón orgánico, mediante provedores que subministran produtos de calidade e 100% reciclables. Esta medida será en tal caso comprobada durante a execución das prestación.<br>- Respecto a empregar equipos con sistemas de aforro enerxético, valórase esta mellora xa que páxina 55 establecen medios materiais que poden contar con este sistema (como impresora e computador), así como as medidas de apagado de equipos e configuración de pantallas.<br>- Instalar interruptores con temporizadores en baños, zonas comúns, etc.<br>- Substituír bombillas con fluorescentes (non é obxecto do contrato).<br>- Colocar en grifos difusores e limitadores de presión para diminuír a cantidade de auga empregada.<br>- Colocar dispositivos de dobre carga en cisterna.<br>- Empregar de forma preferente e na medida do posible papel reciclado.<br>- Substituír as pilas dun solo uso por pilas recargables.<br>- Comprar produtos reciclados sempre que sexa posible.<br>- Valórase como unha medida de moito interese a levar a cabo a colocación dunha compostadora para un aproveitamento dos residuos orgánicos das comidas. |
| 4.2.- Compromiso de utilización de elementos e produtos respectuosos co medio ambiente, a partir dos requisitos mínimos exixidos no PPT (cláusula 4). |
| Respecto do compromiso de utilización de elementos e produtos respectuosos co medio ambiente:<br>Valórase como mellora respecto ao establecido nos PPT, e serán verificadas durante o transcurso da execución das prestacións as seguintes:<br>- Na proposta da licitadora indica que se compromete á utilización de elementos e produtos respectuosos co medio ambiente.<br>- A licitadora, indica que non estará permitido o uso de toalliñas húmidas debido ao problema ambiental que están a xerar as mesmas.<br>- Respecto ao apartado de "Materias", valórase como mellora, e será comprobado o seu uso no transcurso do contrato o seguinte:<br>Elixir produtos que estén certificados adecuadamente como ecolóxicos ou respectuosos con medio ambiente.<br>Substituír rotuladores por lápices de cores sen esmaltar.<br>Elixir gomas de borrar, sen PVC...<br>Comprar materiais de oficina que se poidan reciclar.<br>Evitar aerosoles.<br>Adquisición de materiais con envases reciclados ou biodegradables ao menos reutilizables ou retornables.<br>- Respecto ao indicado no apartado de "Almacenamento", valórase como favorable o sistema de almacenaxe e etiquetado. |

## 5.- Resumo:

Lote 1 – POL

| Criterio | Mensajeros de la Paz |
|---|---|
| 1. Calidade técnica da proposta ou proxecto prestacional. | 14,50 |
| 1.1- Coherencia, racionalidade, estrutura e detalle da proposta | 5,10 |
| Definición e descrición do modelo prestacional: principios de organización e de atención aos usuarios. | 1,50 |
| Explicación e definición das actuacións que levará a cabo o contratista para desenvolver adecuadamente as prestacións contratada. | 1,50 |
| Adaptación da proposta ás necesidades específicas dos usuarios do centro. | 0,10 |
| Estratexias de entrada á realización da prestación e saída da mesma. | 0,90 |
| Actuacións e medidas para garantir a autonomía das persoas usuarias, a súa motivación, o fomento da súa responsabilidade na toma de decisións | 0,80 |
| Estratexias para favorecer que as persoas usuarias realicen actividades significativas, útiles e que estén dentro de súa cosmovisión (actividades que estean presentes na súa historia de vida e forma de expresión). | 0,30 |
| 1.2.- Organización, descrición e planificación das prestacións | 5,10 |
| Relación dos medios persoais e materiais adscritos a execución do contrato, segundo o disposto na cláusula 7.2.6 deste PCAP e no propio PPT (cláusula 6ª). | 0,70 |
| Proposta de organización e planificación detallada e diaria das prestacións a realizar e metodoloxía de traballo nos que se establezan horarios e funcións concretas relacionadas coa alimentación, co apoio as actividades da vida diaria, la lavandería e limpeza. Atenderase á descrición pormenorizada do plan de traballo para cada unha das prestacións con indicación das actuacións e/ou tarefas que comprende cada un deles; así mesmo atenderase á exposición dos principios, obxectivos e metodoloxía de traballo; ás medidas de coordinación entre as prestacións obxecto de contrato e ás que no seu caso se establezan para coordinar as actuacións e relacións entre as súas responsables. | 2,60 |
| Proposta de protocolos de actuación de obrigada realización segundo a cláusula 3.4.1 dos PPT, con indicación da súa implementación, avaliando positivamente a implantación de medios tecnolóxicos para procurar a eficacia e eficiencia nos cumprimentos dos mesmos. Estos protocolos deberán respectar os parámetros fixados coa condición de mínimos na cláusula 3.4.1 do PPT | 1,80 |
| 1.3.- Calidade prestacional | 4,30 |
| Actuacións encamiñadas a mellorar a calidade nas prestacións contratadas. Valorarase o detalle, calidade expositiva e coherencia das actuacións, medidas e procedementos propostos para a avaliación da calidade dos servizos, así como a súa repercusión na calidade de vida das persoas usuarias do centro e a expresión dos métodos de control e seguimento. | 1,80 |
| Procedementos de avaliación e control da calidade tales como realización de auditorías, espazos de supervisión profesional, protocolos de atención aos usuarios e, que non sexan de obrigado cumprimento, e dentro das prestacións obxecto do contrato. | 0,40 |
| Actuacións para a concienciación da importancia do bo clima laboral das persoas traballadoras pertencentes a adxudicataria: especificaranse as actividades que se fagan neste sentido, co fin de que redunde nunha calidade maior na atención ás persoas usuarias. | 0,90 |
| Implantación das novas tecnoloxías na promoción da autonomía persoal: actuacións, ferramentas ou materiais complementarios baseados nas novas tecnoloxías para a promoción da autonomía persoal. | 1,20 |
| 2. Proposta dos produtos alimenticios no ámbito da sustentabilidade e de calidade dos mesmos. | 4,30 |
| 2.1.- Proposta de manutención e dietas (...) | 3,00 |
| 2.2.- Compromiso expreso de incluír nos menús produtos de proximidade | 1,00 |
| 2.3.- Compromiso da elaboración de menús extraordinarios | 0,30 |
| 3. Compromiso de aplicación de medidas de conciliación na execución das prestacións contratadas. | 1,60 |
| 3.1.- Melloras sobre os dereitos da traballadora embarazada | 0,30 |
| 3.2.- Melloras sobre os permisos de paternidade ou maternidade | 0,30 |
| 3.3.- Existencia de cheque servizo ou acceso a recursos que faciliten a atención de menores ou persoas dependentes | 0,00 |
| 3.4.- Melloras sobre a redución de xornada, excedencias | 0,30 |
| 3.5.- Medidas de flexibilización, adaptación ou reasignación de servizos e horarios | 0,70 |

| Criterio | Mensajeros de la Paz |
|---|---|
| 4. Compromiso de aplicación de medidas concretas de xestión ambiental e de eficiencia enerxética na execución prestacional. | 2,00 |
| 4.1.-Valorarase a planificación e protocolo de actuación en materia de redución, recollida, reciclaxe e reutilización de residuos | 1,00 |
| 4.2.-Valorarase o compromiso de utilización de elementos e produtos respectuosos co medio ambiente | 1,00 |
| Total | 22,40 |

Lote 2- CAM A Fonsagrada

| Criterio | As Rodas Vivenda Comunitaria,SL |
|---|---|
| 1. Calidade técnica da proposta ou proxecto prestacional. | 10,55 |
| 1.1- Coherencia, racionalidade, estrutura e detalle da proposta | 6,00 |
| Definición e descrición do modelo prestacional: principios de organización e de atención aos usuarios. | 2,00 |
| Explicación e definición das actuacións que levará a cabo o contratista para desenvolver adecuadamente as prestacións contratada. | 1,00 |
| Adaptación da proposta ás necesidades específicas dos usuarios do centro. | 1,00 |
| Estratexias de entrada á realización da prestación e saída da mesma. | 0,00 |
| Actuacións e medidas para garantir a autonomía das persoas usuarias, a súa motivación, o fomento da súa responsabilidade na toma de decisións | 1,00 |
| Estratexias para favorecer que as persoas usuarias realicen actividades significativas, útiles e que estén dentro de súa cosmovisión (actividades que estean presentes na súa historia de vida e forma de expresión). | 1,00 |
| 1.2.- Organización, descrición e planificación das prestacións | 2,25 |
| Relación dos medios persoais e materiais adscritos a execución do contrato, segundo o disposto na cláusula 7.2.6 deste PCAP e no propio PPT (cláusula 6ª). | 0,25 |
| Proposta de organización e planificación detallada e diaria das prestacións a realizar e metodoloxía de traballo nos que se establezan horarios e funcións concretas relacionadas coa alimentación, co apoio as actividades da vida diaria, la lavandería e limpeza. Atenderase á descrición pormenorizada do plan de traballo para cada unha das prestacións con indicación das actuacións e/ou tarefas que comprende cada un deles; así mesmo atenderase á exposición dos principios, obxectivos e metodoloxía de traballo; ás medidas de coordinación entre as prestacións obxecto de contrato e ás que no seu caso se establezan para coordinar as actuacións e relacións entre as súas responsables. | 1,00 |
| Proposta de protocolos de actuación de obrigada realización segundo a cláusula 3.4.1 dos PPT, con indicación da súa implementación, avaliando positivamente a implantación de medios tecnolóxicos para procurar a eficacia e eficiencia nos cumprimentos dos mesmos. Estos protocolos deberán respectar os parámetros fixados coa condición de mínimos na cláusula 3.4.1 do PPT | 1,00 |
| 1.3.- Calidade prestacional | 2,30 |
| Actuacións encamiñadas a mellorar a calidade nas prestacións contratadas. Valorarase o detalle, calidade expositiva e coherencia das actuacións, medidas e procedementos propostos para a avaliación da calidade dos servizos, así como a súa repercusión na calidade de vida das persoas usuarias do centro e a expresión dos métodos de control e seguimento. | 0,50 |
| Procedementos de avaliación e control da calidade tales como realización de auditorías, espazos de supervisión profesional, protocolos de atención aos usuarios e, que non sexan de obrigado cumprimento, e dentro das prestacións obxecto do contrato. | 0,30 |
| Actuacións para a concienciación da importancia do bo clima laboral das persoas traballadoras pertencentes a adxudicataria: especificaranse as actividades que se fagan neste sentido, co fin de que redunde nunha calidade maior na atención ás persoas usuarias. | 0,50 |

| Criterio | As Rodas Vivenda Comunitaria,SL |
|---|---|
| Implantación das novas tecnoloxías na promoción da autonomía persoal: actuacións, ferramentas ou materiais complementarios baseados nas novas tecnoloxías para a promoción da autonomía persoal. | 1,00 |
| 2. Proposta dos produtos alimenticios no ámbito da sustentabilidade e de calidade dos mesmos. | 6,25 |
| 2.1.- Proposta de manutención e dietas (...) | 1,75 |
| 2.2.- Compromiso expreso de incluír nos menús produtos de proximidade | 3,50 |
| 2.3.- Compromiso da elaboración de menús extraordinarios | 1,00 |
| 3. Compromiso de aplicación de medidas de conciliación na execución das prestacións contratadas. | 1,40 |
| 3.1.- Melloras sobre os dereitos da traballadora embarazada | 0,30 |
| 3.2.- Melloras sobre os permisos de paternidade ou maternidade | 0,40 |
| 3.3.- Existencia de cheque servizo ou acceso a recursos que faciliten a atención de menores ou persoas dependentes | 0,00 |
| 3.4.- Melloras sobre a redución de xornada, excedencias | 0,00 |
| 3.5.- Medidas de flexibilización, adaptación ou reasignación de servizos e horarios | 0,70 |
| 4. Compromiso de aplicación de medidas concretas de xestión ambiental e de eficiencia enerxética na execución prestacional. | 1,75 |
| 4.1.-Valorarase a planificación e protocolo de actuación en materia de redución, recollida, reciclaxe e reutilización de residuos | 1,25 |
| 4.2.-Valorarase o compromiso de utilización de elementos e produtos respectuosos co medio ambiente | 0,50 |
| Total | 19,95 |

| Entidade Licitadora | Puntuación |
|---|---|
| Lote 1 – Pol | |
| Asociacion Edad Dorada Mensajeros de La Paz CML-Galicia | 22,40 |
| Lote 2 – A Fonsagrada | |
| As Rodas Vivenda Comunitaria, S.L. | 19,95 |

Este é o noso criterio ao respecto da avaliación dos criterios de adxudicación non avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas, recollidos na cláusula décimo segunda apartado 2 do PCAP do expediente.

Efectuouse unha exhaustiva e detallada explicación deste informe.Detectouse un erro subsanable no informe de valoración, onde di: “Lote I: CAM A Fonsagrada” debe dicir, “Lote II: CAM A Fonsagrada”.

O informe foi asumido polos integrantes da mesa de contratación, sen que se efectuase observación algunha por parte dos asistentes, salvo o erro amentado.

Acto seguido, unha vez feitas públicas as puntuacións obtidas no apartado de criterios cualitativos cuantificables mediante xuízo de valor, procédese á apertura do sobre “C”.

As puntuacións son as que se reproducen no cadro precedente, por lote e licitadores.

A cláusula 12.3 do PCAP establece:

“(...)

12.3 Criterios cualitativos cuantificables mediante cifras, porcentaxes ou valores automáticos. sobre C. Fomento da contratación indefinida; Plan de formación; Axudas técnicas; Ocio e tempo libre; Servizos complementarios.

| Criterio | Ponderación | Puntuación |
|---|---|---|
| 5. Fomento da contratación indfinida | 3 % | 0-3 puntos |
| 6. Plan de formación | 2 % | 0-2 puntos |
| 7. Axudas técnicas | 2 % | 0-2 puntos |
| 8. Acompañamento e actividades de ocio e tempo libre | 15 % | 0-15 puntos |
| 9. Prestacións complementarias ofertadas, non incluídas dentro do obxecto do contrato | 3 % | 0-3 puntos |
| Total | 25 % | 0-25 puntos |

A continuación establécese a definición destes criterios, a ponderación que se asigna a cada un deles a indicación sobre e o seu método de valoración e modo de presentala.

O compromiso de cumprimento dos criterios deste apartado 12.3 realizarase mediante o modelo contido no Anexo V deste PCAP a incluír no Sobre C.

Criterio Nº 5: fomento da contratación indefinida (estabilidade no emprego ex artigo 145.2 LCSP). Ponderación 3%. Puntuación 0-3 puntos.

Valorarase coa máxima puntuación a empresa que teña, no momento de presentar a oferta, maior porcentaxe de traballadores/as con contrato indefinido sobre o total de traballadores/as

contratados, no ámbito funcional do sector definido no artigo primeiro do IV convenio colectivo de residencias da terceira idade de Galicia (DOG 11/04/2018). O resto valoraranse proporcionalmente a esta.

As ofertas valoraranse utilizando a seguinte fórmula:

$$PUNTUACIÓN = 3 X \frac{T}{TM}$$

T: Porcentaxe de traballadores indefinidos do licitador a considerar no ámbito funcional do sector (artigo primeiro do IV convenio colectivo de residencias da terceira idade de Galicia -DOG 11/04/2018-).

TM: Porcentaxe de traballadores indefinidos do licitador que maior porcentaxe de traballadores indefinidos teña.

Forma de acreditar a consideración do fomento da contratación indefinida: A efectos de valorar este criterio as empresas licitadoras deberán aportar declaración responsable do seu administrador ou representante, conformado pola representación dos traballadores na empresa (no caso de non ter representante dos traballadores, será asinada por dous traballadores, dos que en todo caso deberá constar a súa identificación), conforme ao establecido nos artigos 61 e seguintes do Estatuto dos Traballadores (Ver anexo VI, a incluír no sobre C). En calquera caso e ante calquera tipo de dúbida, a Deputación poderá solicitar da empresa licitadora calquera outra información complementaria, para contrastar esta información, presentada como declaración responsable, de acordo co artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do PCAP.

Criterio Nº 6: plan anual de formación do persoal. Ponderación: 2% do total. Puntuación: 0-2.

Valorarase a presentación dun plan anual de formación específico en materias directamente relacionadas coas prestacións contratadas, actualizado e necesario para garantir a reciclaxe

profesional do persoal adscrito á súa execución. O plan de formación incluirá necesariamente un programa detallado con indicación de contidos, destinatarios, duración de cada curso ou actividade formativa, datas e horarios de impartición e profesorado encargado da mesma, a xuntar no sobre C.

As propostas de formación non afectarán á execución normal das prestacións contratadas.

Non se valorarán as propostas de formación que incumpran os requisitos anteriores, nin aqueloutra actividade formativa que teña carácter obrigatorio para a empresa/entidade, como a de prevención de riscos laborais.

Para a aplicación deste criterio atenderase ao número de horas e contido de formación propostas e outorgarase ata un máximo de dous puntos conforme ao seguinte baremo:

| Criterios | Ratio | Baremo |
|---|---|---|
| Horas (ata 1 puntos) | Plan de formación mínimo 10 horas/ano por traballador/a | 0 |
| | Plan de formación de ≥11 e < 20 e horas/ano por traballador/a | 0,25 |
| | Plan de formación de ≥20 e < 40 horas/ano por traballador/a | 0,75 |
| | Plan de formación de ≥ 40 horas/ano por traballador/a | 1 |
| Contidos (ata 1 puntos) | Plan de Formación sen ningunha acción especializada na atención de persoas maiores. | 0 |
| | Plan de Formación con a lo menos 1 acción especializada na atención xerontolóxica centrada na persoa. | 0,5 |
| | Plan de Formación con mais dunha acción especializada na atención xerontolóxica centrada na persoa. | 1 |

| Estimación económica | |
|---|---|
| Prezo formación (incluíndo custe de docente e material | 25 €/hora |

O compromiso alcanza o período de vixencia do contrato como condición especial de execución cualificado como obriga contractual esencial. A estes efectos o número de horas de formación ofrecidas por ano debe acreditarse antes do vencemento de cada anualidade.

Non obstante o anterior, no caso de non cumprirse integramente o plan de formación comprometido e coa valoración económica asignada, descontarase, ao adxudicatario, no pagamento da última factura ou na liquidación do contrato o importe equivalente as horas de formación ofertadas e non executadas no último semestre, posto que os incumprimentos precedentes, de

existiren, constitúen causa de resolución (cláusula 22.2.2 do PCAP).

Criterio Nº 7: compromiso de achega gratuíta á execución do contrato de soportes e axudas técnicas para os/as usuarios/as do centro. Ponderación: 2% do total. Puntuación: 0-2.

A elección e determinación dos soportes e axudas técnicas concretas a adquirir polo contratista e á súa costa (dentro das contías ofertadas) corresponderá á persoa Responsable do contrato, determinada no presente PCAP, atendendo en todo caso ás necesidades do Centro e dos seus usuarios, dentro dos seguintes parámetros:

Para a aplicación deste criterio atenderase ao importe comprometido polo licitador para a adquisición de axudas técnicas, así como material que contribúa neste eido a mellorar a atención ás persoas usuarias. Para iso, valoraranse as axudas técnicas detalladas, as cales se atopan recollidas no Catálogo de Produtos de Apoios do Centro de Referencia Estatal de Autonomía Persoal e Axudas Técnicas (http://www.ceapat.es/ceapat_01/cat_apo/cat_apo/catalogo/indes.htm):

1. Produtos de apoio para o coidado e a protección persoal: Produtos de apoio usados sobre o corpo para protexelo; Produtos de apoio para a estabilización do corpo; Produtos de apoio para vestirse e desvestirse; Produtos de apoio para funcións de aseo tales como introdución de supositorios, destinados a preservar a integridade dos tecidos, evacuación de ouriños, orinales non levados sobre o corpo e botellas para ouriños, así como para o apoio para a elevación de persoas; Produtos de apoio para lavarse, bañarse e ducharse; Produtos de apoio para manicura e pedicura; Produtos de apoio para o coidado do cabelo; Produtos de apoio para actividades sexuais; Produtos de apoio para comer e beber (terase en conta todos aqueles produtos de apoio que faciliten a realización desta actividade por parte da persoa usuaria).

2. Produtos de apoio para a mobilidade persoal: Todos aqueles produtos de apoio para transferencia ou xiro; Produtos de apoio para a mobilidade persoal manexados cun brazo (Bastóns, Muletas auxiliares, Bastóns e chávalas con tres ou máis patas, Andadores de apoio lateral); Produtos de apoio para a mobilidade persoal manexados con ambos os brazos (Andadores, Andadores con tres ou máis rodas); Accesorios para cadeira de rodas (Sistemas de

suxeición/retención do ocupante dunha cadeira de rodas, Coxíns para usuarios/as en cadeira de rodas).

3. Produtos de apoio para manipular obxectos e dispositivos: Produtos de apoio para compensar ou substituír as funcións do brazo, da man, dos dedos ou unha combinación destas funcións (Dispositivos para agarrar; Porta-obxectos levados no corpo; Soportes de manuscritos; Apoios de antebrazo para permitir actividades manuais).

4. Produtos de apoio sanitario: Coxíns de asento e protectores destinados a preservar a integridade dos tecidos; Respaldos e almohadillas para as costas para preservar a integridade dos tecidos; Produtos de apoio para preservar a integridade dos tecidos en posición deitada; Aspiradores (Dispositivos para aspirar secrecións e substancias dos pulmóns).

En a aplicación deste criterio, outorgásese ata un máximo de 2 puntos conforme ao seguinte baremo e segundo a contía ofertada:

- ≥ 400,00€ e < 800,00€ : 0,25 puntos.
- ≥ 800,00€ e <1.200,00€: 0,5 puntos.
- ≥1.200,00€ e <1.600,00€ : 1 puntos.
- ≥ 1.600,00€ e <2.000,00€: 1,5 puntos.
- ≥ 2.000,00€: 2 puntos.

Non se outorgará puntuación algunha por ofertas inferiores a 400,00 euros, nin se outorgará unha puntuación superior a 2 puntos por cantidades superiores a 2.000,00 euros.

As cantidades anteriormente establecidas son sen IVE.

O compromiso alcanza o período de vixencia do contrato, como condición especial de execución cualificada como obriga contractual esencial, cos efectos consecuentes do incumprimento (cláusula 22.2.2 do PCAP). A metade (50%) do importe asignado a estes soportes e axudas técnicas debe estar cumprido nos primeiros doce meses, dende a sinatura da acta de inicio das prestacións; o outro 25 % antes de vencer os 24 meses e o 25 % restante ante do vencemento

dos 36 meses de execución de cada contrato.

Excepcionalmente, se chegada a finalización do contrato, sen entregar algún deses soportes e axudas técnicas e estiver o contrato vixente, con ocasión de presentación da última factura ou da liquidación do contrato, descontarase do pagamento, ao adxudicatario, aqueles importes correspondentes a soportes e axudas técnicas ofertadas e non xustificados.

Para xustificar estas achegas, de soportes e axudas técnicas, durante a execución do contrato, deberán aportar a correspondente factura e transferencia.

Criterio Nº 8: compromiso de prestacións de actividades de acompañamento e actividades de ocio e tempo libre. ponderación: 15% do total. Puntuación: 0-15.

Para a aplicación deste criterio atenderase a creación dunha bolsa de horas, por parte da adxudicataria, para a realización de actividades de ocio e tempo libre adaptadas ao colectivo de persoas maiores, con indicación do persoal e actividades a realizar.

O/a profesional que leve a cabo estas actividades non computará para a ratio de atención directa.

Garantirase un reparto equitativo entre as horas de prestación ofertadas e a distribución semanal, ou anual, segundo corresponda. No caso da bolsa de horas de libre designación, estas deberán realizarse cando a Deputación así o indique. En todo caso, será con previo aviso 15 días, agás, que por razóns debidamente xustificadas ese prazo se vexa reducido no tempo, en aras de lograr unha maior efectividade na prestación da actividade.

| | Puntuación |
|---|---|
| Bolsa horas/semanais (L-S) (puntuación máxima 6 puntos) | |
| Bolsa de 6 horas/ semanais en horario de tarde (L-S), sendo unha ao día obrigatorio | 3 puntos |
| Bolsa de 12 horas/ semanais en horario de tarde (L-S), sendo unha ao día obrigatorio | 6 puntos |
| | |
| Bolsa horas para domingos e festivos (puntuación máxima 5 puntos) | |

| | |
|---|---|
| Bolsa 1 hora/ cada domingo | 2 puntos |
| Bolsa 2 hora/ cada domingo | 3 puntos |
| Bolsa 1 hora/ cada festivo | |
| Bolsa 2 hora/ cada festivo | |
| | |
| Bolsa de a libre disposición da Deputación de Lugo (puntuación máxima 15 puntos) | |
| Bolsa de 26 horas/ mensuais libre disposición do centro | 5 puntos |
| Bolsa de 52 horas/ mensuais libre disposición do centro | 10 puntos |
| Bolsa de 78 horas/ mensuais libre disposición do centro | 15 puntos |
| Total | 0-15 puntos |

| Estimación económica | Precio Estimado |
|---|---|
| 1 hora de actividade | 10, 32 €/hora |
| As xornadas realizada en domingo/festivo | +8,91 €/día |

Non se outorgará unha puntuación superior aos 15 puntos en cómputo total.

O compromiso alcanza o período de vixencia do contrato, como condición especial de execución cualificada como obriga contractual esencial. A execución das horas ofrecidas, debera acreditarse trimestralmente, mediante declaración responsable conformada polo responsable do centro. O seu incumprimento carrexa causa de resolución contractual (cláusula 22.2.2 do PCAP).

Excepcionalmente se chegada a finalización do contrato, non estivesen executadas as prestacións correspondentes ao último trimestre, descontarase ao adxudicatario, no pagamento da última factura ou liquidación do contrato, o importe equivalente as bolsas de horas de acompañamento e actividades de tempo libre, segundo o prezo estimado no cadro precedente.

Criterio Nº 9: compromiso de prestacións complementarias para as persoas usuarias en atención residencial ou en atención diúrna a xornada completa. ponderación: 3% do total. puntuación: 0-3.

Neste apartado, estimarase o compromiso de prestacións complementarias ás persoas

usuarias en atención residencial ou centro de atención diúrna a xornada completa, valorándose as seguintes:

Técnica de Perruquería- barbería Entenderase como técnica de perruqueira- barbería aquelas realizadas por parte de profesional cualificado/a, sendo as mesmas:

- Corte, lavado, tinte, peiteado do cabelo e depilación da lanuxe da cara.
- Corte, lavado, tinte, e peiteado de cabelo, con corte de bícote/recorte de barba/afeitado.

Sesión de quiropodia Entenderase por sesión de quiropodia o tratamento podolóxico que consiste na eliminación de calosidades e alteracións nas unllas dos pés co obxectivo de evitar que estas leves lesións se agraven e deriven noutras de maior envergadura.

| Prestacións complementarias para as persoas usuarias en atención residencial ou en atención diúrna a xornada completa. | Puntuación |
|---|---|
| Unha técnica de perruqueira- barbería gratuíta cada dous meses para cada persoa usuaria | 0,75 puntos |
| Unha técnica de perruqueira-barbería gratuíta cada mes para cada persoa usuaria | 1,50 puntos |
| Unha sesión de quiropodia gratuíta cada dous meses para cada persoa usuaria | 0,75 puntos |
| Unha sesión de quiropodia gratuíta cada mes para cada persoa usuaria | 1,50 puntos |

| Estimación económica | |
|---|---|
| Técnica de perruquería -barbería- | Precio estimado |
| Lavado, tinte, corte e peiteado de cabelo con depilación de lanuxe facial | 15 € |
| Lavado, tinte, corte e peiteado de cabelo, con técnica de barbería (recorte de bicote/recorte de barba/afeitado) | 10 € |
| Sesión de quiropodia | 30 € |

Non se outorgará unha puntuación superior aos 3 puntos en cómputo total. O compromiso alcanza o período de vixencia do contrato, como condición especial de execución cualificada como obriga contractual esencial. A execución das horas ofrecidas, debera acreditarse trimestralmente, mediante declaración responsable conformada polo responsable do centro. O seu incumprimento constitúe causa de resolución contractual (cláusula 22.2.2 do PCAP). Excepcionalmente se chegada a finalización do contrato, non estivesen executadas as prestacións correspondentes ao último

trimestre, descontarase ao adxudicatario, no pagamento da última factura ou liquidación do contrato, o importe equivalente as bolsas de horas por prestacións complementarias, segundo o prezo estimado no cadro precedente (perruquería-barbería e quiropodía).(...)”. Fóronse incorporando in situ e de viva voz os datos obtidos das respectivas ofertas, ás follas de cálculo, dispostas para este fin, para procurar obter os resultados na propia sesión da mesa de contratación. Da aplicación dos criterios de valoración das proposicións presentadas (criterios matemáticos e/ou automáticos), obtivéronse os seguintes resultados:

EXP0042SE18-ABO Lote 1-POL

| | | | MENSAJEROS DE LA PAZ | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Max.** | **Límite (c/IVA)** | **OFERTA** | **VALORACION** | |
| **PUNTUACIÓN SOBRE B** | **35,00** | | | **22,40** | |
| **PUNTUACIÓN CRITERIOS AUTOMÁTICOS** | **65,00** | | | **64,97** | |
| **1. OFERTA ECONÓMICA** | **40,00** | | | 39,97 | |
| PRESTACIÓN RESIDENCIAL | | | | | **Baixada (25%)** |
| Persoa con Autonomia | 3,00 | 32,00 | 29,24 | 3,00 | NO |
| Persoa dependente | 27,00 | 40,00 | 37,00 | 27,00 | NO |
| ATENCIÓN DIURNA | | | | | |
| Persoa Xornada completa | 7,00 | 20,00 | 18,23 | 7,00 | NO |
| Persoa media xornada | 2,00 | 14,00 | 13,00 | 2,00 | |
| SERVIZOS DE INTENSIDADE REDUCIDA | | | | | |
| Xornada 8 h. Comida 1 dia semana | 0,06 | 110,00 | 105,00 | 0,06 | |
| Xornada 8 h. Comida 2 dia semana | 0,12 | 220,00 | 210,00 | 0,12 | |
| Xornada 8 h. Comida 3 dia semana | 0,18 | 330,00 | 300,00 | 0,18 | |
| Xornada 8 h. Comida 4 dia semana | 0,24 | 440,00 | 415,00 | 0,24 | |
| Xornada 4 h. Comida 1 día semana | 0,02 | 44,00 | 42,00 | 0,02 | |
| Xornada 4 h. Comida 2 dia semana | 0,05 | 88,00 | 80,00 | 0,05 | |
| Xornada 4 h. Comida 3 dia semana | 0,07 | 132,00 | 120,00 | 0,07 | |
| Xornada 4 h. Comida 4 dia semana | 0,10 | 176,00 | 160,00 | 0,10 | |
| INCREMENTO INTENSIDADE 1/dia semana | | | | | |
| Comida principal | 0,05 | 89,00 | 78,00 | 0,05 | |
| Comida secundaria | 0,02 | 44,00 | 39,00 | 0,02 | |
| HORAS ATENCIÓN EXTRA | | | | | |
| Horas de atención | 0,06 | 108,25 | 100,00 | 0,06 | |
| | | | | | |
| **5. FOMENTO CONTR. INDEFINIDA** | **3,00** | | 0,66 | 3,00 | |
| **6. PLAN DE FORMACION** | **2,00** | | | 2,00 | |
| HORAS | 1,00 | | 40,00 | 1,00 | |
| CONTIDOS | 1,00 | | 2,00 | 1,00 | |
| **7. AXUDAS TÉCNICAS** | **2,00** | | 2.000,00 | 2,00 | |
| **8. ACOMPAÑAMENTO E ACTIV.** | **15,00** | | | 15,00 | |
| BOLSA HORAS SEMANAIS (L-V) | 6,00 | | - | 0,00 | |
| BOLSA HORAS DOMINGOS | 5,00 | | - | 0,00 | |
| BOLSA HORAS FESTIVOS | 3,00 | | - | 0,00 | |
| BOLSA LIBRE DISPOSICION | 15,00 | | 78,00 | 15,00 | |
| **9. PRESTAC. COMPLEMENTARIAS** | **3,00** | | | 3,00 | |
| PERRUQUERIA-BARBERIA 1 c/ 2 meses | 0,75 | | - | 0,00 | |
| PERRUQUERIA-BARBERIA 1 c/ mes | 1,50 | | 1,00 | 1,50 | |
| QUIROPODIA 1 c/2 meses | 0,75 | | - | 0,00 | |
| QUIROPODIA 1 c/ mes | 1,50 | | 1,00 | 1,50 | |
| | | | **PUNTUACIÓN TOTAL** | **87,37** | |

EXP0042SE18-ABO Lote 2- A FONSAGRADA

| | | | AS RODAS VIVENDA COMUNITARIA,SL | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Max.** | **Límite (c/IVA)** | **OFERTA** | **VALORACION** | |
| **PUNTUACIÓN SOBRE B** | **35,00** | | | **19,95** | |
| **PUNTUACIÓN CRITERIOS AUTOMÁTICOS** | **65,00** | | | **63,47** | |
| **1. OFERTA ECONÓMICA** | **40,00** | | | 39,97 | |
| PRESTACIÓN RESIDENCIAL | | | | | **Baixada (25%)** |
| Persoa con Autonomia | 3,00 | 32,00 | 31,72 | 3,00 | NO |
| Persoa dependente | 27,00 | 40,00 | 39,50 | 27,00 | NO |
| ATENCIÓN DIURNA | | | | | |
| Persoa Xornada completa | 7,00 | 20,00 | 18,96 | 7,00 | NO |
| Persoa media xornada | 2,00 | 14,00 | 13,52 | 2,00 | |
| SERVIZOS DE INTENSIDADE REDUCIDA | | | | | |
| Xornada 8 h. Comida 1 dia semana | 0,06 | 110,00 | 109,72 | 0,06 | |
| Xornada 8 h. Comida 2 dia semana | 0,12 | 220,00 | 219,75 | 0,12 | |
| Xornada 8 h. Comida 3 dia semana | 0,18 | 330,00 | 329,68 | 0,18 | |
| Xornada 8 h. Comida 4 dia semana | 0,24 | 440,00 | 439,40 | 0,24 | |
| Xornada 4 h. Comida 1 día semana | 0,02 | 44,00 | 43,94 | 0,02 | |
| Xornada 4 h. Comida 2 dia semana | 0,05 | 88,00 | 87,83 | 0,05 | |
| Xornada 4 h. Comida 3 dia semana | 0,07 | 132,00 | 131,68 | 0,07 | |
| Xornada 4 h. Comida 4 dia semana | 0,10 | 176,00 | 175,64 | 0,10 | |
| INCREMENTO INTENSIDADE 1/dia semana | | | | | |
| Comida principal | 0,05 | 89,00 | 88,82 | 0,05 | |
| Comida secundaria | 0,02 | 44,00 | 43,98 | 0,02 | |
| HORAS ATENCIÓN EXTRA | | | | | |
| Horas de atención | 0,06 | 108,25 | 108,15 | 0,06 | |
| | | | | | |
| **5. FOMENTO CONTR. INDEFINIDA** | **3,00** | | 0,42 | 3,00 | |
| **6. PLAN DE FORMACION** | **2,00** | | | 2,00 | |
| HORAS | 1,00 | | 40,00 | 1,00 | |
| CONTIDOS | 1,00 | | 2,00 | 1,00 | |
| **7. AXUDAS TÉCNICAS** | **2,00** | | 2.000,00 | 2,00 | |
| **8. ACOMPAÑAMENTO E ACTIV.** | **15,00** | | | 15,00 | |
| BOLSA HORAS SEMANAIS (L-V) | 6,00 | | | 0,00 | |
| BOLSA HORAS DOMINGOS | 5,00 | | | 0,00 | |
| BOLSA HORAS FESTIVOS | 3,00 | | | 0,00 | |
| BOLSA LIBRE DISPOSICION | 15,00 | | 78,00 | 15,00 | |
| **9. PRESTAC. COMPLEMENTARIAS** | **3,00** | | | 1,50 | |
| PERRUQUERIA-BARBERIA 1 c/ 2 meses | 0,75 | | 1,00 | 0,75 | |
| PERRUQUERIA-BARBERIA 1 c/ mes | 1,50 | | - | 0,00 | |
| QUIROPODIA 1 c/2 meses | 0,75 | | 1,00 | 0,75 | |
| QUIROPODIA 1 c/ mes | 1,50 | | - | 0,00 | |
| | | | **PUNTUACIÓN TOTAL** | **83,42** | |

Manifestar que, repasados os datos e cálculos efectuados, de existir error, serían trasladados novamente á mesa de contratación. Se non se detectan, continuarase co procedemento de adxudicación.

A Mesa de Contratación acorda elevar ao órgano de contratación as seguintes propostas:

Outorgar aos licitadores concorrentes as seguintes puntuacións e clasificar aos licitadores presentados atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

| Lote | Nº De Orde | Licitador | Puntuación Total |
|---|---|---|---|
| Lote I | 1 | Asociacion Edad Dorada Mensajeros de La Paz | 87,37 |
| | | | |
| Lote II | 1 | As Rodas Vivenda Comunitaria, S.L. | 83,42 |

Requirir á empresa Asociacion Edad Dorada Mensajeros de La Paz, en canto ás prestacións do lote I (Pol) a fin de que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Requirir á empresa As Rodas Vivenda Comunitaria, S.L., en canto ás prestacións do lote II (A Fonsagrada) a fin de que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas."

(…)

Por resolución da Presidencia de data 14 de marzo de 2019, clasificouse aos licitadores presentados por orde de ponderación e acordouse requirir á entidade Asociación Edad Dorada Mensajeros de La Paz CLM Y Galicia para o Lote 1 (CAM Pol) e á entidade As Rodas Vivenda Comunitaria S.L. para o Lote 2 (CAM A Fonsagrada) para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presentaran a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas. En base á amentada resolución, o Servizo de Contratación e Fomento cursou os pertinentes requirimentos con esa mesma data de 14 de marzo de 2019.

A empresa As Rodas Vivienda Comunitaria S.L. atendeu o día 28 de marzo de 2019 o requirimento de documentación administrativa efectuado. Foille requirida con data 3 de abril de 2019 acreditación documental dos importes referidos para a solvencia técnica ou profesional, que presentou o mesmo día.

A Xunta de Goberno da Deputación, en sesión ordinaria celebrada o 18 de xaneiro de 2019, acordou aprobar á rectificación dun erro material (de transcrición) detectado na cláusula 4.1 do prego administrativo.

Onde dicía: "De acordo co establecido no artigo 100.2 da LCSP, o orzamento base de licitación debúllase indicando os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación. Para elo tivéronse en conta as seguintes ocupacións: no Lote I, 30 persoas en atención residencial (3 persoas con autonomía e 27 persoas dependentes) mais 20 persoas en atención diúrna e para o lote II, 48 persoas en atención residencial (9 con autonomía e 39 persoas dependentes)".

Corrixiuse por: "De acordo co establecido no artigo 100.2 da LCSP, o orzamento base de licitación debúllase indicando os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación. Para elo tivéronse en conta as seguintes ocupacións: no Lote I, 36 usuarios en atención residencial (4 persoas con autonomía e 32 con dependentes) e 18 persoas en atención diúrna, e para o lote II, 28 usuarios en atención residencial (4 con autonomía e 24 con dependentes) e 20 en atención diúrna".

De acordo con esta corrección aclárase que, en aplicación da cláusula 23.1, parágrafo 7º, sobre o pagamento, non se facturarán as prestacións vinculadas coas suspensións temporais reguladas nas ordenanzas de prezos públicos dos servizos de atención residencial e servizos de atención diúrna, as cales se deberán comunicar cunha antelación de 7 días naturais á adxudicataria, ao dispoñer este lote 2 (CAM A Fonsagrada) tanto de centro de atención residencial como de atención diúrna, segundo resulta das propias ordenanzas fiscais, regulamentos de uso de cada centro, estudo de custes, etc.

De conformidade co previsto no artigo 99.7 da LCSP, nos contratos adxudicados por lotes, como é o caso, ao tramitarse un único procedemento para dous lotes, CAM de Pol (lote 1) e CAM de A Fonsagrada (lote 2), cada lote constitúe un único contrato, en tanto que non se establecen outras previsións nos pregos reitores e non se presentou oferta integradora.

Doutra parte, a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 29 de marzo de 2019, en contestación a escrito de alegacións presentado por ALALAS, SL á contratación de prestacións a persoas maiores nos CAM de Pol e A Fonsagrada, resolveu:

1º.- Rexeitar a alegación efectuada interesando a admisión dunha oferta e a súa avaliación, que a mesa de contratación considerou presentada fora de prazo.

2º.- Continuar coa tramitación do procedemento de adxudicación, relativa ao expediente referido na cabeceira.

A cláusula 2 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares establece que o órgano de contratación que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do Prego de Prescricións Técnicas, así como da adxudicación do contrato, nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

O artigo 59, apartado 12, do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011, é aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018, deixa de ter a natureza administrativa de carácter xeral, e queda sen valor legal algún, de tal forma que recupera a súa vixencia, na súa integridade e a todos os efectos, o Regulamento Orgánico publicado no BOP núm. 56 de data 10 de marzo de 2011”.

Polo que vai dito e en base ao mesmo, e tendo en conta que a empresa As Rodas Vivienda Comunitaria S.L., aportou a documentación administrativa requirida dentro dos prazos outorgados ao efecto, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo en relación co Lote 2 (CAM de A Fonsagrada):

**1º**.- Considerar non presentadas en prazo e, polo tanto, excluír a:

a) Lote 1 e lote 2: Alalas, S.L.

b) Lote 1 e lote 2: Troncoso Casares, S.L.

**2º.-** Adxudicar á empresa As Rodas Vivienda Comunitaria S.L., o contrato de servizos licitado para executar as prestacións a persoas maiores, no centro de atención de A Fonsagrada. Lote 2- CAM A Fonsagrada, relacionadas no PCAP e no PPT. Estas prestacións executaranse cumprindo as condicións ofertadas polo adxudicatario, tanto de orde cualitativo como cuantitativo incorporadas ao expediente.

**3º.-** A empresa adxudicataria comprométese a executar o Lote 2-CAM A Fonsagrada, respectando o tipo máximo de licitación previsto no PCAP, cumprindo coas determinacións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas, nos pregos de prescricións técnicas e na súa oferta, e cos seguintes prezos unitarios ofertados:

Lote 2- CAM A Fonsagrada (As Rodas Vivienda Comunitaria S.L.)

| | As Rodas Vivienda Comunitaria, SL |
|---|---|
| Prestación en atención residencial | |
| Persoa usuaria con autonomía | 31,72 €/día |
| Persoa usuaria dependente | 39,50 €/día |
| prestación en centro de día /atención diurna | |
| Persoa usuaria xornada completa | 18,96 €/día |
| Persoa usuaria media xornada | 13,52 €/día |
| prestación en centro de día / atención diurna: servizos de intensidade reducida | |
| Xornada 8 horas diarias 1 comida principal e 2 secundarias 1/día semana | 109,72 € |
| Xornada 8 horas diarias 1 comida principal e 2 secundarias 2/día semana | 219,75 € |
| Xornada 8 horas diarias 1 comida principal e 2 secundarias 3/día semana | 329,68 € |
| Xornada 8 horas diarias 1 comida principal e 2 secundarias 4/día semana | 439,40 € |
| Xornada de ata 4 horas diarias sen comidas 1/día semana | 43,94 € |
| Xornada de ata 4 horas diarias sen comidas 2/día semana | 87,83 € |
| Xornada de ata 4 horas diarias sen comidas 3/día semana | 131,68 € |
| Xornada de ata 4 horas diarias sen comidas 4/día semana | 175,64 € |
| Prestación en centro de día/atención diúrna. Incrementos servizos periódicos intensidade 1/día semana | |
| Comida principal | 88,82 € |
| Comida secundaria | 43,98 € |
| Prestación en centro de día/atención diúrna. Horas de atención extra para intensidade 1 día semana | |
| Horas de atención | 108,15 € |
| Fomento Contr. Indefinida | 42 % |
| Plan de formacion | |
| Horas | 40 horas/traballador |
| Contidos | 2 accións |
| Axudas Técnicas | 2.000,00 € |

| Acompañamento e actividades | |
|---|---|
| Bolsa Horas Semanais (L-V) | - |
| Bolsa horas domingos | - |
| Bolsa Horas Festivos | - |
| Bolsa libre disposicion | 78 horas |
| Prestac. Complementarias | |
| Perruqueria-barberia 1 c/ 2 meses | Si |
| Perruqueria-Barberia 1 c/ mes | - |
| Quiropodia 1 c/2 meses | Si |
| Quiropodia 1 c/ mes | - |

Establécese a seguinte distribución por aplicacións e anualidades, tendo en conta que está previsto o inicio das prestacións o 1 de maio de 2019:

| Anualidade | Aplicación | Importe |
|---|---|---|
| 2019 | 2315.22799 | 380.714,30 |
| 2020 | 2315.22799 | 579.164,76 |
| 2021 | 2315.22799 | 591.457,88 |
| 2022 | 2315.22799 | 281.271,59 |
| | Suma | 1.832.608,53 |

A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2020 a cantidade de 579.164,76 €, na anualidade 2021 a cantidade de 591.457,88 € e na anualidade 2022 a cantidade de 281.271,59 €, nas aplicacións indicadas.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, os mesmos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

**4º**.- Son condicións especiais e ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:

1. O deber de entregar á administración contratante, antes de comezar a execución do contrato, a respectiva cadea de mando, debidamente detallada, cos respectivos protocolos empresariais para o exercicio da dirección e organización que lle incumbe como empregadora e adxudicataria.

O adxudicatario designará de entre o seu persoal un coordinador técnico que será o interlocutor con quen se relacionará unicamente a entidade contratante e a quen lle corresponderá a dirección do traballo, e que impartirá directamente as ordes e instrucións ao resto de traballadores da empresa adxudicataria.

No caso de que unha entidade for adxudicataria de máis de un lote, cada lote terá un coordinador técnico, se ben se poderá nomear un coordinador xeral da contratista para relacionarse coa administración.

2. O cumprimento das condicións ofertadas polo adxudicatario segundo os criterios de adxudicación da cláusula décimo segunda deste prego.

3. O cumprimento das obrigacións do contratista respecto dos medios persoais e materias adscritos a execución do contrato, en aplicación do artigo 76 da LCSP e 7.2.6 deste PCAP.

O contratista terá ao seu cargo o persoal necesario para a realización das prestacións que conformas o obxecto de cada contrato, segundo o disposto na cláusula 4 do PPT e de, ser o caso, segundo as mellores condicións ofertadas nos termos da cláusula 12ª. Respecto deste persoal lle corresponderá, a todos os efectos, a condición de empresario. O persoal que interveña na execución do contrato dependerá exclusivamente do contratista. Do eventual incumprimento das súas obrigacións legais ou contractuais non se derivará responsabilidade algunha para a Administración.

As prestacións obxecto do correspondente contrato ou contratos administrativo de servizos deben realizarse necesariamente en dependencias públicas.

No caso de que os traballadores da empresa compartan espazos e lugares de traballo con persoal ao servizo dalgunha das administracións locais que cooperan na execución prestacional, o contratista adoptará as medidas oportunas para evitar a confusión de persoas mediante a identificación de traballadores e medios con signos distintivos, uniformidade ou rotulacións, que resultan de obrigado cumprimento en todo caso.

Neste senso, deberá facilitar ós/ás traballadores/as roupa e equipos de traballo adecuados ás tarefas que desenvolvan, debendo identificar á empresa que realiza a actividade así como ao empregado.

O contratista asume a obrigación de exercer de modo real, efectivo e continuo, sobre o persoal da súa plantilla adscrito á execución do contrato, o poder de dirección inherente a todo empresario.

O contratista deberá cumprir co Convenio Colectivo do sector que resulte de aplicación e as súas posibles modificacións ou revisións.

En particular, asumirá a negociación e pago dos salarios, a concesión de permisos, licenzas e vacacións, as substitucións dos traballadores en casos de baixa ou ausencia, as obrigacións legais en materia de Seguridade Social, incluído o abono de cotizacións e o pago de prestacións cando preceda, as obrigacións legais en materia de prevención de riscos laborais, o exercicio da potestade disciplinaria, así como cantos dereitos e obrigacións se deriven da relación contractual entre empregado e empregador.

O contratista deberá dispor en todo momento dos profesionais e dos medios materiais esixidos no PCAP e no Prego de Prescricións Técnicas, en función da ocupación efectiva e numero de usuarios, conforme as "ratios" establecidas na normativa e documentación técnica de aplicación.

Así mesmo, quedará obrigado a proceder de inmediato, cando iso fose necesario, á substitución do persoal preciso, de forma que a adecuada execución do contrato quede garantida, podendo proceder a Administración en caso contrario a impor as penalidades que correspondan, de conformidade co sinalado no presente Prego.

Consonte ao establecido no artigo 308 da LCSP á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal da entidade contratante.

En ningún caso o outorgamento do contrato suporá a existencia dunha relación laboral ou funcionarial entre o persoal que aporte ou utilice o contratista e a administración pública

contratante e/ou titular do servizo. Por conseguinte, en ningún caso, poderá alegarse dereito ningún polo referido persoal, en relación coa Administración contratante. En ningún caso se producirá consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto do contrato como persoal da entidade provincial ou dalgún dos concellos titulares dos servizos.

4. Cumprimento da normativa de protección de datos de carácter persoal.

4 a) A adxudicataria de cada lote ou da oferta integradora, estará obrigada a manter a confidencialidade da totalidade dos datos de carácter persoal dos que teña coñecemento como consecuencia da execución do contrato, podendo utilizar estes unicamente para o cumprimento das prestacións que constitúen o seu obxecto.

A adxudicataria obrígase ao cumprimento da lexislación nos termos previstos polo Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos.

A adxudicataria queda obrigada, con respecto aos datos persoais dos que teña coñecemento como consecuencia da execución de cada contrato, a:

- Facer uso exclusivo dos datos para a finalidade contratada e non aplicalos ou utilizalos con finalidade distinta á do obxecto de cada contrato.
- Non facilitar datos persoais ás subcontratistas que presten servizos desta contratación, no caso de habelas, nin sequera para a súa conservación.
- Non copiar, manipular, gardar ou utilizar os datos aos que acceda, nin sequera de forma parcial, sen o consentimento expreso da Deputación provincial de Lugo.
- Trasladar, a través do responsable do Centro de Atención a Maiores ou, no seu defecto, a través da persoa responsable do contrato, ao Delegado de Protección de Datos (DPD) da Deputación de Lugo, as solicitudes de exercicios de dereitos en relación coa protección de datos de carácter persoal.
- Adoptar as medidas de índole técnica e organizativas previstas polo Esquema Nacional de Seguridade para a categoría media, necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal

e evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos a que están expostos, xa proveñan da acción humana ou do medio físico ou natural.

- Notificar, a través do responsable do Centro de Atención a Maiores, ou no seu defecto a través da persoa responsable do contrato, ao DPD da Deputación de Lugo a existencia dunha brecha de seguridade, se a houbera, no prazo máximo de 24 horas desde que se teña coñecemento da mesma, a fin de que o DPD poda notificala a Axencia Española de Protección de Datos no prazo legal de 72 horas.

- Cumprir as medidas de seguridade recollidas especificamente no Acordo de Confidencialidade e no Contrato do Encargado do Tratamento de Datos Persoais que se subscribirá coa formalización do respectivo contrato de servizos.

- Unha vez concluídos as prestacións para as que foi contratada, a empresa adxudicataria devolverá todos os ficheiros orixinais que teña no seu poder e devolverá ou destruirá, en presenza de representantes da Deputación provincial de Lugo, e a opción desta, todas as copias totais ou parciais que tivese que realizar, do mesmo xeito que calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento derivado do traballo para o que foi contratado.

O incumprimento das obrigas recollidas nesta cláusula por parte do contratista non implicará responsabilidade ningunha para a administración contratante.

No momento da formalización de cada contrato, o órgano de contratación e o adxudicatario do mesmo subscribirán un Contrato de Encargado do Tratamento de Datos Persoais e un Acordo de Confidencialidade, relativo ás limitacións e garantías que este último debe observar en canto ao uso e tratamento da información e dos datos de carácter persoal que coñeza en virtude da execución do contrato.

En documento anexo a este prego (PCAP) precísase o modelo de contrato do encargado do tratamento de datos.

4. b) Fíxanse como parámetros para o documento de confidencialidade os seguintes:

O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle dera o referido carácter nos pregos ou no contrato ou que, pola súa natureza, deba ser tratada como tal. Este deber se manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información. contados desde a terminación do contrato.

O adxudicatario queda obrigado a gardar sixilo respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato, e dos que teña coñecemento con ocasión do mesmo.

Así mesmo, queda obrigado a garantir a confidencialidade e integridade dos datos manexados e da documentación facilitada.

Todas as tarefas realizados para o bo fi da execución de cada contrato, terán carácter confidencial, non podendo o contratista utilizar para si nin proporcionar a terceiros ou divulgar dato ou información algunha da prestación contratada sen autorización expresa de Deputación de Lugo, estando por tanto obrigado a poñer todos os medios ao seu alcance para conservar o carácter confidencial e reservado, tanto da información e documentación recibida de Deputación de Lugo, como dos resultados obtidos do traballo realizado.

A adxudicataria asinara un documento de confidencialidade con todas as persoas físicas ou xurídicas que interveñen na execución das prestación obxecto desta contratación. A administración resérvase a prerrogativa de efectuar as comprobación oportunas.

5. Cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

A empresa deberalle achegar ao Gabinete de Prevención de Riscos Laborais da Deputación Provincial de Lugo, con carácter previo ao inicio da prestación de que se trate, a seguinte documentación:

- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa: No suposto de que esta concertara un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del,

comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto. No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presentar a acta da súa constitución. Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

En todo caso, a Deputación, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por ela, non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

A adxudicataria garantirá que os traballadores adscritos as prestacións obxecto do contrato ao que se refire o presente Prego teñen a formación e capacidades necesarias para facerse cargo destas funcións.

6. Indemnización por danos a terceiros. A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista (artigo 197 da LCSP).

O contratista deberá indemnizar os danos que se orixinen como consecuencia da execución do contrato, nos termos previstos nos arts. 194, 196 e 312.b da LCSP. Durante a vixencia do contrato o contratista deberá manter en vigor unha póliza de seguro que cubrirá cantas situacións de risco poidan sufrir os/as usuarios/as do CAM, os profesionais contratados ou terceiras persoas por motivo da execución das prestacións contratadas. A Administración contratante poderá esixir en calquera momento ao adxudicatario a presentación da póliza do seguro e do recibo de pago da prima correspondente. En todo caso, este seguro debe ter efectos antes de comezar a execución do contrato.

En concreto, a adxudicataria deberá subscribir un contrato de seguro para a cobertura dos seguintes riscos: Póliza de responsabilidade civil de explotación do servizo, xeral, con inclusión da responsabilidade civil patronal e responsabilidade civil profesional para o persoal titulado incluído neste contrato, que cubra os riscos que se podan producir durante a execución do contrato, tanto para os traballadores como para as persoas usuarias. Dito seguro deberá incluír o concepto de intoxicación alimentaria que cubra como risco asegurable a actividade de elaboración e subministración de comidas. Todo elo cun límite non inferior a 1.000.000 € por sinistro, cun sublímite por vítima non inferior a 300.000 € e unha franquicia non superior a 150 €, onde figure como actividade asegurada as prestacións obxecto do contrato e incluíndo como asegurado adicional á Deputación de Lugo para esa actividade e mantendo a condición de terceiro.

A empresa debe dispoñer desta póliza, no momento en que se asine a acta de inicio das prestacións conforme ao sinalado na cláusula 21 deste prego e manterase en vigor, durante todo o período das prestacións contractuais ou, cando menos, existirá compromiso vinculante de mantelo durante a vixencia do mesmo.

7. Transparencia fiscal.

Cada contratista debe cumprir co conxunto de obrigas fiscais. Está obrigado a non tributar en paraísos fiscais, debendo executar o contrato con criterios de equidade e transparencia fiscal, polo que os ingresos ou beneficios procedentes do mesmo serán integramente declarados e tributados conforme á lexislación fiscal vixente, non podendo utilizar domicilios e por conseguinte tributar nalgún país da lista de paraísos fiscais recollida no Real Decreto 1080/1991, de 15 de xullo e restante normativa que a modifique ou desenvolva, ben sexa de forma directa ou a través de empresas filiais.

8. Obrigación de pago dos salarios aos traballadores adscritos á execución do contrato.

Os empresario/s adxudicatarios, en relación con cada lote, teñen a obriga de aboar, durante toda a execución das prestacións contratadas os salarios, aos traballadores que estiveran participando na súa execución, conforme as condicións establecidas nos Convenios colectivos sectoriais en vigor, que lles resultan de aplicación, durante a execución do contrato, incluídas as mellores

condicións dimanantes da adxudicación do co contrato, como consecuencia da proposición presentada polo adxudicatario de conformidade cos criterios fixados no PCAP.

O contratista terá a obriga de acreditar cada tres meses vencidos, a contar desde a data de inicio das prestacións, e así sucesivamente con esta cadencia temporal que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato, nas condicións e contías precisadas no apartado anterior.

Para efectuar esta acreditación debe aportar os documentos boletín de cotización/relación nominal de traballadores dos meses vencidos, xunto con declaración responsable de cumprir con todas e cada unha destas obrigas. Os documentos "TCs" aportaranse unha vez vencido o prazo para satisfacer as obrigas coa seguridade social nesa cadencia temporal de tres meses, a fin de compatibilizar o exercicio deste control sobre unha obriga contractual cualificada como esencial e o período medio de pago a contratistas.

A Administración resérvase a facultade de solicitar as nóminas deste persoal e a transferencia bancaria, como medio de acreditar o pagamento.

En todo caso a documentación precedente presentarase coa última factura que se entregue con ocasión da finalización do contrato.

A comprobación do exposto nos apartados precedentes corresponde ao Responsable do contrato, asistido, se o estima necesario, polo Servizo de Contratación e Fomento.

A determinación desta cláusula 22.2.8 é operativa a efectos de aplicar, de ser o caso, a causa de resolución contractual prevista no artigo 211.1 letra i da LCSP.

9. Durante toda a vixencia do contrato a empresa contratista non poderá minorar unilateralmente as condicións de traballo que lle correspondan aos traballadores adscritos a execución, por lei e por convenio colectivo sectorial de aplicación, incluídas as mellores condicións resultantes da adxudicación. As condicións sociolaborais de cómputo anual, comprobaranse e xustificaranse en termos anualizados.

10. O contratista deberá adaptar as retribucións dos traballadores adscritos ao contrato aos niveis retributivos que se acorden con posterioridade á súa adxudicación, no caso de nova negociación de convenios colectivos ou establecemento de medidas complementarias, sempre de carácter sectorial.

Por vía de convenio de empresa non se poderán empeorar as condicións do convenio colectivo sectorial (si mellorar), en aplicación do art. 202.2 da LCSP.

11. As condicións especiais de execución enunciadas e cualificadas como obrigas contractuais esenciais, resultan igualmente aplicables aos subcontratistas que podan efectuar prestacións consonte ao previsto na Cláusula 30 deste PCAP.

**5º.-** Son condicións especiais de execución:

A comprobación de pagos a subcontratistas ou subministradores (artigo 217 da LCSP):

Cada contratista ten a obriga de remitir ao órgano de contratación a documentación xustificativa dos pagamentos aos subcontratistas e/ou subministradores que participen no contrato (cláusula 30) dentro dos prazos de pago legalmente establecidos no artigo 216 e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, no que lle sexa de aplicación.

**6º.-** O contrato terá unha duración máxima de vixencia ata 20 de xuño de 2022, contados dende o día seguinte a subscrición da acta de inicio.

**7º.-** Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**8º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale na notificación da adxudicación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar

desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbese interposto recurso que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE AXENCIA DE MEDIOS PARA A DIFUSIÓN DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL XENÉRICA DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.**

Logo de ver a proposta da presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do servizo de Contratación e Fomento, no que se recollen as seguintes antecedentes e consideracións:

Antecedentes

1.- Plan de medios da Deputación de Lugo para 2019.
2.- Informe relativo a necesidade da contratación e insuficiencia de medios
3.- Orde de inicio do expediente de contratación.
4.- Solicitude de consignación orzamentaria.
3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito.
5.- Informe de desagregación de custes.
6.- Prego de prescricións técnicas.
7.- Prego de cláusulas administrativas particulares.
8.-Memoria xustificativa.
9.- Acordo da Xunta de Goberno de data 18 de xaneiro do 2019, polo que se aproba o expediente de contratación e o gasto proposto
10.-Anuncio de licitación publicado no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno) con data 25 de xaneiro do 2019
11.- Minuta da acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 15-02-2019 para a dación de conta das empresas presentadas, a apertura dos sobres relativos á documentación

administrativa (Sobres A), a apertura dos sobres relativos aos criterios de adxudicación avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas -que neste caso son todos- (Sobres B) e proposta de adxudicación, se procede.

12.- Resolución da Presidencia, de data 8 de marzo do 2019, efectuando o trámite previsto no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

13.- Documentación aportada no trámite anterior, dentro do prazo establecido ao efecto

Lexislación aplicable.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións Xurídicas.

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder a contratación dos servizos de axencia de medios para a difusión de publicidade institucional xenérica da Deputación Provincial de Lugo.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Excma. Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

A contratación a realizar cualifícase como contrato de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP ao conformar prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obtención de un resultado, distinto de unha obra ou un subministro.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan no prego de cláusulas administrativas particulares para a determinación da mellor oferta con base á mellor relación calidade-prezo. Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ao indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de

adxudicación reflíctense, debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas. A presente contratación non se atopa suxeita a regulación harmonizada dado o importe do mesma, consonte ao establecido no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orden HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018

Motívase a non división por lotes do contrato en cumprimento do previsto no artigo 99.3 da LCSP e segundo consta no informe do Gabinete de Comunicación que obra no expediente: "(...)Non procede a división en lotes da presente contratación por razóns de carácter organizativo e de aforro de custes. Por unha banda, dada a natureza das prestacións obxecto do contrato, para a coordinación das diferentes actuacións a realizar resulta imprescindible que a prestación se realice de xeito unitario por un mesmo licitador, xa que a división en lotes do obxecto do contrato dificultaría a súa correcta execución. Por outra, e como se apuntou nos parágrafos anteriores, a compra de grandes volumes de espazos en medios de comunicación online e offline por parte dun único licitador, outórgalle un maior poder de negociación, o que lle permite obter mellores prezos, coa consecuente redución de custes para a Administración contratante".

Considerando que o anuncio de licitación foi publicado no perfil do contratante da Excma. Deputación Provincial de Lugo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público con data 25 de xaneiro do 2019.

Visto que de conformidade coa minuta acta da mesa de contratación de data 15 de febreiro do 2019, deuse conta das empresas presentadas a esta licitación que segundo os datos que constan na Plataforma de Contratación do Sector Público, foron as seguintes:

| Licitador | Data e Hora de Presentación da Oferta |
|---|---|
| Ingenio Media S.L | 11/02/2019 13:46:43 |
| Lazentral Media Dealers, S.L. | 11/02/2019 12:40:31 |

Tendo en conta que as dúas empresas concorrentes presentan en tempo e forma a súa respectiva proposta, procédese á apertura e exame do sobre electrónico "A", documentación administrativa. Resultando que as empresas presentan as declaracións responsables esixidas nos

pregos de cláusulas administrativas debidamente asinadas, a mesa de contratación acorda admitir as propostas das mesmas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procédese á apertura do sobre B electrónico presentado polas mencionadas empresas, relativo aos criterios de adxudicación avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas -que neste caso son todos, cos seguintes resultados:

| Contratación dos Servizos de Axencia de Medios para a Difusión de Publicidade Institucional Xenérica da Deputación Provincial De Lugo. | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Criterio 1: % Desconto Sobre Tarifas Oficiais Vixentes | | | | |
| Prensa Escrita | | | | |
| | Ingenio Media | | Lazentral Media | |
| | Oferta | Puntuación | Oferta | Puntuación |
| Prensa Diaria na Provincia de Lugo | 8,50 | 5,90 | 36,00 | 25,00 |
| Prensa Diaria en Galicia | 10,00 | 1,60 | 25,00 | 4,00 |
| Prensa Online | | | | |
| | Ingenio Media | | Lazentral Media | |
| | Oferta | Puntuación | Oferta | Puntuación |
| Prensa Online Diaria na Provincia de Lugo | 10,00 | 2,00 | 20,00 | 4,00 |
| Prensa Online Diaria Galicia | 10,00 | 1,00 | 20,00 | 2,00 |
| Semanarios, Revistas e Outras Publicacións | 15,00 | 0,75 | 40,00 | 2,00 |
| Radios | | | | |
| | Ingenio Media | | Lazentral Media | |
| | Oferta | Puntuación | Oferta | Puntuación |
| Desconexións en Circuito Provincial | 20,00 | 7,35 | 68,00 | 25,00 |
| Desconexións en Circuito Rexional | 20,00 | 1,60 | 50,00 | 4,00 |
| Radios Locais | 20,00 | 4,00 | 60,00 | 10,00 |
| Outros | | | | |
| _ | Oferta | Puntuación | Oferta | Puntuación |
| Semanarios, Revistas E Outras Publicacións Non Diarias Con Ámbito Publicitario Na Provincia De Lugo | 10,00 | 0,80 | 50,00 | 4,00 |
| | Total Criterio 1 | 25,01 | | 80,00 |

| Contratación dos Servizos de Axencia de Medios para a Difusión de Publicidade Institucional Xenérica da Deputación Provincial de Lugo. | | | |
|---|---|---|---|
| Criterio 2: Comisión de Axencia por Tramitación en Medios Previstos nos Pregos | | | |
| Ingenio Media | | Lazentral Media | |
| Oferta | Puntuación | Oferta | Puntuación |
| 0,00 | 6,00 | 0,00 | 6,00 |
| Criterio 3: Comisión de Axencia por Tramitación en Medios non Previstos nos Pregos | | | |
| Ingenio Media | | Lazentral Media | |
| Oferta | Puntuación | Oferta | Puntuación |
| 0,00 | 10,00 | 5,00 | 5,00 |

| Contratación dos Servizos de Axencia de Medios para a Difusión e Publicidade Institucional Xenérica da Deputación Provincial de Lugo. | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Licitador | Criterio 4: Fomento da Contratación Feminina | | | | |
| | Nº Total de Traballadores Contratados na Empresa | Nº Total de Traballadoras contratadas na Empresa | % de Traballadoras Contratadas | % de Traballadoras do Licitador que Maior Porcentaxe de Traballadoras Teña | Puntuación |
| Ingenio Media | 4,00 | 2,00 | 50,00 | 100,00 | 1,00 |
| La Zentral Media | 4,00 | 4,00 | 100,00 | 100,00 | 2,00 |

| Contratación dos Servizos de Axencia de Medios para a Difusión De Publicidade Institucional Xenérica da Deputación Provincial de Lugo. | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Licitador | Criterio 5: Fomento Da Contratación Feminina | | | | |
| | Nº Total de Traballadores Contratados na Empresa | Nº Total de Traballadores Indefinidos | % De Traballadores Indefinidos | % de Traballadores Indefinidos do Licitador que Maior Porcentaxe de Indefinidos Teña | Puntuación |
| Ingenio Media | 4,00 | 4,00 | 100,00 | 100,00 | 2,00 |
| La Zentral Media | 4,00 | 4,00 | 100,00 | 100,00 | 2,00 |

Táboa resumo de puntuacións totais

| Contratación dos Servizos de Axencia de Medios para Difusión de Publicidade Institucional Xenérica da Deputación Provincial de Lugo. | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Licitador | Puntuación Criterio 1 | Puntuación Criterio 2 | Puntuación Criterio 3 | Puntuación Criterio 4 | Puntuación Criterio 5 | Notas Totais |
| Ingenio Media | 25,01 | 6,00 | 10,00 | 1,00 | 2,00 | 44,01 |
| La Zentral Media | 80,00 | 6,00 | 5,00 | 2,00 | 2,00 | 95,00 |

Á vista dos resultados da aplicación dos criterios de valoración, a mesa de contratación, acorda, por unanimidade, publicar na plataforma de contratación do sector público ditos resultados e elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

1º.- Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación

| Nº Orde | Licitador | Puntuación Acadada |
|---|---|---|
| 1 | La Zentral Media Dealers S.L. | 95,00 |
| 2 | Ingenio Media S.L | 44,01 |

2º.- Requirir á empresa LA ZENTRAL MEDIA DEALERS S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

O Sr. Presidente da Excma. Deputación de Lugo aceptou a proposta feita pola mesa de contratación con data 15 de febreiro do 2019 e consecuentemente, con data 8 de marzo de 2019 adoptou a seguinte resolución:

“1º.-Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación

| Nº Orde | Licitador | Puntuación Acadada |
|---|---|---|
| 1 | La Zentral Media Dealers S.L. | 95,00 |
| 2 | Ingenio Media S.L | 44,01 |

2º.- Requirir á empresa LA ZENTRAL MEDIA DEALERS S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas."

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011: aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2012); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial."

Polo que vai dito e en base ao mesmo, e tendo en conta que a empresa LA ZENTRAL MEDIA DEALERS S.L., aportou a documentación administrativa requirida en prazo, proponse, que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º**. Adxudicar a contratación dos servizos de axencia de medios para a difusión de publicidade institucional xenérica da Deputación Provincial de Lugo a favor da empresa LA ZENTRAL MEDIA DEALERS S.L.

O prazo de duración/execución do contrato estenderase ata o 31 de decembro do 2019 ou ata a data na que se esgote o orzamento máximo previsto para esta contratación. Este prazo comezará a contar, desde o día seguinte no que se proceda á sinatura da acta de inicio das prestacións obxecto da presente contratación, ou no seu defecto, desde o día seguinte á formalización do correspondente contrato.

O contrato adxudícase por importe de 99.500,00 euros, aos que hai que engadir 20.895,00 euros en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 120.395,00 euros.

Ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades de publicación de publicidade institucional da Deputación provincial de Lugo, a entidade provincial non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real aos prezos que resulten da adxudicación e as contratacións de espazos e tempos nos que se inserirá a publicidade institucional provincial nos diferentes medios efectivamente requiridas e realizadas no marco deste procedemento. Todo elo de acordo cos descontos sobre as tarifas oficiais vixentes dos diferentes medios e as comisións de axencia ofertados polo adxudicatario e incorporados ao expediente, os cales se resumen de seguido:

Descontos ofertados sobre as tarifas oficias vixentes de cada medio no momento das insercións:

| Medio | % De Desconto Ofertado Polo Adxudicatario (ata Dous Decimais) |
|---|---|
| Prensa Escrita | |
| Prensa Diaria Na Provincia De Lugo | 36,00 % |
| Prensa Diaria En Galicia | 25,00 % |
| Prensa Online | |
| Prensa Online Diaria Na Provincia De Lugo | 20,00 % |
| Prensa Online Diaria Galicia | 20,00 % |
| Semanarios, Revistas E Outras Publicacións | 40,00 % |
| Radios | |
| Desconexións En Circuito Provincial | 68,00 % |
| Desconexións En Circuito Rexional | 50,00 % |
| Radios Locais | 60,00 % |
| Outros | |
| Semanarios, Revistas E Outras Publicacións Non Diarias Con Ámbito Publicitario Na Provincia De Lugo | 50,00 % |

Comisión de axencia ofertada por tramitación dos medios previstos no apartado anterior (máximo 3 %): 0,00 %

Comisión de axencia ofertada por tramitación dos medios non previstos nos pregos ou negociados pola Deputación (máximo 10 %): 5,00 %

Constitúen condicións especiais de execución ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, en cumprimento do artigo 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do prego de cláusulas administrativas particulares. O incumprimento destas condicións especiais de execución, cualificadas como obrigas contractuais esenciais constitúe causa de resolución contractual.

Constitúen condicións especiais de execución cuxo incumprimento permitirá aplicar as penalidades impostas polo órgano de contratación, ás recollidas na cláusula 22.3 do prego de cláusulas administrativas particulares.

**2º.-** Publicar no perfil do contratante e notificar aos licitadores, a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**3º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale no anuncio de adxudicación, e que terá lugar dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 6. - ACORDO QUE PROCEDA SOBRE INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN AO RECURSO NÚMERO 78/2019 DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Lote 2. Ribadeo.

Visto o informe emitido polo servizo de contratación e fomento, respecto do recurso especial en materia de contratación interposto pola licitadora CLECE, SA contra resolución administrativa de adxudicación no procedemento de contratación de prestacións nos centros de atención a persoas maiores de Trabada e Ribadeo, dividido en dous lotes, cos antecedentes e relación de documentos que nel se relaciona, cuxo contido substantivo se reproduce seguidamente:

(....)

PRIMEIRO: Recibiuse, procedente do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia, solicitude de expediente administrativo e informe no recurso número 78/2019.

En escrito, con RXE nº 7561 do 29 de marzo, comunícase a interposición de recurso especial en materia de contratación contra o acordo, adoptado en Xunta de Goberno, en sesión do 8 de marzo de 2019, adxudicando as prestacións licitadas no procedemento con referencia EXP0033SE18-ABO, a favor do licitador “ASOCIACIÓN EDAD DORADA MENSAJEROS DE LA PAZ”, no lote 2, RIBADEO (CAM-RIBADEO).

SEGUNDO: Solicítase, polo Tribunal de Recursos Contractuais de Galicia, tanto a remisión do expediente como a emisión de informe, xunto con outros particulares que consta no expediente.

TERCEIRO: En canto ao fondo do Recurso, céntrase na suposta inclusión, dentro do sobre B, de un documento coa lenda “compromiso de prestación de actividades de acompañamento e actividades de ocio e tempo libre, sobre C”.

Menciona que nese documento se alude a 78 horas ofertadas para a realización do servizo.

No recurso arguméntase que nese “sobre C” se inclúe un documento coa lenda “compromiso de prestacións de actividades de ocio e tempo libre, ...” propoñendo, ofertando e comprometendo unha bolsa de 78 horas mensuais do centro (...).

Non obstante, nese documento que se acompaña ao recurso non observamos referencia ao parámetro temporal “mensual” ou douta índole.

CUARTO: En calquera caso esa incidencia, detectada pola Mesa de Contratación, en sesión celebrada o día 23 de xaneiro de 2019, foi analizada en informe do servizo de 7-02-219, a cuxo contido nos remitimos, reproducido de seguido.

Debe terse presente que as alegacións formuladas no recurso especial en materia de contratación, en absoluto, contrarrestan o informe evacuado e aceptado unanimemente pola Mesa de Contratación.

Dito informe publicouse na plataforma do sector público na data de 11/02/2019; accesible no enderezo www.contrataciondelestado.es.

Este informe non foi obxecto de observación nas distintas fases procedimentais, ate o acordo de adxudicación.

QUINTO: O contido literal do informe do servizo, é o seguinte:

(…..)

*"Incidencia xurdida na apertura da documentación administrativa (sobre A) e oferta técnica (sobre B), na licitación do Centro de Atención a Persoas Maiores de Trabada e Ribadeo.*

*Sesión da Mesa de Contratación, que tivo lugar na data 23 de xaneiro de 2019.*

*ANTECEDENTES*

*I.- En Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, logo dos trámites procedentes e conforme aos antecedentes que constan directamente ou por referencia, en sesión de 23 de novembro, decidiu:*

*(...)*

*1º.- Aprobar a contratación de prestacións a persoas maiores nos centros de atención de Trabada e Ribadeo; dividido en lotes (lote 1, Centro de Atención a Maiores de Trabada e lote 2, Entro de Atención a Maiores de Ribadeo), coa posibilidade de presentar oferta integradora e na modalidade de tramitación anticipada.*

*2º.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas que rexerán na licitación e execución da contratación sinalada no parágrafo anterior.*

*3º.- Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante desta Deputación Provincial (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e demais publicacións obrigatorias.*

*4º.- Aprobar o orzamento de licitación, que ascende a 4.283.378,28 euros, sobre os que se aplicará un IVE do 4% 171.335,13 euros, o que fai un total de 4.454.713,41 euros. O contrato financiarase de acordo ás seguintes anualidades:*

| ANUALIDADE | IMPORTE | LOTE1-TRABADA | LOTE2-RIBADEO |
|---|---|---|---|
| 2019 | 1.253.026,00 € | 587.746,00 € | 665.280,00 € |
| 2020 | 1.278.821,39 € | 599.562,19 € | 679.259,20 € |
| 2021 | 1.304.540,82 € | 612.231,92 € | 692.308,90 € |
| 2022 | 618.325,20 € | 290.015,97 € | 328.309,23 € |
| TOTAL | 4.454.713,41 € | 2.089.556,08 € | 2.365.157,33 € |

*5º.- Aprobar o gasto, como de tramitación anticipada, ao iniciarse a súa execución no exercicio 2019, de conformidade co establecido no artigo 117.2 da LCSP en relación coa súa Disposición Adicional terceira, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que financien á contratación (provinciais e municipais).*

*A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2019, 2020, 2021 e 2022, conforme ao cadro anteriormente amentado.*

*(...).”*

*II.- Unha vez efectuados os anuncios preceptivos, vencido o prazo de presentación de proposicións, convocouse mesa de contratación para a data de 23 de febreiro de 2019.*

*A licitación é electrónica.*

*A licitadora <<ASOCIACIÓN EDAD DORADA MENSAJEROS DE LA PAZ>> comunicou certas incidencias ao tratar de “subir” a súa proposición ao sistema tecnolóxico da plataforma de contratos do Estado a que está adherida a Deputación Provincial, como poder adxudicador; en concreto o órgano de contratación Xunta de Goberno. Así consta documentado no expediente.*

*III.- Unha vez aberto o sobre “A” de cada un dos lotes, co resultado que se relaciona na acta da sesión, procedeuse á apertura do sobre “B” (sobre electrónico) dos respectivos lotes.*

*No discorrer deste procedemento material detéctase que dentro do sobre "B" un documento con lenda <<compromiso de prestacións de actividades de acompañamiento y actividades de ocio y tiempo libre"; SOBRE C , referido a Trabada>>.*

*O mesmo ocorre co lote relativo a Centro de atención a maiores de Ribadeo (Lote), incorporando unha lenda similar [dentro de sobre "B":" compromiso de prestacións de actividades de acompañamiento y actividades de ocio y tiempo libre"; SOBRE C] , ao referido a Trabada.*

*Identifícase cada un dos lotes e o respectivo concello, nese documento.*

*A referencia a sobre "C", albergou algunha dúbida sobre a súa apertura ou non. Pero finalmente prodúcese a apertura, na confianza en que non aportaría información relativa ao contido propio do sobre ou sería irrelevante e atendendo en que se atopaba, dentro do continente xeral <<sobre B>>.*

*Logo da apertura e sen analizar o seu contido con detalle, continuouse coa tramitación prevista. Neste sentido remitiuse a documentación á sección de Benestar da Deputación.*

*A Presidencia, mediante providencia, nomeou aos técnicos encargados da avaliación dos criterios cualitativos cuantificables mediante xuízos de valor.*

- *Con independencia de que poda efectuarse a oportuna valoración deses criterios, conforme ao ofertado por cada un dos licitadores, presentados aos respectivos lotes, a propia mesa de contratación naquela sesión de 23/01/2019, interesou un pronunciamento acerca da incidencia sucedida e as súas hipotéticas consecuencias no devir deste procedemento, nos trámites propios da fase de adxudicación.*

*Xa que logo, resulta necesario pronunciarse sobre este particular, antes de dar conta do resultado da valoración das ofertas técnicas, suxeitas a xuízos de valor e, dende logo, da apertura do correspondente "sobre C", referente a criterios cualitativos cuantificables mediante aplicación de fórmulas e oferta económica.*

*DETERMINACIÓNS LEGAIS E DO PREGO DE CONDICIÓNS*

- *O R.D. 817/2009, do 8 de maio, polo que desenvolvía parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, nos artigos 26, 27 e 30 establece o seguinte:*

1. *Art.26: "La documentación relativa a los criterios cuya ponderación dependa de un juicio de valor debe presentarse, en todo caso, en sobre independiente del resto de la*

*proposición con objeto de evitar el conocimiento de esta última antes de que se haya efectuado la valoración de aquéllos."*

*b)* Art.27*: "**1.** A estos efectos, la apertura de tales documentaciones se llevará a cabo en un acto de carácter público, cuya celebración deberá tener lugar en un plazo no superior a siete días a contar desde la apertura de la documentación administrativa a que se refiere el artículo 130.1 de la Ley de Contratos del Sector Público.*

*A estos efectos, siempre que resulte precisa la subsanación de errores u omisiones en la documentación mencionada en el párrafo anterior, la mesa concederá para efectuarla un plazo inferior al indicado al objeto de que el acto de apertura pueda celebrarse dentro de él.*

*2. En este acto sólo se abrirá el sobre correspondiente a los criterios no cuantificables automáticamente entregándose al órgano encargado de su valoración la documentación contenida en el mismo; asimismo, se dejará constancia documental de todo lo actuado."*

*c)* Art.30*: "**1.** En los pliegos de cláusulas administrativas particulares deberá constar la identificación del criterio o los criterios concretos que deban someterse a valoración por el comité de expertos o por el organismo especializado, el plazo en que éstos deberán efectuar la valoración y los límites máximo y mínimo en que ésta deberá ser cuantificada.*

*2. En todo caso, la valoración de los criterios cuantificables de forma automática se efectuará siempre con posterioridad a la de aquellos cuya cuantificación dependa de un juicio de valor.*

*3. La ponderación asignada a los criterios dependientes de un juicio de valor se dará a conocer en el acto público de apertura del resto de la documentación que integre la proposición, salvo que en los pliegos de cláusulas administrativas particulares se disponga otra cosa en cuanto al acto en que deba hacerse pública."*

- *O artigo 146.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, nun dos seus incisos normativos, precisa:*

*(...)*

*"En todo caso, a evaluación das ofertas conforme aos criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas realizarase tras efectuar previamente a de aqueles outros criterios en que non concurra esta circunstancia, dexándose constancia documental delo"*

*(...)*

*Pola súa parte o art. 157 LCSP, determina:*

*"1. La Mesa de contratación calificará la documentación a que se refiere el artículo 140, que deberá presentarse por los licitadores en sobre o archivo electrónico distinto al que contenga la proposición.*

*Posteriormente, el mismo órgano procederá a la apertura y examen de las proposiciones, formulando la correspondiente propuesta de adjudicación al órgano de contratación, una vez ponderados los criterios que deban aplicarse para efectuar la selección del adjudicatario.*

*2. Cuando, de conformidad con lo establecido en el artículo 145 se utilicen una pluralidad de criterios de adjudicación, los licitadores deberán presentar la proposición en dos sobres o archivos electrónicos: uno con la documentación que deba ser valorada conforme a los criterios cuya ponderación depende de un juicio de valor, y el otro con la documentación que deba ser valorada conforme a criterios cuantificables mediante la mera aplicación de fórmulas.*

*3. En todo caso la apertura de las proposiciones deberá efectuarse en el plazo máximo de veinte días contado desde la fecha de finalización del plazo para presentar las mismas.*

*Si la proposición se contuviera en más de un sobre o archivo electrónico, de tal forma que estos deban abrirse en varios actos independientes, el plazo anterior se entenderá cumplido cuando se haya abierto, dentro del mismo, el primero de los sobres o archivos electrónicos que componen la proposición.*

*4. En todo caso, la apertura de la oferta económica se realizará en acto público, salvo cuando se prevea que en la licitación puedan emplearse medios electrónicos.*

*5. Cuando para la valoración de las proposiciones hayan de tenerse en cuenta criterios distintos al del precio, el órgano competente para ello podrá solicitar, antes de formular su propuesta, cuantos informes técnicos considere precisos. Igualmente, podrán solicitarse estos informes cuando sea necesario verificar que las ofertas cumplen con las especificaciones técnicas del pliego.*

*También se podrán requerir informes a las organizaciones sociales de usuarios destinatarios de la prestación, a las organizaciones representativas del ámbito de actividad al que corresponda el objeto del contrato, a las organizaciones sindicales, a las organizaciones que defiendan la igualdad de género y a otras organizaciones para la verificación de las consideraciones sociales y ambientales.*

*6. La propuesta de adjudicación no crea derecho alguno en favor del licitador propuesto frente a la Administración. No obstante, cuando el órgano de contratación no adjudique el contrato de acuerdo con la propuesta formulada deberá motivar su decisión.”*

*III) O propio prego de cláusulas administrativas, reitor da licitación (PCAP), na cláusula 14, sobre contido das proposicións, ao ocuparse da definición dos sobres da licitación e documentación a incorporar en cada sobre, matiza (...) , nalgún dos seus apartados (sic).*

*(...)*

*Non poderá incluírse no sobre A información que permita coñecer a oferta económica ou determinar a puntuación que acadaría o licitador en base os criterios avaliables de forma automática mediante a aplicación de fórmulas. O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar á súa exclusión do procedemento de adxudicación, en especial se contravén os principios de igualdade, transparencia e libre competencia.*

*(...)*

*II. Sobre B “oferta técnica”.*

*Conterá as especificacións relativas aos criterios cualitativos e cuantificables mediante xuízo de valor, previstos na cláusula 12.2 do PCAP. A oferta técnica deberá axustarse ao esixido ao respecto na mencionada cláusula a efectos da súa adecuada valoración, e será conforme ao modelo do Anexo III do presente PCAP.*

*Non poderá incluírse no sobre B información que permita coñecer a oferta económica ou determinar a puntuación que acadaría o licitador en base os criterios avaliables de forma automática mediante a aplicación de fórmulas. O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar á súa exclusión do procedemento de adxudicación, en especial se contravén os principios de igualdade, transparencia e libre competencia.*

*No caso de que a documentación contida no sobre B puxese de manifesto que a oferta do licitador incumpre as prescricións mínimas da prestación do servizo a contratar contida nos pregos a oferta será rexeitada.*

*(...)*

*O mesmo PCAP, no anexo III, sobre modelo de oferta técnica (sobre B), recolle o seguinte AVISO:*

*“Aviso: Non poderá incluírse neste sobre B información que permita coñecer a oferta económica ou determinar a puntuación que acadaría o licitador en base os criterios avaliables de*

*forma automática, mediante a aplicación de fórmulas, porcentaxes ou cifras. O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar á súa exclusión do procedemento de adxudicación, en especial se contravén os principios de igualdade, transparencia e libre competencia.*

*Aviso: Coa memoria deberán acompañarse os protocolos de obrigada realización (cláusula 3.4.1 do PPT. Non computa no límite de extensión máxima os citados protocolos."*

*(...)*

*IV) O PCAP na cláusula 12.2, criterio número 8, di:*

*<< COMPROMISO DE PRESTACIÓNS DE ACTIVIDADES DE ACOMPAÑAMENTO E ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE. PONDERACIÓN: 15% do total. Puntuación: 0-15.*

*Para a aplicación deste criterio atenderase a creación dunha bolsa de horas, por parte da adxudicataria, para a realización de actividades de ocio e tempo libre adaptadas ao colectivo de persoas maiores, con indicación do persoal e actividades a realizar. O/a profesional que leve a cabo estas actividades non computará para a ratio de atención directa. Garantirase un reparto equitativo entre as horas de prestación ofertadas e a distribución semanal, ou anual, segundo corresponda. No caso da bolsa de horas de libre designación, estas deberán realizarse cando a Deputación así o indique. En todo caso, será con previo aviso 15 días, agás, que por razóns debidamente xustificadas ese prazo se vexa reducido no tempo, en aras de lograr unha maior efectividade na prestación da actividade.*

| | ***PUNTUACIÓN*** |
|---|---|
| *Bolsa horas/semanais (L-S) (puntuación máxima 6 puntos)* | |
| *- Bolsa de 6 horas/semanais en horario de tarde (L-S), sendo unha ao día obrigatorio* | *3 puntos* |
| *- Bolsa de 12 horas/semanais en horario de tarde (L-S) sendo unha ao día obrigatorio* | *6 puntos* |
| | |
| *Bolsa horas para domingos e festivos. (puntuación máxima 5 puntos)* | |
| *- Bolsa de 1 hora/cada domingo* | *2 puntos* |
| *- Bolsa de 2 hora/cada domingo* | *3 puntos* |
| *- Bolsa de 1 hora/cada festivo* | *1 puntos* |
| *- Bolsa de 2 hora/cada festivo* | *2 puntos* |
| | |
| *Bolsa de a libre disposición da Deputación de Lugo. (puntuación máxima 15 puntos)* | |
| *- Bolsa de 26 horas/mensuais libre disposición do centro* | *5 puntos* |
| *- Bolsa de 52 horas/mensuais libre disposición do centro* | *10 puntos* |
| *- Bolsa de 78 horas/mensuais libre disposición do centro* | *15 puntos* |
| ***TOTAL*** | ***0-15 puntos*** |

| ***Estimación económica*** | ***PRECIO ESTIMADO*** |
|---|---|

| | |
|---|---|
| *1 hora de actividade* | *10, 32 €/hora* |
| *As xornadas  realizada en domingo/festivo* | *+8,91 €/día* |

*Non se outorgará unha puntuación superior aos 15 puntos en cómputo total.*

*O compromiso alcanza o período de vixencia do contrato, como condición especial de execución cualificada como obriga contractual esencial. A execución das horas ofrecidas, debera acreditarse trimestralmente, mediante declaración responsable conformada polo responsable do centro.  O seu incumprimento carrexa causa de resolución contractual (cláusula 22.2.2 do PCAP)*

*Excepcionalmente se chegada a finalización do contrato, non estivesen executadas as prestacións correspondentes ao último trimestre, descontarase ao adxudicatario, no pagamento da última factura ou liquidación do contrato, o importe equivalente as bolsas de horas de acompañamento e actividades de tempo libre, segundo o prezo estimado no cadro precedente.>>*

*<u>CIRCUNSTANCIAS CONCORRENTES</u>*

*No documento relacionado no antecedente III, deste informe, coas incidencias alí reflectidas, incorpórase un documento nomeado como <<compromiso de prestacións de actividades de acompañamentos e actividades de ocio e tempo libre.>> Este título coincide formalmente co criterio número 8 da cláusula 12.2 do PCAP, sobre criterios cualitativos, cuantificables mediante xuízos de valor (sobre B).*

*Este criterio 8º enumera varios subcriterios, coa respectiva puntuación, con referencia a unha bolsa de horas e correspondente prezo estimado.*

*Neste documento "discordante", faise referencia a "programas y actividades" e sinálase en global un número de horas; nembargantes non existe distribución de horas por semanas, por días, por días festivos ou domingos. Ese número de horas non está temporizado referido a unidades de tempo: meses, anos, a duración do contrato (...).*

*<u>CONSIDERACIÓNS</u>*

*I.A confusión da documentación nos sobres aos que tradicionalmente se incorporan as proposicións, nas licitacións, para garantir o seu carácter reservado (tamén coñecido como*

contaminación de sobres nos expedientes de contratación pública) é obxecto de estudo e debate por parte dos órganos consultivos e os tribunais administrativos de contratos.

II- Nesta cuestión, como outras de orde xurídico-administrativo, estamos ante a tesitura de equilibrar e harmonizar principios tales como o de imparcialidade, igualdade de trato e obxectividade, con outros tamén relevantes como os de concorrencia e proporcionalidade.

De unha parte, parece claro, que << a inclusión da oferta económica no sobre relativo aos criterios suxeitos a avaliación previa incumpre o segredo das proposicións e por tanto determina a exclusión da oferta: véxase por todos o Acordo 8/2009 da JCCA da C.A. de Madrid: "Se entre a documentación achegada no sobre correspondente aos criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor faise referencia á proposición económica, a oferta haberá de ser, en todo caso, rexeitada, por incumprir o disposto no artigo 129 da LCSP achega do carácter segredo das proposicións ata o momento da licitación pública".

No caso analizado o documento sobre o que xorde a "discordancia" non contén a oferta económica, nin tampouco dato algún sobre os diversos aspectos e "ítems" a valorar da mesma.

En consecuencia, a análise que efectúa este informe da incidencia detectada, debe centrarse nese criterio número 8, da cláusula 12.2, reproducido no antecedente IV deste informe.

III.-Con todo, en referencia especialmente ao resto de criterios avaliables de forma automática que pode conter o sobre 3/ C xunto á oferta económica, os tribunais administrativos de contratos matizaron a rotundidade da consecuencia de exclusión por violación do segredo das proposicións, de tal forma que é predominante a doutrina dos devanditos órganos que incide en que non ha de ser un criterio absoluto, senón que deberá operar na medida en que teña lugar a contaminación por coñecemento anticipado de tal sorte que xa non poidan quedar garantidos os principios de imparcialidade, obxectividade e igualdade de trato.

Resume perfectamente a doutrina do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais – TACRC-, a súa recente Resolución 729/2016: "A exclusión dun licitador pola inclusión indebida de documentación en sobre distinto do adecuado non é un criterio absoluto nin debe operar de forma automática, tendo en conta que non calquera vicio procedimental xera a nulidade do acto de adxudicación (Resolucións 89/2015 e 1082/2015, entre outras). Así a todo, antes de expulsar a un candidato do procedemento, debe analizarse se se puido crebar a imparcialidade e a obxectividade na avaliación (Resolución 261/2016) .../...o verdadeiramente

*relevante non é a forma en que se presentan as ofertas, senón que se garantan os principios de invariabilidad da oferta e de igualdade de trato, o que esixe á súa vez que se cumpran dous requisitos: a) que o erro cometido non permita albergar dúbida algunha sobre a verdadeira vontade da licitadora, e b) que ese erro non impida ao órgano de contratación avaliar as ofertas de forma obxectiva."*

*A moi similares conclusións chega a JCCA do Estado no seu Informe 30/11: "Por iso, se a documentación incluída nun sobre incorrecto é irrelevante desde o punto de vista dos citados principios, pode considerarse que constituíndo unha irregularidade formal no procedemento, non constituíndo unha causa que determine o efecto da exclusión do mesmo.*

*Á esa conclusión tamén chega o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, mediante Resolución do 5 de outubro de 2011, no que a documentación achegada en sobre erróneo non estea suxeita a valoración e o seu coñecemento polo órgano de contratación nun momento distinto ao previsto non inflúe na obxectividade deste órgano, e a dos seus técnicos para valorar as ofertas presentadas".*

*IV.-As consecuencias da contaminación segundo os sobres afectados pola mesma, sintetízase na Resolución 463/2017 TACRC –aínda que advertindo do seu carácter non absoluto, no sentido indicado-: "Con carácter xeral sentouse o criterio, por unha banda, de confirmar a exclusión daqueles licitadores que incluíron información das súas ofertas (xa se trate de criterios suxeitos a xuízo de valor ou avaliable mediante fórmulas) no sobre relativo ao cumprimento de requisitos previos (resolucións 147/2011 e 067/2012), así como para o suposto de inclusión de información avaliable mediante fórmulas no sobre correspondente á información suxeita a xuízo de valor (resolucións 14/2010 e 233/2011). Isto, con todo, a exclusión do licitador pola inclusión indebida de documentación en sobre distinto non é un criterio absoluto, tendo en conta que non calquera vicio procedimental xera a nulidade do acto de adxudicación, "sendo preciso que se produciu unha indefensión real e non meramente formal" (Resolución 233/2011)."*

*V.-Outros precedentes e a doutrina neles asentados, son os seguintes:*

*-Resolución 463/2017 TACRC: pese a recoñecer a posibilidade de que se producise contaminación, considera excesiva a sanción de exclusión por falta de certeza ao respecto: "aínda existindo no programa de actividade elementos que poderían anticipar contido de elementos da oferta avaliables mediante fórmula, non existe a suficiente certeza como para considerar tal*

*información como fiable, nin para entender que teña a entidade para supoñer un risco de infracción do principio de obxectividade e igualdade, polo que á vista do exposto este Tribunal entende que a exclusión do adxudicatario fose improcedente por excesiva e desproporcionada. Procede, en consecuencia, rexeitar a pretensión anulatoria formulada pola recorrente."*

*-Acordo 61 2017 do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón-TACPA-: conclúe que presentar dous sobres en vez de tres no caso dunha licitación na que só se valoraban criterios de valoración automática, constitúe unha irregularidade invalídante, polo que non procede a exclusión: "o erro da adxudicación ao presentar a documentación en tres sobres en vez de en dous non deixa de ser unha irregularidade non invalídante xa que, en ningún caso, desvelouse o secreto da súa oferta que puidera contaminar a valoración a realizar."*

*-Resolución 494 2016 TACRC: non procede excluír por inclusión en sobre 2-suxeitos a xuízo de valor- de criterios que deban figurar no sobre 3-matemáticos- se iso non condiciona a valoración posterior, por licitar no criterio anticipado ao mínimo previsto no PPT-: a entidade recorrente presenta no sobre nº 2, concretamente na descrición do seu proxecto formativo, datos referidos á ratio (cociente) titor/alumnos e a periodicidade das titorías que pola súa natureza corresponden en exclusiva ao sobre nº 3. Agora ben, estes datos coinciden exactamente co umbral mínimo que para a prestación do servizo establece o PPT-ratio máximo de 30 alumnos/docente e como mínimo unha titoría telefónica en inglés de polo menos 30 minutos cada mes e medio-. Por conseguinte, a súa expresión no sobre nº 2 non condiciona a valoración dos criterios que dependen dun xuízo de valor, nin rompe o principio de separación entre os criterios que dependen de xuízo de valor e os criterios que dependen de fórmulas."*

*-Resolución 261/2016 TACRC: aporta como punto diferencial a escasa ponderación dentro do total de puntuación da información desvelada para concluír a non sanción por exclusión, nun caso no que con todo o PCAP advertía expresamente da exclusión automática se se producía calquera anticipación: "non é posible ignorar a escasa incidencia que ten o apartado das melloras de medios materiais, pois só supón 3 puntos sobre un total de 100. Este extremo resulta especialmente significativo dado que aínda que a distancia entre a puntuación alcanzada pola recorrente e a obtida pola adxudicataria nos criterios subxectivos foi de 3 puntos, e nos obxectivos foi de 20,29 puntos, sendo o resultado final de 23,29 puntos. Obsérvase entón que a exclusión da empresa seleccionada supoñería, ao cabo, invalidar, so pretexto dunha hipotética contaminación do persoal técnico, unha adxudicación que, substancialmente, baseouse en criterios obxectivos, de cuxa aplicación non se formulou reparo algún.../...a propia previsión do prego*

*indica que a medida en ela contemplada adoptarase "para evitar o contaxio que puidera existir no técnico encargado da valoración".* *Co emprego desa expresión, o Prego está advertindo contra calquera automatismo á hora de adoptar unha decisión tan radical como a que postula o recorrente, o que evidencia, unha vez mais, que o relevante é que se puxera en perigo a obxectividade da valoración dos criterios subxectivos, hipótese que non concorre no caso que agora nos incumbe."*[5]

*VI.-O Consello de Estado, analizou o segredo das proposicións no seu ditame de 11/07/2013 (expediente número 670/2013), razoando do seguinte modo:*

*(...)*

*""Para el análisis de la cuestión planteada, resultan oportunas unas someras reflexiones acerca del secreto de las proposiciones en la legislación de contratos del sector público, cuya conculcación ha sido esgrimida como punto de partida por la Administración para la instrucción del expediente.*

*El secreto de las proposiciones aparece enunciado en el artículo 145.2 del TRLCSP, que obliga a arbitrar los medios que garanticen el carácter secreto de las ofertas hasta el momento de la licitación pública. La consecución de este objetivo exige que la documentación para las licitaciones se presente en sobres cerrados e identificados en su exterior, tal y como prevé el artículo 80.1 del Reglamento general de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre. El carácter secreto de las proposiciones y la separación de la información en sobres cerrados se convierten, además, en herramienta imprescindible para la valoración sucesiva de los criterios subjetivos y objetivos para la selección del adjudicatario, sucesión que propugna el artículo 150.2 del TRLCSP, en virtud del cual "la evaluación de las ofertas conforme a los criterios cuantificables mediante la mera aplicación de fórmulas se realizará tras efectuar previamente la de aquellos otros criterios en que no concurra esta circunstancia, dejándose constancia documental de ello". Así se contempla en el Real Decreto 817/2009, de 8 de mayo, por el que se desarrolla parcialmente la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público, en dos preceptos:*

[5] Resumo efectuado por José María Agüeras Angulo .Interventor-tesorero de Administración Local de categoría superior, accesible na rede.

*- La documentación relativa a los criterios cuya ponderación dependa de un juicio de valor debe presentarse, en todo caso, en sobre independiente del resto de la proposición con objeto de evitar el conocimiento de esta última antes de que se haya efectuado la valoración de aquéllos" (artículo 26).*

*- En todo caso, la valoración de los criterios cuantificables de forma automática se efectuará siempre con posterioridad a la de aquellos cuya cuantificación dependa de un juicio de valor" (artículo 30.2).*

*La razón de ser de que la valoración de los criterios técnicos sujetos a juicio de valor se realice antes de conocer la oferta económica y demás criterios evaluables mediante fórmulas es "evitar que ese conocimiento pueda influenciar en la valoración a realizar por los técnicos, y así mantener la máxima objetividad en la valoración de los criterios cuya cuantificación dependa de un juicio de valor" (resolución 233/2011, de 5 de octubre de 2011, del Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales). A juicio de este órgano, "la intención del legislador al regular en la forma que lo hizo los procedimientos de adjudicación de los contratos y, en particular, la forma en que debía procederse a la apertura de los distintos sobres conteniendo la documentación y la proposición presentadas por los licitadores no es otra que garantizar, por una parte, el trato no discriminatorio y en igualdad de todos los licitadores y, de otra, la transparencia, garantía, a su vez, de la autenticidad de los datos que reflejan los documentos que contiene la oferta" (entre otras, resoluciones 67/2012, de 14 de marzo de 2012, y 76/2013, de 14 de febrero de 2013).*

*Estos razonamientos han conducido al Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales a mantener la inadmisión de las ofertas en las que la documentación haya sido presentada de manera que incumpla los requisitos establecidos en el pliego con respecto a la forma de presentar la misma. Así, por ejemplo, en la resolución 76/2013 se desestima el recurso contractual interpuesto por una licitadora contra su exclusión, habida cuenta de que, "al incluir la oferta económica y la relativa a los demás criterios valorables mediante fórmula en sobre abierto, junto a buena parte de la documentación administrativa, se rompe el secreto de las proposiciones". Ahora bien, no se trata de un criterio absoluto, toda vez que no cualquier vicio procedimental genera la nulidad del acto de adjudicación, "siendo preciso que se hubiera producido una indefensión real y no meramente formal" (resolución 233/2011 citada).*

*Los tribunales de lo contencioso-administrativo han incidido en la falta de automaticidad del efecto excluyente como consecuencia del cumplimiento defectuoso de los requisitos formales de presentación de las ofertas.*

*En este sentido, cabe citar la Sentencia del Tribunal Supremo de 20 de noviembre de 2009, en la que se descarta la vulneración del principio de igualdad de trato por el quebrantamiento del carácter secreto de las proposiciones en un supuesto en el que el licitador incurrió en un error involuntario al presentar la oferta en un sobre abierto, partiendo de la falta de trascendencia para terceros de este error, dada la naturaleza atípica del contrato, el cual no se adjudicaba a la oferta más ventajosa sino que admitía todas las ofertas que cumplían las prescripciones técnicas.*

*Más próximos a los hechos aquí analizados son los enjuiciados en la Sentencia de la Audiencia Nacional de 6 de noviembre de 2012. En ella se sostiene la improcedencia de la exclusión de una entidad participante en la licitación por vulnerar el carácter secreto de las ofertas mediante la inclusión en los sobres nº 1 o nº 2 de documentos correspondientes al sobre nº 3. En opinión del órgano judicial, resulta excesivamente formalista y contrario al principio de libre concurrencia el criterio automático de exclusión aplicado por el órgano de contratación, pues para la producción del efecto excluyente se exige la comprobación de que dicha actuación realmente ha vulnerado el secreto y ha podido influir en la valoración de los criterios cuantificables mediante fórmula. La simple comprobación del error en los sobres podrá en todo caso constituir una presunción a favor de esa infracción, que puede ser desvirtuada mediante prueba en contrario.*

*Del sucinto examen realizado cabe colegir dos ideas: primera, la importancia del secreto de las proposiciones, no como objetivo en sí mismo, sino como garantía del conocimiento sucesivo de la documentación relativa a los criterios cuya cuantificación dependa de un juicio de valor y de la referida a los parámetros evaluables de forma automática, de modo que se favorezca la objetividad de la valoración y con ello la igualdad de trato de los licitadores; y, segunda, la necesidad de ponderar las circunstancias concurrentes a la hora de excluir ofertas que incumplan o cumplan defectuosamente los requisitos formales de presentación de la documentación (bien porque ésta obre en sobres abiertos, bien porque se incluya erróneamente información propia de un sobre en otro distinto), en el bien entendido de que la exclusión está justificada cuando el incumplimiento o cumplimiento defectuoso de tales requisitos, incluido el secreto de las proposiciones hasta la licitación pública, menoscabe la objetividad de la valoración y el tratamiento igualitario de los licitadores como valores que se trata de preservar mediante dicho secreto, pero no lo está cuando no se haya visto afectado sustantivamente el principio de igualdad de trato.””*

*(...)*

*En consecuencia, para adoptar a decisión de exclusión de unha oferta debe ponderarse se existe un efectivo menoscabo de obxectividade na valoración (neste asunto), por ter unha referencia a un número xenérico de horas de acompañamento en actividades de ocio e tempo libre.*

*Cómpre responder a esta cuestión: esa referencia xenérica a un número de horas, compromete a obxectividade das persoas que valoran os criterios subxectivos, e a da propia mesa ou non.*

*Esa é a resposta que debe obterse, partindo do criterio que non existe un automatismo inmediato, en tanto que o carácter reservado das proposicións non é un obxectivo en si mesmo, senón unha garantía do coñecemento sucesivo da documentación relativa aos criterios cuxa cuantificación dependa de un xuízo de valor e da referida a parámetros avaliables de forma automática (...)*

*¿Alterouse a obxectividade das persoas que efectuaron a valoración ou non?. Esta é a cuestión central. A qué se debe contestar.*

*VII.- Doutra parte, debe terse en conta que o PCAP, elude o automatismo da exclusión, en tanto que introduce o acento nun factor valorativo (excluíndo o automatismo), ao indicar que a exclusión se producirá, especialmente se contravén os principios de igualdade, transparencia e libre competencia.*

*Xa que logo para excluír debería constatarse un ataque ou cando menos unha merma de tales principios. Ao empregado que subscribe no lle consta.*

*Esta redacción do PCAP compatibiliza co criterio sentado na resolución 261/2016 do TACRC e coa idea de ponderación e valoración das resolucións invocadas.*

*A doutrina precedente, decepcionase nos manuais e tratados sobre contratación, en tal sentido, as consecuencias do erro na documentación incluídos nos sobres, analízase –por exemplo- nas páxinas 1573-1574, do Tomo II do Tratado de contratos do sector público (editado por Tirant lo blanch), razoando do seguinte modo:*

*(...)*

*<<Ahora bien, la exclusión del licitador debido al error en la documentación incluida en los sobres no es un criterio absoluto, toda vez que no cualquier vicio procedimental genera la nulidad del acto de adjudicación, siendo preciso que se hubiera producido una indefensión real y no meramente formal. Por este motivo, una medida tan extrema, como es la exclusión del licitador, no puede acogerse de manera automática, prescindiendo de las circunstancias concurrentes en*

*cada caso. Se trata, por tanto, de dilucidar si el error en la presentación de la documentación ha vulnerado realmente el secreto de las proposiciones y ha podido influir en la valoración de las ofertas, quebrando así la objetividad de la valoración y el tratamiento igualitario de todos los licitadores.*

*Ello obliga a tener en cuenta la diferente casuística que se produce cuando se incorporan datos en un sobre diferente al previsto en los pliegos. Siendo así que los tribunales administrativos han negado la exclusión de las ofertas: cuando no se hay comprometido la objetividad en la evaluación de los criterios subjetivos por ser la información suministrada a destiempo instrascendente; en los supuestos en los que los interesados se han limitado a cumplir lo exigido en los Pliegos; o cuando sean éstos los que, por su ambigüedad, hayan propiciado la indebida revelación de la oferta.>>*

*VII.- Certo que nalgún caso precedente, o servizo de Contratación, informou a exclusión dunha licitadora posto que incorporaba un apartado dedicado exclusivamente a formación, describindo minuciosamente as materiais, o número de horas por materia e o número total de horas.*

*Ese criterio incorporábase como sobre B. No caso que nos ocupa, leva unha lenda como sobre "C", aínda que dentro do sobre B. Existen aspectos diferenciadores que xustifican que a resposta poda ser distinta, con independencia da autonomía, de cada mesa. Naquel caso había un coñecemento <<parcial>> da oferta suxeito a criterios matemáticos, nos termos dalgunha resolución de tribunais contractuais[6] . Neste suposto temos unha información exclusivamente referida a un dato numérico, dun criterio, pero ese dato non constitúe oferta parcial de acordo coas esixencias do PCAP para tal subcriterio.*

*En efecto, no asunto obxecto deste informe non se esquematiza, segundo o indicado no PCAP, en función dos ítems temporais que marca o prego ou o modelo de proposición referido no PCAP.*

*Pero ademais aquel prego (PCAP) referido ao servizo de vixilancia, que deu lugar ao informe precedente, non incorporaba o matiz valorativo que introduce o PCAP deste expediente 0033SE18-ABO ( prestacións centros de atención a maiores, precisamente na liña das máis recentes consideracións dos tribunais de recursos e dos órganos consultivos.*

[6] Tratado de contratos del sector público ( Tomo II); Tirant lo Blanch; Valencia 2018 ( apartado redactado por Francisco Hernández González), páxinas 1573-1574.

*A cláusula XIV do PCAP, relativo ao expediente 15SE18-ABO-SARA (contrato servizos vixilancia) dicía:*

*<<Non poderá incluírse neste sobre B, información que permita determinar a puntuación que os licitadores acadarían en base aos criterios de adxudicación avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas (sobre C). O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar a súa exclusión do procedemento de adxudicación.>>*

*Por contra, no PCAP, relativo a licitación que nos ocupa ( licitación prestacións CAM) introduce o elemento valorativo, precisado con anterioridade <<Non poderá incluírse neste sobre B información que permita coñecer a oferta económica ou determinar a puntuación que acadaría o licitador en base os criterios avaliables de forma automática, mediante a aplicación de fórmulas, porcentaxes ou cifras. O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar á súa exclusión do procedemento de adxudicación, <u>en especial se contravén os principios de igualdade, transparencia e libre competencia</u>.>>*

*<u>CONCLUSIÓN</u>*

*En base ao exposto o empregado público que subscribe entende:*

*a)Que a información revelada, nos termos expostos, é xenérica e non permite outorgar unha puntuación de forma automática, nun determinado criterio, do sobre "C", en tanto que falta un elemento temporal necesario.*

*b) En calquera caso, con independencia do expresado no apartado precedente, debería xustificarse, constatarse ou polo menos aducirse, se algunha das persoas que efectúa a valoración, ou a propia mesa, considera menoscabado ou afectada a súa obxectividade, o tratamento igualitario dos licitadores ou considerar contravidos os principios de igualdade, transparencia e libre competencia. De non producirse algunha destas afeccións ou contravencións, o sentido finalista das disposicións e doutrina sobre o carácter reservado da oferta, aconsella –prudentemente- a non exclusión da oferta na que se detectou a incidencia reflectida nos antecedentes, debendo prevalecer a concorrencia, nun procedemento ao que se presentaron poucos licitadores.*

*Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado. Non obstante a Mesa decidirá o que considere oportuno.*

*(....).*

<u>SEXTO:</u> Este informe destaca a evolución dos tribunais de recursos contractuais e dos propios órganos consultivos, no que se pode identificar como a <<contaminación de sobres>>, no expediente de contratación pública, de modo que as resolucións máis recentes: modulan a exclusión, por calquera defecto formal, con unha tendencia favorable a valorar a concorrencia, sobre as cuestións formais.

Neste suposto ademais o licitador, aínda que erroneamente, dentro do sobre B, introduce un documento ao que nomea como sobre C e que a Mesa de Contratación puido discernir non proceder a súa apertura, no caso de albergar dúbidas.

Hai que salientar, ademais que este sobre “c” dentro do sobre “B”, non se corresponde en absoluto co modelo de proposición para os criterios cuantificables mediante cifras, porcentaxes ou valores que figura no anexo VI do PCAP ( páxina 108, partado número 4º), que consiste en contestar aos ítems de actividades e horas, con un si ou ben un non.

Ese documento identificado como sobre “C”” ( páxina 2 volta) alude a “….. 78 horas ofertadas para la realización del servicio. Las actividades se llevarán a cabo de lunes a domingo. Estas 78 serán distribuidas a libre disposición del centro”.

Despois desta referencia segue: “ PROGRAMAS Y ACTVIDADES”

“Proponemos estas actividades, aplicadas a cada usuario según sea , una vez conocido , a través del PAI y Libro de Vida” (…)

As actividades que se executan a nivel de epígrafe, desagregadas143 nas seguintes tipoloxías:

-“ACTVIDADES DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL”: cunha proposta de actividades semanais.

-“ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN CIUDADANA EN EL ÁMBITO COMUNITARIO”: Ofrece servizos desde as residencias para o mantemento da persoa maior no entorno habitual (….).

-“ACTIVIDADES DE INTEGRACIÓN SOCIAL A TRAVÉS DE TICS”: Unha forma de integración do centro na comunidade é a través das novas tecnoloxías da Información e Comunicación (TICS) "dirixidas ás" persoas maiores do centro.

-"PROGRAMA INTERREGIONAL": Os programas interxeracionais constitúen un instrumento axeitado para alentar e fortalecer relacións solidarias entre as xeracións.

-PROGRAMA DE CONVIVENCIA RESIDENCIAL": Sinala as actividades máis frecuentes desenvoltas nas residencias da Asociación "Edad Dorada" (….).

Se comparamos estes programas e actividades co criterio "obxectivado " nº 8 da cláusula 12 do PCAP ( paxina 45 do PCAP) resulta evidente que nada teñen que ver conceptual ou materialmente: Neste valoranse bolsa de horas( en función do numero) semanais, en domingos e festivos ou mensuais. Non se pide referencia ao tipo de actividades. Resulta impensable establecer relación entre o relación de actividades que enumera e o criterio automático nº 8.

Insistimos en que as horas non se periodifican, como esixe este último criterio 8º, de modo que é imposible saber a puntuación a obter, posto que aquí se esixe a periodificación por días, fins de semana, semanas ou meses.

SÉTIMO: As persoas designadas para a valoración das ofertas técnicas, suxeitas a xuízos de valor, en informe emitido o 4 de abril, manifestan o seguinte:

""

***Data:****Lugo, 4 de abril de 2019*

***Asunto:***

*RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN, ADXUDICACIÓN LOTE 2 – CAM RIBADEO, DA CONTRATACIÓN DAS PRESTACIÓNS DETERMINADAS NA CLÁUSULA 2.1 DO PCAP E 4 DO PPT, A EXECUTAR NOS CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES (CAM) DE TRABADA E RIBADEO, EXP0033SE18-ABO.*
*VALORACIÓN TÉCNICA.*

*ANTECEDENTES:*

*Aprobación do procedemento de contratación e prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas foi aprobado por acordo da Goberno de data 23 de novembro de 2018 (anuncio de licitación na Plataforma de Contratos do Estado na data de 4 de decembro de 2018).*

*Mesa de contratación realizada o 23 de xaneiro de 2019, procedeuse a apertura do sobre A e Sobre B da licitación aberta para a "CONTRATACIÓN DAS PRESTACIÓNS DETERMINADAS*

*NA CLÁUSULA 2.1 DO PCAP E 4 DO PPT, A EXECUTAR NOS CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES (CAM) DE TRABADA E RIBADEO, EXP0033SE18-ABO".*

*Informe do Servizo de Contratación e Fomento, de 7 de febreiro de 2019, sobre as incidencia xurdida na apertura da documentación administrativa (sobre A) e a oferta técnica (sobre B), na presente licitación.*

*Acordo da mesa para proceder a avaliación dos criterios de adxudicación non avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas, en concreto as ofertas técnicas, que se recollen na cláusula décimo segunda Ap.2 do PCAP.*

*Providencia da Presidencia, de data 28 de xaneiro de 2019, na que se designou para as funcións de asistencia a Mesa de Contratación do citado expediente á xefa da sección de Benestar Social e Igualdade, Silvia García López, en atención aos seus coñecementos e experiencia en servizos sociais, e ao asesor técnico do servizo de Contratación e Fomento, José Domingo Rodríguez Ferreira, en atención aos seus coñecementos e experiencia en materia de contratación pública.*

*No informe emitido o 7 de febreiro de 2019 polas persoas designadas, recollíase que se tomaría a efectos da valoración das ofertas presentadas polos licitadores, os seguintes criterios: moi detallado e en coherencia co modelo prestacional e o PPT a puntuación máxima; detallado e xenérico: puntuación proporcional; deficiente: 0 puntos.*

*A empresa Clece,S.A. presenta recurso ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia.*

*INFORME:*

*O abaixo asinantes, a hora de valoración das ofertas técnicas, sobre B, do EXP0033SE18-ABO, LOTE 2 – CAM RIBADEO, e no referido compromiso de prestacións de actividades de acompañamento de ocio e tempo libre, relativas ao licitador ASOCIACION EDAD DORADA MENSAJEROS DE LA PAZ, sinalamos o seguinte:*

*1º.- Non se procedeu o análise nin a avaliación deste compromiso prestacional, sinalado sobre C, ao entender que formaba parte doutra fase do procedemento de contratación.*

*2º.- Si se procedeu a avaliación das prestacións de actividades de acompañamento de ocio e tempo libre, reflectidas na memoria técnica, no apartado de criterios nº 1, suxeito a xuízos de valor (sobre calidade técnica da proposta para as prestacións contratadas), subcriterio 2*

*(apartado 1.2), nomeado como "organización, descrición e planificación das prestacións". Pero non foi valorada de xeito moi positivo, tal e como se detalla no informe emitido a tal efecto:*

*No tócante as actividades de ocio e tempo libre, e respecto a metodoloxía empregada neste apartado."(...) non se sinala de xeito expreso persoal específico que desenvolva estas actividades na relación de persoal efectuada na páxina 21, (relación de medios persoais)."*

*3º.- Salientar que en ningún caso, o xuízo de valor, emitido na valoración técnica do sobre B, estivo afectado, influenciado, nin mediatizado pola presunta información que figuraba no sobre B baixo a lenda "compromiso de prestación de actividades de acompañamiento y actividades de ocio y tiempo libre ( Sobre C)".*

*Pódese afirmar que a información reflectida no sobre B baixo a lenda "compromiso de prestación de actividades de acompañamiento y actividades de ocio y tiempo libre (Sobre C)", non afectou a obxectividade, nin ao tratamento igualitario das entidades licitadores por partes das persoas designadas para a súa avaliación.*

*Este foi noso criterio ao respecto e que mantemos, referente a avaliación dos criterios de adxudicación non avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas, recollidos na cláusula décimo segunda apartado 2 do PCAP do expediente EXP0033SE18-ABO.*

| | |
|---|---|
| *O asesor técnico do Servizo* | *A Xefa da Sección de* |
| *Servizo de Contratación e Fomento* | *Benestar Social e Igualdade* |
| *José D. Rodríguez Ferreira* | *Silvia García López""* |

*(...).*

OITAVO: Debe ponderarse polo Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais, a "vis expansiva" da promoción da concorrencia (nun procedemento contractual con tan solo dous licitadores) integridade e a eficiencia na asignación de recursos públicos, procurando a oferta máis vantaxosa (art. 1 da LCSP).

Estes principios reitores da contratación pública, vense satisfeitos nese procedemento da contratación, posto que a oferta que resulta adxudicataria, cuxa exclusión pide a recorrente, obtivo

maior puntuación, tanto nos criterios de apreciación subxectiva, como nos suxeitos a fórmulas ou de apreciación automática.

En efecto, neste lote II (CAM RIBADEO), a adxudicataria obtivo no sobre B (ofertas suxeitas a xuízos de valor), obtivo unha puntuación de 24,40 puntos e a recorrente (CLECE), obtén 19,60.

No sobre C, criterios automáticos ou matemáticos, tamén é maior a puntuación da adxudicataria, (MENSAJEROS DE LA PAZ, 65,00 puntos), fronte aos 58,93 puntos, da recorrente CLECE.

O sinalado Tribunal ten que reparar que a recorrente invoca artigos da LCSP e cláusulas do PCAP, respectados con escrúpulo no iter da adxudicación ( artigos 146 e 147): presentación separada de criterios suxeitos a xuízos de valor, dos referidos a mera aplicación de fórmulas. Unha efectuada a valoración dos criterios do sobre “B” (“subxectivos”) e publicada a puntuación foi cando se procedeu a apertura dos criterios matemáticos ou automáticos ( Sobre “C”).

O PCAP, reitor da licitación e vinculante para todos os licitadores , tamén para a recorrente, non establece o automatismos da exclusión, so se produce si afecta (<< contravén>>) ou incide ( coa adecuada ponderación) en principios da contratación recollidos no propio artigo 1 LCSP, como a igualdade, transparencia e libre competencia. A recorrente resulta vinculada por estas previsións das que pretende afastarse agora, vía recurso especial en materia de contratación.

Indicar que unha a resolución máis recente das que menciona ( 130/2019), nun dos seus apartados precisamente recoñece o sostido no procedemento que desemboca na resolución de adxudicación que se recorre: …”los tribunales han declarado la falta de automatismo del efecto excluyente del cumplimiento defectuoso de los requisitos formales de presentación de ofertas…”

NOVENO: Neste procedemento, a consideración favorable da concorrencia proporcionalidade, permite dar satisfacción ao mandato de utilización eficiente dos recursos públicos (art. 1 da LCSP e art. 7.2 L.O. 2/2012, do 27 de abril de estabilidade presupostaría e sostibilidade financeira.

O diferencial económico (aforro obtido) en esquema é o seguinte:

DIFERENCIAS DE PREZO ENTRE AS DÚAS LICITADORAS

| | | | MENSAJEROS DE LA PAZ | CLECE,SA |
|---|---|---|---|---|
| | Max. | Límite (c/IVA) | OFERTA | |
| 1. OFERTA ECONÓMICA | 40,00 | | | |
| PRESTACIÓN RESIDENCIAL | | | | |
| Persoa con Autonomia | 8,00 | 32,00 | 29,00 | 31,04 |
| Persoa dependente | 32,00 | 40,00 | 35,00 | 38,80 |

Polo que a diferencia entre as dúas propostas é:

Persoa con autonomía: 2,04 €/mes/persoa

Persoa dependente: 3,80 €/mes/persoa

Polo que considerando unha ocupación plena durante os 38 meses restantes de duración da contratación, obtemos as seguintes diferencias económicas na vida desta contratación: 189.878,40 euros.

Este aforro ven derivado da exención do IVE do licitador MENSAJEROS DE LA PAZ e das diferenzas de prezos unitarios presentados polos dous licitadores.

Salientar que aínda que o licitador MENSAJEROS DE LA PAZ non estivera exento do imposto, a súa oferta seguiría sendo mais vantaxosa, que a da mercantil CLECE,SA.

DÉCIMO: O TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, PRONUNCIOUSE SOBRE INCLUSIÓN DE INFORMACIÓN EN SOBRE DISTINTO AO QUE CORRESPONDERÍA, NA RESOLUCIÓN CONTEMPORÁNEA A INCIDENCIA ANALIZADA: RESOLUCIÓN 5/2019 DE 14-01-2019 NO MESMO SENTIDO QUE A MESA E O ÓRGANO DE CONTRATACIÓN NO ADXUDICACIÓN RECURRIDA.

10.-1) Invócase, en efecto, o Fundamento xurídico décimo da Resolución nº 5/2019 ( recurso 154/2018) , accesible na páxina web do propio Tribunal Administrativo de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia de 14/01/2019.

“”*Décimo.- Como ya advertimos, el recurrente dirige su impugnación contra la primera y segunda clasificadas en el procedimiento, por lo que necesariamente debemos tener en cuenta que*

*la legitimación ad causam pivota sobre la efectiva posibilidad de que la estimación de los argumentos impugnatorios permitan al recurrente adquirir la condición de adjudicatario.*

*En ese sentido, nos referiremos en primer lugar en esta Resolución a los motivos de impugnación en lo que se refiere a la oferta de la segunda clasificada.*

*El recurrente alega que AGENOR debió de ser excluida del procedimiento de contratación por anticipar en el sobre B información a incluir en el C, concretamente en el apartado relativo al tiempo de mantenimiento correctivo. El PCAP en su cláusula 5.5 señala como documentación a incluir en el sobre C por los licitadores referida a un criterio evaluable automáticamente la "mejora en tiempo de resolución de avisos normales, urgentes y críticos" según el modelo del Anexo VI, añadiendo la cláusula 6.5.1 que se valorará con un máximo de 6 puntos.*

*AGENOR en su oferta técnica -Sobre B- señala lo siguiente: "Tiempo de respuesta: el tiempo de respuesta máximo de atención fuera del horario de cobertura, así como las 24 horas de los festivos durante los 365 días del año es el indicado como máximo en el PPT, mejorado en la presente oferta."*

*En primer lugar, debemos destacar que el objeto de que la valoración de los criterios técnicos sujetos a juicio de valor se realice antes de conocer los criterios evaluables mediante fórmulas es evitar que ese conocimiento pueda influenciar en el procedimiento de valoración, y, por lo tanto, se mantenga la máxima objetividad y respeto al principio de igualdad entre los licitadores.*

*Ya en nuestra Resolución 40/2018 indicábamos la necesidad de analizar en este supuestos las circunstancias de cada caso concreto. Así, advertíamos que la exclusión de un licitador por la inclusión indebida de documentación en sobre distinto al que le correspondería no es un criterio absoluto: "La Sentencia de la Sala de lo contencioso-administrativo de la Audiencia Nacional de 6 de noviembre de 2012, señala la improcedencia de la exclusión automática por vulnerar el carácter secreto de las ofertas, por ser excesivamente formalista y contrario al principio de libre concurrencia. Indica concretamente que, aun en un supuesto como el presente en que el PCAP determine que la inclusión en el sobre B de cualquier información relativa a los criterios a valorar automáticamente sea causa de exclusión, una aplicación automática de la misma: "resulta excesivamente formalista y contraria al principio de libre concurrencia, también formulado en el art. 1 de la Ley, pues ha de ser interpretada a la luz de los preceptos mencionados que justifican el carácter secreto de las proposiciones, lo que exige la comprobación de que esa actuación*

*realmente ha vulnerado el secreto y ha podido influir en la valoración de los criterios cuantificables mediante fórmula".*

*El Consejo de Estado sigue ese criterio en su dictamen 670/2013, de 11 de julio de 2013: "Del sucinto examen realizado cabe colegir dos ideas: primera, la importancia del secreto de las proposiciones, no como objetivo en sí mismo, sino como garantía del conocimiento sucesivo de la documentación relativa a los criterios cuya cuantificación dependa de un juicio de valor y de la referida a los parámetros evaluables de forma automática, de modo que se favorezca la objetividad de la valoración y con ello la igualdad de trato de los licitadores; y, segunda, la necesidad de ponderar las circunstancias concurrentes a la hora de excluir ofertas que incumplan o cumplan defectuosamente los requisitos formales de presentación de la documentación (bien porque ésta obre en sobres abiertos, bien porque se incluya erróneamente información propia de un sobre en otro distinto), en el bien entendido de que la exclusión está justificada cuando el incumplimiento o cumplimiento defectuoso de tales requisitos, incluido el secreto de las proposiciones hasta la licitación pública, menoscabe la objetividad de la valoración y el tratamiento igualitario de los licitadores como valores que se trata de preservar mediante dicho secreto, pero no lo está cuando no se haya visto afectado sustantivamente el principio de igualdad de trato".*

*Procede aclarar, por lo tanto, si la información incorporada por el recurrente al sobre B supone, por sí misma, la vulneración del secreto de su proposición incluida en el sobre C, pues ese hecho será lo que determine si procedería o no la exclusión del licitador. Ya adelantamos que nuestra conclusión es en ese sentido negativa. Los licitadores en el sobre C y según el modelo fijado por el órgano de contratación, deberán indicar el tiempo de resolución de los avisos en número de horas. Y la mercantil AGENOR en su sobre B no hace referencia a ninguna indicación temporal, bien en número o en expresión, ni de forma directa o indirecta, que permita anticipar el contenido de su propuesta. Es más, como señala la propia AGENOR en sus alegaciones, la genérica mención en la que se fundamenta el recurrente, si bien consta realizada en el apartado "mantenimiento correctivo fuera del horario de atención con presencia física", no se refiere en concreto a una mejora en el tiempo de resolución, que es el criterio evaluable automáticamente, sino a que se mejora específicamente el tiempo de respuesta ante los avisos fijado en el PPT, y ese concreto tiempo de respuesta no es, de por sí, un criterio evaluable a incluir en el sobre C.*

*En ese sentido, en la cláusula 3.1.1 del PPT ambos tiempos, el de respuesta y el de resolución aparecen definidos de manera diferente, y con límites máximos distintos.*

*Así, este Tribunal entiende que no procede la exclusión del licitador al no haberse vulnerado el secreto de las proposiciones ni haber adelantado en el sobre B información a evaluar de manera automática, ya que esa exclusión sería contraria al principio de libre concurrencia entre los licitadores. El recurrente señala en su escrito, además, que AGENOR anticipó el contenido de su sobre B al mejorar el Índice de disponibilidad fijado en el PPT. Entiende que, vista la fórmula de los pliegos, el único elemento que a su entender no es constante para calcular ese índice es precisamente el tiempo de reducción de averías, por lo que al señalar en el sobre B que se mejora ese índice, está indicando necesariamente ese tiempo de reducción.*

*(…..).*

*En conclusión por lo tanto, al no ser constante el tiempo de mantenimiento preventivo, eso impide entender que AGENOR al fijar un índice de disponibilidad esté anticipando el tiempo de reparación evaluable como criterio automático, tal y como defiende el recurrente, por lo que debemos desestimar este argumento como causa de exclusión."".*

10.2) Esta doutrina é perfectamente aplicable ao recurso, obxecto de estas alegacións, para desestimar o recurso interposto, polas seguintes razón:

a) Na documental aportada pola entidade recorrente, identificada como sobre "C", dentro do Sobre "B", e aberta como sobre "C", faise referencia ao reparto temporal desas horas, segundo corresponda, tal e como establece a cláusula 12ª, criterios de adxudicación (criterio nº 8, páxina 45 do PCAP), no que se reproduce unha táboa que non coincide, en abosoluto, co esquema de información do subcriterio 1.2 "organización , descrición e planificación das prestacións", enmarcado no criterio nº 1: "calidade técnica da proposta para as prestacións contratadas", configurados como criterios suxeitos a xuizos de valor do sobre "B".

b) Os funcionarios públicos que valoraron os criterios suxeitos a xuizos de valor, actúan conforme ao establecido na lexislación da función público, con arranxo aos principios de obxectividade e imparcialidade ( artigo 52 do EBEP….). Neste sentido en informe emitido na data do 4 de abril ( reproducido neste) , manifestan que "en ningún caso, o xuizo de valor, emitido na valoración técnica do sobre B, estivo afectado, influenciado, nin mediatizado pola presunta información que figuraba no sobre B, baixo a lenda de "

compromiso de prestaciones de actividades de acompañamiento y actividades de ocio y tiempo libre. Sobre C".

Non existe proba, de adverso, que desvirtúe a presunción de veracidade destas manifestacións emitidas por funcionarios públicos; o mesmo que sucede co pronuncimento dos integrantes da mesa de contratación que aceptaron, sin diverxencia algunha, o informe do servizo de contratación de data 7 de febreiro do ano en curso.

C) Doutra parte, tal e como se expresou no informe do servizo de contratación e fomento, de data 8 de febreiro deste ano ( reproducido na súa parte sustancial neste mesmo informe), o propio prego reitor (PCAP) prevé que se efectúe unha análise do caso, con ponderación dos distintos principios e factores en presencia, posto que tanto na cláusula 14 ( páxina 57) e anexo III ( páxina 104 do PCAP) , alude a contravención dos principios de igualdade, transparencia e libre competencia. Xa que logo, matiza ou mediatiza o automatismo da exclusión. Esta é, para mais abastanza argumental, unha diferencia deste PCAP, co asunto analizado polo Tribunal administrativo de recursos de contratación galego, no que malia a que o prego establecía a exclusión automática, o tribunal rexeitouna, con bo criterio.

Resulta, polo tanto importante matizar que o PCAP,a diferencia doutros, e conforme a evolución nos posicionamentos de órganos de contratación e órganos consultivos, en canto as interferencias de información en distintos sobres, non establece o automatismos da exclusión senón que invoca un xuizo de valor que efectou, previo informe, a mesa de contratación.

Os representantes da recurrente, presentes nesa sesión da mesa de contratación do 8-02-2019, non efectuaron alegación algunha tal e como consta na acta da sesión.

UNDÉCIMO: O procedemento de contratación referido na cabeceira, tramitouse dividido en Lotes: Lote I, Trabada e Lote II, Ribadeo. Nestes supostos, de procedementos de contratación por lotes, o artigo 21.3 do RD. 814/2015, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual (...) establece que cando o recurso se interpoña respecto á adxudicación de lotes concretos, a suspensión só afectará aos lotes obxecto de impugnación. No suposto analizado só o lote II de CAM-RIBADEO. A recorrente non presentou oferta ao Lote I.

DUODÉCIMO:

Data de envío de notificación do acordo recorrido: 08/03/2019

Data de Recepción da certificación/notificación: 11/03/2019

Data de publicación do acordo de adxudicación no perfil do contratante 28/03/2019

DÉCIMO-TERCEIRA: Órgano de contratación:

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018.

DÉCIMO-CUARTA.- Relación de documental anexa:

1.- Informe emitido o 4 de abril polas persoas que efectuaron a valoración dos criterios suxeitos a xuízos de valor.

2.- Xustificante da publicación do informe sobre incidencias na apertura do sobre "B", publicado na plataforma de contratos do sector público o día 11 de febreiro de 2019.

3.-Contido da información incluía dentro do sobre B, pero coa lenda de "sobre C".ç

4.-Publicación sobre as consecuencias da contaminación de sobres nos expedientes de contratación, dispoñible na rede.

5.-Certificación emitida pola Secretaria xeral, en funcións, do Concello de Ribadeo acerca da demanda inmediata de usuarios para a apertura inmediata do CAM-Ribadeo: na data da súa emisión ( o 4 de abril) constaban 24 solicitudes).

DÉCIMO-QUINTA. LEVANTAMENTO DA SUSPENSIÓN AUTOMÁTICA

En base aos argumentos expresados, amparado por un **" fumus bonis iuris**", así como a demanda real existente ( o 4 de abril, 24 solicitudes), entendese que se debe alzar a suspensión automática, de modo que se poda formalizar o contrato deste lote de Ribadeo, en aplicación do artigo 56.3 da LCSP.

DÉCIMO-SEXTA.-

O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional sinala que a emisión de informes cando así se estableza na lexislación sectorial é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

**CONCLUSIÓN:**

Unha vez que o órgano de contratación (a Xunta de Goberno para o trámite de adxudicación), acepte este escrito de alegacións, de ser o caso, deberá enviarse ao Tribunal de Recursos Contractuais de Galicia, coa documentación relacionada como anexa.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a outro criterio mellor fundado.

Non obstante o órgano de contratación decidirá.

(....)

Por canto antecede, elevo a Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

1.- Aprobar estas alegacións, coa documentación relacionada como anexa.

2.- Ordenar a súa remisión ao Tribunal Administrativo de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Instar que se levante a suspensión automática e se permita formalizar o contrato coa adxudicataria ao abeiro do artigo 56.3 da LCSP".

A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

**7.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DOS CONCELLOS DE MEIRA E O INCIO SOLICITANDO A APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de Meira e O Incio no que solicitan a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establecese "As baixas obtidas nas licitacións será investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (...), previa proposta do Concello …"

Segundo o establecido na base 18, "Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación: A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV)".

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 29 de maio de 2018, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce remanente na adxudicación.

Os concellos indicados achegaron os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, así como solicitude de aplicación destas nas actuacións que se relacionan:

Concello de Meira

O Concello de Meira presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

| Nº obra | Identificación | Aplicación | Baixa € Deputación |
|---|---|---|---|
| 135 | Acondicionamento da Rúa Federico González López, Incluído Honorarios | 2018 1532 762 | 2.938,01€ |

Así mesmo, por escrito, de data 25 de marzo de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 **“ ...** na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello…” nas seguinte actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

| Identificación | Aplicación | Financiación Deputación | Financiación Concello | Total Investimento |
|---|---|---|---|---|
| Liquidación das Obras de Acondicionamento da Rua Federico González López | 2018 1532 76255 | 2.938,01€ | 10.546,12€ | 13.484,13€ |

Concello de O Incio

O Concello de O Incio presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

| Nº Obra | Identificación | Aplicación | Baixa € Deputación |
|---|---|---|---|
| 109 | Mellora e acondicionamento camiños en Lama Redonda, Paredes e A Cruz Do Incio, (segundo coordenadas UTM), Incluído honorarios | 2018 1531 762 | 71,81€ |
| 110 | Mellora e acondicionamento de camiños en Saa (segundo coordenadas UTM), Incluído honorarios | 2018 1531 762 | 67,16€ |
| 111 | Mellora e acondicionamento de camiños en Rubián da Cima (segundo coordenadas UTM), Incluído honorarios | 2018 1531 762 | 5.058,15€ |
| 112 | Mellora e acondicionamento de camiños en Fruxil, (segundo coordenadas UTM), Incluído honorarios | 2018 1531 762 | 99,36€ |
| 114 | Mellora e acondicionamento de camiños en Castelo (segundo coordenadas UTM), Incluído honorarios | 2018 1531 762 | 5,00€ |
| 116 | Mellora de accesos aos Muíños de Trascastro, (segundo coordenadas UTM), Incluído honorarios | 2018 1531 762 | 16,33€ |

Así mesmo, por escrito, de data 27 de marzo de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 **“...** na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello…” nas seguinte actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

| Identificación | Aplicación | Financiación Deputación | Financiación Concello | Total Investimento |
|---|---|---|---|---|
| Obras de Mellora e Acondicionamento de Camiños en Castelo | 2018 1531 76255 | 5.312,86€ | -- | 5.312,86€ |

Tendo en conta as solicitudes dos sinalados concellos, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das reguladoras do Plan único 2018, “Os investimentos así financiados con cargo a baixas de licitación sometaranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial…”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados polos importes indicados, con cargo aos remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polos respectivos concellos, no Plan único 2018, debendo estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que o establecido para os investimentos incluídos inicialmente.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º**.-Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de Meira e O Incio e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos en adxudicacións dos investimentos incluídos inicialmente, os investimentos que deseguido se indican co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificado a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente.

| Identificación | Concello | Aplicación | Financiación Deputación | Financiación Concello | Total Investimento |
|---|---|---|---|---|---|
| Liquidación das Obras de Acondicionamento da Rua Federico González López | Meira | 2018 1532 76255 | 2.938,01€ | 10.546,12€ | 13.484,13€ |
| Obras de Mellora e Acondicionamento de Camiños en Castelo | O Incio | 2018 1531 76255 | 5.312,86€ | -- | 5.312,86€ |

**2º**.-Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS, E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

**Primeiro.-** *Modificación ao convenio interadministrativo entre esta Deputación Provincial e o Concello de Abadín para a execución de fins comúns consistentes en:*

*Acondicionamento e mellora de accesos nas parroquias de Quende, Labrada, Cabaneiro, Corvite e Abeledo e acondicionamento e mellora de accesos nas parroquias de Baroncelle, Moncelos, A Graña e Vilarente.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe– proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Abadín, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Acondicionamento e mellora de accesos nas parroquias de Quende, Labrada, Cabaneiro, Corvite e Abeledo e acondicionamento e mellora de accesos nas parroquias de Baroncelle, Moncelos, A Graña e Vilarente que dispón o seguinte:

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 26 de outubro de 2018, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Abadín, coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: acondicionamento e mellora de accesos nas parroquias de Quende, Labrada, Cabaneiro, Corvite e Abeledo e acondicionamento e mellora de accesos nas parroquias de Baroncelle, Moncelos, A Graña e Vilarente.

En data 19 de decembro de 2018, asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Abadín, no que entre outros se recollía na cláusula terceira, relativa ás obrigas do Concello de Abadín:

"(...)

e) Executar os investimentos relacionados obxecto deste convenio, na data límite do 30 de marzo de 2019.

E na claúsula cuarta,

“... unha vez transcorrido o prazo de execución das actuacións, previsto e contemplado na clausula terceira neste convenio e no prazo máximo de 2 meses... achegará unha conta xustificativa....”,

Don José María López Rancaño, Alcalde do Concello de Abadín, achega, en data 27 de marzo de 2019, escrito á Deputación de Lugo debidamente asinado, a través do que manifesta “... considerando que, debido a causas alleas a este concello, ditas obras non van poder ser finalizadas na data convenida”. En escrito aclaratorio, indica “...inclemencias meteorolóxicas que fixeron imposible un correcto fraguado da capa de formigón en determinados puntos dos camiños que constitúen o obxecto das obras.”

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta as materias a recoller, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art.

3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán ”Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

" 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia, garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é "a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito".

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), ainda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Abadín é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera "a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); e tamén materias como urbanismo ou medio ambiente urbano.

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que "os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallos". O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: "nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)"

No ámbito turístico e cultural deben tomarse como referencia as disposicións, en canto as competencias das Corporacións Locais, no ámbito material do patrimonio cultural, e conforme á lexislación autonómica e estatal sectorial:

A Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando "ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade

Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas“ ... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares” e 33.6 da amentada Lei, “correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 –cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- “(...), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais como a sinalada Lei de estradas de Galicia.

O Concello de Abadín, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo Concello de Abadín a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada obra ou actuación, sendo responsabilidade do Concello de Abadín tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas, tal e como se especifica no convenio interadministrativo.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

O Concello de Abadín será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación.

A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que "quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)".

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar "*conveniendi causa*"), no é de aplicación a

lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia aplicable como criterio interpretativo e de integración normativa aos convenios de colaboración nos que participe a comunidade autónoma.

Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que "en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción".

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluirá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, (trámite que non se realizou) que deberá efectuarse antes do 31-12-2018, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo. Así mesmo o convenio na súa cláusula sexta indica "... poderá modificarse por mutuo acordo das partes... sempre que dito convenio este vixente (...) mediante addenda ao mesmo".

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontades, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso o propio convenio prevé na cláusula sexta a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, para que a data límite para executar as actuacións incluídas no convenio sexa o 15 de abril de 2019.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de modificación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente .

Por todo o exposto proponse:

Que se aprobe a modificación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Abadín, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: acondicionamento e mellora de accesos nas parroquias de Quende, Labrada, Cabaneiro, Corvite e Abeledo e acondicionamento e mellora de accesos nas parroquias de Baroncelle, Moncelos, A Graña e Vilarente de tal xeito que a data límite para executar as actuacións incluídas no convenio sexa o 15 de abril de 2019".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial e o Concello de Lourenzá coa finalidade común de colaborar na mellora e acondicionamento de vías municipais: De travesía Mariña- Avda. Mondoñedo, Avda. Calvo Sotelo, rúa Secretario Luís Iglesias-Carlos Pelegrín Otero, Maderne e Veiga de Santo Adrao.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe– proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lourenzá, coa finalidade común de colaborar na Mellora e acondicionamento de vías municipais: De Travesía Mariña- Avda. Mondoñedo, Avda. Calvo Sotelo, Rúa Secretario Luís Iglesias-Carlos Pelegrín Otero, Maderne e Veiga de Santo Adrao. que dispón o seguinte:

Antecedentes de feito:

Dª Rocío López García, Alcaldesa do Concello de Lourenzá achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público-público) de data 22 de marzo, no que manifesta a disposición a que a tramitación e adxudicación da obra indicada no encabezado sexa realizada pola Deputación de Lugo, e a formalización do contrato coa empresa adxudicataria e o pago das correspondentes facturas e certificacións de obra sexa executada polo Concello de Lourenzá, todo elo mediante a sinatura do correspondente convenio

A obra indicada, foi incluída polo Concello de Lourenzá no Plan Único 2018.

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lourenzá.

O Concello de Lourenzá, ao abeiro do disposto nas bases do plan único 2018, solicitou a través de escrito con rexistro de entrada 19592, de data 02 de xullo de 2018, con selo da oficina de correos de Mondoñedo de data 29 de xuño de 2018, que a licitación da obra fose realizada pola Deputación Provincial.

Consta no expediente a documentación sinalada nas bases do plan único, concretamente na base 18, apartado 5.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de Lourenzá e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de: Mellora e acondicionamento de vías municipais: De Travesía Mariña- Avda. Mondoñedo, Avda. Calvo Sotelo, Rúa Secretario Luís Iglesias-Carlos Pelegrín Otero, Maderne e Veiga de Santo Adrao. Esta acción colaborativa non conforma prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, comprometéndose a realizar os seguintes investimentos:

| Investimento: | Achega Deputación (financiada no Plan Único 2018) | Achega Concello (segundo Financiación do Plan Único 2018) |
|---|---|---|
| Mellora e Acondicionamento de Vias Municipais: de Travesía Mariña- Avda. Mondoñedo, Avda. Calvo Sotelo, Rúa Secretario Luís Iglesias-Carlos Pelegrín Otero, Maderne e Veiga De Santo Adrao. | 98.522,42€ | 28.981,03€ |
| Total | 127.503,45€ | |

A Deputación desenvolverá as funcións de órgano de Contratación, no procedemento de licitación da obra, ata o acto de adxudicación, asignándolle ao Concello de Lourenzá a función de formalizar o contrato administrativo, encargándose da dirección e execución da obra, así como do pago das correspondentes certificacións de obra e facturas.

En suma, articúlase unha cooperación económica -de dar e de facer- desenvolver actividades administrativas, en distintas fases do procedemento contractual, coa finalidade de aproveitar efectivamente os recursos económicos dispoñibles, repectando as limitacións propias do sistema de aplicacións e normativa orzamentaria. En calquera caso o Pleno, a través do Plan único de 2018, ao aprobar as bases, xa aprobou este sistema de cooperación nas achegas e tamén nos procedementos de contratación. Esta previsión ten cabida no artigo 31 da LCSP (sistema de cooperación horizontal).

O concello de Lourenzá achega o proxecto técnico para a execución das obras, así mesmo encargarase da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran normativamente. O Concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e

financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir a obra, aperturala, mantela e dar o servizo á veciñanza, segundo a natureza e destino do investimento obxecto desta acción colaborativa.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)"

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa, coa administración municipal, como aparello técnico-administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas"; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias". Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses,

obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

"A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...).

A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

(...)

As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)".

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a

natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de acondicionamento das rúas indicadas.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Esta relación bilateral concreta que xurde da aplicación das bases do plan único 2018, enmárcase na potenciación das relacións interadministrativas cooperativas, respetuosas coa respectiva capacidade decisoria, especificamente dos municipios, respecto da Deputación.

O marco normativo básico das relacións interadministrativas, fíxase no artigo 141 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, LRXSP. Neste sentido, o artigo 141.2 especifica "...La asistencia y colaboración requerida sólo podrá negarse cuando el organismo público o la entidad del que se solicita no esté facultado para prestarla de acuerdo con lo previsto en su normativa específica, no disponga de medios suficientes para ello o cuando, de hacerlo, causara un perjuicio grave a los intereses cuya tutela tiene encomendada o al cumplimiento de sus propias funciones o cuando la información solicitada tenga carácter confidencial o reservado. La negativa a prestar la asistencia se comunicará motivadamente a la Administración solicitante".

A formación, concreta, das relacións de cooperación baséanse na vontade expresa ("aceptación") das partes.

Entre as técnicas de cooperación, o artigo 144.1 da citada LRXSP, letra d) cita .. "a prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras administracións públicas".

Pola súa parte o artigo 31 da LCSP, en canto a potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública, no suposto que nos ocupa, horizontais, os parágrafos terceiro e cuarto do citado artigo 31 LCSP dice "...Las entidades pertenecientes al sector público podrán cooperar entre sí de alguna de las siguientes formas, sin que el resultado de esa cooperación pueda calificarse de contractual:

Mediante sistemas de cooperación vertical consistentes en el uso de medios propios personificados en el sentido y con los límites establecidos en el artículo 32 para los poderes adjudicadores, y en el artículo 33 para los entes del sector público que no tengan la consideración de poder adjudicador, en el ejercicio de su potestad de auto organización, mediante el oportuno acuerdo de encargo.

Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertenecientes al sector público, previa celebración de los correspondientes convenios, en las condiciones y con los límites que se establecen en el apartado 1 del artículo 6.

A efectos de lo dispuesto en el apartado anterior, las entidades pertenecientes al sector público podrán en todo caso, acordar la realización conjunta de contrataciones específicas".

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é "a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito". No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".

A cooperación da Deputación Provincial, cos concellos, atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), ainda así a súa

formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Lourenzá é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local, (...).

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas, (...)”

No que atinxe á mellora de rúas, a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando “ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas “ ... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares” e 33.6 da amentada Lei, “correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario,

non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias".

Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 –cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- "(...), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Lourenzá, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa quen asine o contrato coa mercantil que resulte adxudicataria do proceso de licitación que desenvolverá a Deputación. Na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse tanto pola Deputación como polo Concello de Lourenzá, a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento,  tal e como se especifica no convenio interadministrativo.

En canto ao sistema de responsabilidades como consecuencia da intervención de ambas administracións, en distintas fases do procedemento contractual (licitación e execución), estarase ao determinado no artigo 31.3 da LCSP, ao sinalar que "...Cada entidad será única responsable del cumplimiento de sus obligaciones con respecto a las partes que lleve a cabo en su propio nombre y por cuenta propia". Se ben, neste caso, amosa actuarse, en todo momento por conta do Concello de Lourenzá.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de LOURENZÁ, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública colaborativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, na que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

| Anualidade | Deputación Provincial De Lugo | Concello de Lourenzá |
|---|---|---|
| 2018 (Plan único 2018) | 98.522,42€ | 28.981,03€ |

Concello de Lourenzá: As obrigas de asinar o contrato coa empresa adxudicataria, e demais inherentes á execución da obra, incluídas o pagamento de facturas e certificacións e no seu caso achegas complementarias relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe.

Deputación de Lugo: obriga de facer, consistente na tramitación do procedemento contractual, na fase de licitación e ata a adxudicación.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficos rurais e poboación envellecida, mellorando os servizos e prestacións dirixidas a cidadanía e equipamentos.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2018.

O concello de Lourenzá será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que "quedan excluídos do ambito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)", precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar "conveniendi causa"), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o

Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lourenzá coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Mellora e acondicionamento de vías municipais: De Travesía Mariña- Avda. Mondoñedo, Avda. Calvo Sotelo, Rúa Secretario Luís Iglesias- Carlos Pelegrín Otero, Maderne e Veiga de Santo Adrao, cun orzamento total de 127.503,45 euros, dos cales 98.522,42€ son financiados pola Deputación e 28.981,03€ financiados con cargo á aportación municipal, de acordo con Plan único 2018 aprobado polo Pleno en data 29 de maio de 2018, na que se inclúe a amentada obra".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Terceiro.-** *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial e o Concello de O Páramo coa finalidade común de colaborar nas "Actuacións no campo de fútbol de As Rapadas e no CEIP de O Páramo".*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de O Páramo, coa finalidade común de colaborar nas actuacións no "Campo de fútbol de As Rapadas e no CEIP de O Páramo" que dispón o seguinte:

"Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de O Páramo.

D. Gumersindo Rodríguez Liz, Alcalde do Concello de O Páramo achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público-público), de data 12 de febreiro de 2019, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica, impostas polas disposicións vixentes, así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo e orzamentos para a realización conxunta entre o Concello de O Páramo e a Deputación de Lugo, das actuacións de: "Actuacións no campo de fútbol de As Rapadas e no CEIP de O Páramo", nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente.

Coas solictudes da relación interadministrativa de cooperación, o Concello aporta memoria técnica para a actuación do campo de fútbol e orzamento para as actuacións a acometer no CEIP "O Páramo".

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de O Páramo e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de: Actuacións no campo de fútbol de As Rapadas e no CEIP de O Páramo. Esta acción colaborativa non conforma prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, comprometéndose a realizar os seguintes investimentos:

| Investimento: | Achega Deputación | Achega Concello |
|---|---|---|
| Actuacións no Campo de Fútbol de As Rapadas | 18.150,00€ | 0,00€ |
| Actuacións no CEIP de O Páramo | 8.013,00€ | 0,00€ |
| Total | 26.163,00€ | |

O concello de O Páramo achegará os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente; así mesmo encargarase da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran normativamente. O Concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir a obra, aperturala, mantela e dar o servizo á veciñanza destinataria, segundo a natureza e destino de cada un dos investimentos obxecto desta acción colaborativa.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)"

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa, coa administración municipal, como aparello técnico-administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas

súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán ”Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)".

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de adecuación e mellora do campo de fútbol de As Rapadas e do acondicionamento do CEIP de O Páramo.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é "a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito". No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na

planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".

A cooperación da Deputación Provincial, cos concellos, atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de O Páramo é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera "a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...).

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que "os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallos". O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: "nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)".

O artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece as competencias deportivas das Deputacións Provinciais, entre elas: "(...) Fomentar, promover e difundir o deporte; asistir aos municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade; calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial" e o artigo 8 as competencias dos concellos en materia deportiva, "(...) construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso a xestión e mantemento das de titularidade autonómica ...".

A Lei orgánica 8/1985 de 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, regula na súa disposición adicional segunda "... As corporacións locais cooperarán coas Administracións educativas competentes, no marco do establecido pola lexislación vixente e, no seu caso, nos termos que acorden aquelas, na creación, construción e mantemento dos centros públicos docentes ...".

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, na disposición adicional 4ª, apartado primeiro, sobre asunción pola comunidade autónoma de competencias relativas, neste suposto, á educación dice "(...)1. Las competencias que debe asumir la Administración de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de educación, salud y servicios sociales en cumplimiento de las disposiciones de la Ley 27/2013, de racionalización y sostenibilidad de la Administración local, continuarán siendo prestadas por los municipios en tanto no se den las condiciones previstas para su traspaso en la normativa básica y, en particular, el establecimiento del nuevo sistema de financiación autonómica y de las haciendas locales previsto en la misma. (...)".

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de O Páramo, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese

Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de O Páramo, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública colaborativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, na que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

| Anualidade | Deputación Provincial de Lugo | Concello de O Páramo |
|---|---|---|
| 2019 | 26.163,00€ (18.150,00€ Campo e 8.013,00€ CEIP) | -- |

Concello de O Páramo: As obrigas de facer e no seu caso achegas complementarias relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos,

especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficos rurais e poboación envellecida, mellorando os servizos e prestacións dirixidas a cidadanía e equipamentos.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2019.

O concello de O Páramo será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que "quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)", precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar "conveniendi causa"), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia

na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de O Páramo coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de "Actuacións No Campo De Fútbol De As Rapadas e No CEIP de O Páramo", cun orzamento total de 26.163,00 euros.

**2º.-** Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 26.163,00 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2019".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9. - APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.**

Vistos o Plan de Seguridade e Saúde da obra que se indica, presentado polo contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Excma. Deputación Provincial; visto o informe dos Servizos desta Deputación así como a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

**1º.-** Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.

**2º.-** Comunicar esta aprobación ao director técnico e contratista, para o seu cumprimento durante a execución da obra.

**OBRA CUXO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBA**

Obra: Acondicionamiento LU-P-1901 “Fonsagrada (LU-530)- Navia (LU-722)”. P.K. 0+000 a 4+350. Fonsagrada – Navia.

Contratista: OVISA VIAS Y OBRAS SLU.

**10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS E ASOCIACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA ARTESANÍA NA ANUALIDADE 2019.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico, Artesanía e Deseño e Educación do seguinte teor:

"Visto o informe do coordinador de xefe de administración e xestión cultural do Centrad, da Área de Cultura da Deputación de Lugo, no que se expón a intención da Área de establecer un mecanismo de colaboración do Centro de Artesanía e Deseño da Subárea de Cultura da Deputación de Lugo, para contribuír á difusión, promoción e coñecemento da artesanía en todas as súas vertentes a través da convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións destinadas a entidades asociativas e asociacións sen ánimo de lucro, da provincia de Lugo para a realización de actividades de promoción da artesanía (cursos e eventos) na anualidade 2019.

Visto o informe do servizo de Contratación e Fomento e de Secretaría Xeral.

Visto o informe de Intervención.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar as bases e propoñer a convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións destinadas a entidades asociativas e asociacións sen ánimo de lucro, da provincia de Lugo para a realización de actividades de promoción da artesanía (cursos e eventos) na anualidade 2019.

**2º.-** Aprobar o gasto correspondente por un importe por importe de corenta e catro mil euros (44.000,00 €) con cargo á aplicación 2413/48900 do orzamento do ano 2019.

**3º.-** Aprobar así mesmo os modelos de solicitude e a publicación das presentes bases no BOP".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DO EXPEDIENTE SUBAGR-2018/148 DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DE PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018, RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA A POSTA EN PRODUCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente do seguinte teor:

"Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno a proposta da Comisión de Valoración, acordou estimar a solicitude tramitada có número de expediente SUBAGR-2018/148 correspondente á Xegunde, S.C. (Baleira), destinada a "Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros", concedéndolle unha subvención por importe de 2.730,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

D. Oscar López Fernández, en calidade de representante da sociedade civil Xegunde, S.C. (Baleira), presenta escrito con data de rexistro de entrada 29 de marzo de 2019, solicitando a renuncia a subvención SUBAGR-2018/148.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Acceder a petición formulada por D. Oscar López Fernández, e aceptar a renuncia da subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 21 de decembro de 2018, á Xegunde, S.C. (Baleira), para a Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros, por importe de 2.730,00 €".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE A D. DAVID PARDO GARCÍA, PROFESOR TITULAR DE GRAO FORMATIVO DE CICLO SUPERIOR.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación do seguinte teor:

"Mediante escrito de data 13 de marzo de 2019, que tivo entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo o mesmo día, D. David Pardo García formula solicitude de autorización de compatibilidade para poder exercer actividades laborais privadas por conta allea como Realizador Audiovisual en eventos en directo, que refire que é unha actividade esporádica e sempre menor de 10 horas mensuais, vai continuar prestando servizos, logo da integración, por subrogación, do persoal da fundación TIC na Deputación Provincial de Lugo, como Profesor Titular de Grao Formativo de Ciclo Superior, dependente da Entidade Provincial dende o 1 de xaneiro de 2019.

En relación á dita solicitude, infórmase o seguinte:

Antecedentes

Dos antecedentes que constan na Unidade de Admón. de RR.HH. despréndese que Don David Pardo García forma parte do cadro de persoal fixo, iniciando o seu vínculo de servizo directo á Deputación Provincial de Lugo, con efectividade do 1 de xaneiro de 2019, como consecuencia dos acordos sobre sucesión de actividade desta Entidade e subrogación do persoal, adoptados por acordo plenario de 27 de novembro de 2018 e nas condicións que no dito acordo se sinalan.

Consideracións legais e técnicas

Normativa de aplicación

O artigo 145 do RDL 781/86, establece que o réxime de incompatibilidades dos funcionarios da Administración Local é o establecido na Lei 53/84 e "nas normas que dite o Estado

para a aplicación aos funcionarios da Administración Local". Estas normas específicas non están ditadas.

As normas de desenvolvemento da Lei 53/84 están contidas no RD 598/85 que, conforme ao artigo 1 do citado regulamento é de aplicación ao persoal determinado no artigo 2 da lei 53/84 "a excepción (...) do que desempeñe, como única ou principal, unha actividade pública ao servizo de unha Comunidade Autónoma ou Corporación Local".

En consecuencia, a normativa aplicable está contida nas seguintes normas:

d) Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas

e) Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación provincial de Lugo e INLUDES (BOP 30.09.06).

f) Igualmente debe tomarse en consideración o enunciado na Disposición Transitoria Novena, apartado 2, da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, que condiciona a concesión da compatibilidade para actividades privadas a que a contía do complemento específico non supere o 30 % da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade; e a expresa aceptación da persoa interesada.

Necesidade de preceptivo recoñecemento de compatibilidade e posibilidade de que se efectúe tal recoñecemento

O artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, establece: "O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade".

Dos antecedentes que obran no expediente do solicitante dedúcese que non se lle concedeu compatibilidade para ningunha actividade privada, nin para segundo posto de traballo no sector público.

A actividade privada para a que solicita compatibilidade non está exceptuada do réxime de incompatibilidades conforme ao previsto no artigo 19 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, procedendo, polo tanto, resolver sobre esta.

Límites por razón de imparcialidade e independencia no exercicio das funcións públicas

O artigo 1.3 da Lei 53/84 sinala:

“En calquera caso, o desempeño dun posto de traballo polo persoal incluído no ámbito de aplicación desta Lei será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, público ou privado, que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometa a súa imparcialidade ou independencia”.

O artigo 11 da lei 53/84 sinala:

“1. De acordo co disposto no artigo 1.3 da presente Lei, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivera destinado.

Exceptúanse da devandita prohibición as actividades particulares que, en exercicio dun dereito legalmente recoñecido, realicen para si os directamente interesados”.

A maiores do sinalado anteriormente, o artigo 12.1 da Lei 53/84 limita o exercicio da actividade privada, establecendo:

“1. En todo caso, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá exercer as actividades seguintes:

2. O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares, ou nos asuntos nos

que estea intervindo, teña intervido nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público. Inclúense en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas ás que se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

3. A pertenza a Consellos de Administración ou órganos reitores de empresas ou entidades privadas, sempre que a actividade das mesmas estea directamente relacionada coas que xestione o Departamento, Organismo ou Entidade en que preste os seus servizos o persoal afectado.

4. O desempeño, por si ou por persoa interposta, de cargos de toda orde en empresas ou sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou con participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica de aquelas.

5. A participación superior ao 10 por 100 no capital das empresas ou sociedades a que se refire o parágrafo anterior.

Da instancia do interesado e documentación que figura no expediente nada indica que a actividade para a que solicita a compatibilidade infrinxa o sinalado no artigo anterior.

Limitacións sobre xornada e horario

O artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, establece:

"O recoñecemento de compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo nin o horario do interesado e queda automaticamente sen efecto no caso de cambio de posto de traballo no sector público."

O solicitante debe garantir que o exercicio da actividade privada non vai interferir no normal cumprimento das obrigas ás que se ve condicionado na súa relación de servizo coa Deputación Provincial de Lugo.

Tampouco se modificará por esa razón o horario do empregado.

Limitacións relativas ao desempeño do posto de traballo

O Artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, di textualmente:

"O recoñecemento de compatibilidade (….) quedará sen efectos no caso de cambio de posto no sector público".

O Artigo 15 da Lei 53/84, establece:

"O persoal a que se refire esta Lei non poderá invocar ou facer uso da súa condición pública para o exercicio de actividade mercantil, industrial ou profesional".

Limitacións retributivas

O artigo 16 da mencionada norma establece:

"Así mesmo, por excepción e sen prexuízo do establecido nos artigos 1.3,11,12, e 13 da presente Lei, poderá concederse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñen postos de traballo que comporten percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable , cuxa contía non supere o 30 por cento das súas retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade."

Nese sentido, o artigo 18. 4, parágrafo segundo, do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación e INLUDES (BOP de 30.09.2006) establece:

"Os traballadores que soliciten compatibilidade para unha segunda actividade pública ou privada estarán ao que determine a lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, axeitándose as retribucións ao que determinen as citadas normas no suposto de que proceda acordar a compatibilidade."

O solicitante da autorización de compatibilidade percibe as súas retribucións conforme ao previsto no Convenio Colectivo nacional de Convenio Colectivo nacional de centros de ensinanza

privada de réxime xeral ou ensino regulado sen ningún nivel de concertación. (Código 99001925011986) por ser o que regulaba as súas condicións antes da integración do persoal da Fundación TIC na Deputación Provincial de Lugo.

Analizado o texto do referido convenio e, concretamente, a súa estrutura retributiva, non existe ningún concepto asimilable ao complemento específico que se aplica ao persoal das Entidades Locais, conforme ao previsto no Real decreto 861/1986, de 25 de abril; que afecta tamén ao persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo, por establecelo así o Convenio Colectivo Único regulador das condicións de traballo do persoal laboral da Entidade Provincial; polo que non existe nas súas retribucións actuais ningún concepto que integre a compensación de factores como a dedicación ou a incompatibilidade co desempeño doutras actividades profesionais.

Polo tanto, non procede aplicar ningunha redución retributiva, nos termos do establecido no artigo 16 da lei 53/1984, analizado, canto menos mentres non se produza unha total homologación da estrutura retributiva deste persoal coa do resto do persoal laboral da Entidade, en cuxo caso si sería aplicable a norma no sentido de que a contía do Complemento Específico a percibir polo traballador non pode superar o 30% das retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade, debendo reducirse de superalas ao límite sinalado, entendéndose que ao aceptar a concesión de autorización de compatibilidade acepta a limitación sinalada.

Tramitación, resolución e efectos da mesma

A solicitude do interesado debe ter a conformidade do Servizo a efectos de asegurar que non interfire na prestación do mesmo.

Dado que o informe establece limitacións, entre elas as que afectan ás retribucións, debe ser posto en coñecemento do mesmo, a efectos do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O artigo 14 da Lei 53/84 establece:

“O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade.”

Vistos os informes dos servizos e tendo en conta o sinalado, procede a adopción de acordo pola Xunta de Goberno, concedendo a Don David Pardo García a autorización de compatibilidade para poder exercer actividades laborais privadas por conta allea como Realizador Audiovisual en eventos en directo, actividades que desenvolverá fóra do horario establecido para prestar os seus servizos na Escola de Imaxe e Son, sen que se modifique por esa razón o horario e coas demais limitacións e condicionantes sinalados no presente informe, e os demais que se deriven da Lei 53/1984, do 26 de decembro, e quedando automaticamente sen efectos si se produce cambio de posto de traballo.

O incumprimento das condicións legais establecidas, co contido expresado neste informe, poderá ser sancionado conforme as normas contidas no Título VII (Réxime Disciplinario) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), e demais normas sobre réxime disciplinario que resulten de aplicación.

A autorización de compatibilidade terá efectos dende o día 1 de xaneiro de 2019, data na que Don David Pardo García, empeza a prestar servizos directos na Deputación Provincial de Lugo, logo da integración do persoal da Fundación TIC”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 13.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE A D. HUGO FERNÁNDEZ BALSEIRO, PROFESOR TITULAR DE GRAO FORMATIVO DE CICLO SUPERIOR.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación do seguinte teor:

“Mediante escrito de data 13 de marzo de 2019, que tivo entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo o mesmo día, D. Hugo Fernández Balseiro, formula solicitude de autorización de compatibilidade para poder exercer actividades laborais privadas por conta allea como Operador de Cámara en eventos en directo, que refire que é unha actividade esporádica e sempre menor de 10 horas mensuais, vai continuar prestando servizos, logo da integración, por subrogación, do persoal da fundación TIC na Deputación Provincial de Lugo, como Profesor Titular de Grao Formativo de Ciclo Superior, dependente da Entidade Provincial dende o 1 de xaneiro de 2019.

Antecedentes

Dos antecedentes que constan na Unidade de Admón. de RR.HH. despréndese que D. Hugo Fernández Balseiro forma parte do cadro de persoal fixo, iniciando o seu vínculo de servizo directo á Deputación Provincial de Lugo, con efectividade do 1 de xaneiro de 2019, como consecuencia dos acordos sobre sucesión de actividade desta Entidade e subrogación do persoal, adoptados por acordo plenario de 27 de novembro de 2018 e nas condicións que no dito acordo se sinalan.

Consideracións legais e técnicas

Normativa de aplicación

O artigo 145 do RDL 781/86, establece que o réxime de incompatibilidades dos funcionarios da Administración Local é o establecido na Lei 53/84 e “nas normas que dite o Estado para a aplicación aos funcionarios da Administración Local”. Estas normas específicas non están ditadas.

As normas de desenvolvemento da Lei 53/84 están contidas no RD 598/85 que, conforme ao artigo 1 do citado regulamento é de aplicación ao persoal determinado no artigo 2 da lei 53/84 “a excepción (...) do que desempeñe, como única ou principal, unha actividade pública ao servizo de unha Comunidade Autónoma ou Corporación Local”.

En consecuencia, a normativa aplicable está contida nas seguintes normas:

g) Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas

h) Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación provincial de Lugo e INLUDES (BOP 30.09.06).

i) Igualmente debe tomarse en consideración o enunciado na Disposición Transitoria Novena, apartado 2, da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, que condiciona a concesión da compatibilidade para actividades privadas a que a contía do complemento específico non supere o 30 % da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade; e a expresa aceptación da persoa interesada.

Necesidade de preceptivo recoñecemento de compatibilidade e posibilidade de que se efectúe tal recoñecemento.

O artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, establece: "O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade".

Dos antecedentes que obran no expediente do solicitante dedúcese que non se lle concedeu compatibilidade para ningunha actividade privada, nin para segundo posto de traballo no sector público.

A actividade privada para a que solicita compatibilidade non está exceptuada do réxime de incompatibilidades conforme ao previsto no artigo 19 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, procedendo, polo tanto, resolver sobre esta.

Límites por razón de imparcialidade e independencia no exercicio das funcións públicas

O artigo 1.3 da Lei 53/84 sinala:

"En calquera caso, o desempeño dun posto de traballo polo persoal incluído no ámbito de aplicación desta Lei será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, público ou privado, que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometa a súa imparcialidade ou independencia".

O artigo 11 da lei 53/84 sinala:

"1. De acordo co disposto no artigo 1.3 da presente Lei, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivera destinado.

Exceptúanse da devandita prohibición as actividades particulares que, en exercicio dun dereito legalmente recoñecido, realicen para si os directamente interesados".

A maiores do sinalado anteriormente, o artigo 12.1 da Lei 53/84 limita o exercicio da actividade privada, establecendo:

"1. En todo caso, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá exercer as actividades seguintes:

6. O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares, ou nos asuntos nos que estea intervindo, teña intervido nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público. Inclúense en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas ás que se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

7. A pertenza a Consellos de Administración ou órganos reitores de empresas ou entidades privadas, sempre que a actividade das mesmas estea directamente relacionada coas que xestione o Departamento, Organismo ou Entidade en que preste os seus servizos o persoal afectado.

8. O desempeño, por si ou por persoa interposta, de cargos de toda orde en empresas ou sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou con participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica de aquelas.

9. A participación superior ao 10 por 100 no capital das empresas ou sociedades a que se refire o parágrafo anterior.

Da instancia do interesado e documentación que figura no expediente nada indica que a actividade para a que solicita a compatibilidade infrinxa o sinalado no artigo anterior.

Limitacións sobre xornada e horario

O artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, establece:

“O recoñecemento de compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo nin o horario do interesado e queda automaticamente sen efecto no caso de cambio de posto de traballo no sector público.”

O solicitante debe garantir que o exercicio da actividade privada non vai interferir no normal cumprimento das obrigas ás que se ve condicionado na súa relación de servizo coa Deputación Provincial de Lugo.

Tampouco se modificará por esa razón o horario do empregado.

Limitacións relativas ao desempeño do posto de traballo

O Artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, di textualmente:

“O recoñecemento de compatibilidade (….) quedará sen efectos no caso de cambio de posto no sector público”.

O Artigo 15 da Lei 53/84, establece:

"O persoal a que se refire esta Lei non poderá invocar ou facer uso da súa condición pública para o exercicio de actividade mercantil, industrial ou profesional".

Limitacións retributivas

O artigo 16 da mencionada norma establece:

"Así mesmo, por excepción e sen prexuízo do establecido nos artigos 1.3,11,12, e 13 da presente Lei, poderá concederse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñen postos de traballo que comporten percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable , cuxa contía non supere o 30 por cento das súas retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade."

Nese sentido, o artigo 18. 4, parágrafo segundo, do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación e INLUDES (BOP de 30.09.2006) establece:

"Os traballadores que soliciten compatibilidade para unha segunda actividade pública ou privada estarán ao que determine a lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, axeitándose as retribucións ao que determinen as citadas normas no suposto de que proceda acordar a compatibilidade."

O solicitante da autorización de compatibilidade percibe as súas retribucións conforme ao previsto no Convenio Colectivo nacional de centros de ensinanza privada de réxime xeral ou ensino regulado sen ningún nivel de concertación (Código 99001925011896) por ser o que regulaba as súas condicións antes da integración do persoal da Fundación TIC na Deputación Provincial de Lugo.

Analizado o texto do referido convenio e, concretamente, a súa estrutura retributiva, non existe ningún concepto asimilable ao complemento específico que se aplica ao persoal das

Entidades Locais, conforme ao previsto no Real decreto 861/1986, de 25 de abril; que afecta tamén ao persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo, por establecelo así o Convenio Colectivo Único regulador das condicións de traballo do persoal laboral da Entidade Provincial; polo que non existe nas súas retribucións actuais ningún concepto que integre a compensación de factores como a dedicación ou a incompatibilidade co desempeño doutras actividades profesionais.

Polo tanto, non procede aplicar ningunha redución retributiva, nos termos do establecido no artigo 16 da lei 53/1984, analizado, canto menos mentres non se produza unha total homologación da estrutura retributiva deste persoal coa do resto do persoal laboral da Entidade, en cuxo caso si sería aplicable a norma no sentido de que a contía do Complemento Específico a percibir polo traballador non pode superar o 30% das retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade, debendo reducirse de superalas ao límite sinalado, entendéndose que ao aceptar a concesión de autorización de compatibilidade acepta a limitación sinalada.

Tramitación, resolución e efectos da mesma

A solicitude do interesado debe ter a conformidade do Servizo a efectos de asegurar que non interfire na prestación do mesmo.

Dado que o informe establece limitacións, entre elas as que afectan ás retribucións, debe ser posto en coñecemento do mesmo, a efectos do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O artigo 14 da Lei 53/84 establece:

“O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade.”

Vistos os informes dos servizos, e tendo en conta o sinalado procede a adopción de acordo pola Xunta de Goberno, concedendo a D. Hugo Fernández Balseiro a autorización de compatibilidade para poder exercer actividades laborais privadas por conta allea como Operador de

Cámara en eventos en directo, actividades que desenvolverá fóra do horario establecido para prestar os seus servizos na Escola de Imaxe e Son, sen que se modifique por esa razón o horario e coas demais limitacións e condicionantes sinalados no presente informe, e os demais que se deriven da Lei 53/1984, do 26 de decembro, e quedando automaticamente sen efectos si se produce cambio de posto de traballo.

O incumprimento das condicións legais establecidas, co contido expresado neste informe, poderá ser sancionado conforme as normas contidas no Título VII (Réxime Disciplinario) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), e demais normas sobre réxime disciplinario que resulten de aplicación.

A autorización de compatibilidade terá efectos dende o día 1 de xaneiro de 2019, data na que Don Hugo Fernández Balseiro, empeza a prestar servizos directos na Deputación Provincial de Lugo, logo da integración do persoal da Fundación TIC".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**14.- PROPOSTA DE PROLONGACIÓN DO SERVIZO ACTIVO DE D. MANUEL CASTIÑEIRA CASTIÑEIRA, FUNCIONARIO DE ADMINISTRACIÓN LOCAL CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER ESTATAL; SUBESCALA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN, QUE OCUPA O POSTO DE XEFE DO SERVIZO DE ASISTENCIA XURÍDICA, ECONÓMICA E TÉCNICA AOS CONCELLOS.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación do seguinte teor:

"O pasado día 6 de febreiro de 2019, D. Manuel Castiñeira Castiñeira, nacido o día 7 de setembro de 1953, Funcionario de Administración Local con Habilitación de Carácter Estatal, Subescala Secretaría-Intervención, que ocupa o posto de Xefe do Servizo de Asistencia Xurídica, Económica e Técnica aos Concellos, cunha antigüidade recoñecida de 3 de novembro de 1982;

presentou un escrito dirixido á Presidencia desta Entidade, no que solicita prolongar a permanencia no servizo activo.

Á vista do contido da solicitude que formula, sobre a prolongación da permanencia no servizo activo despois de cumprir os 65 anos, compre facer as seguintes consideracións:

A Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade.

En canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Función Pública de Galicia (artigo 68.3 e 4)

A solicitude de D. Manuel Castiñeira Castiñeira foi presentada dentro do prazo que establece o procedemento (entre os tres e os catro meses de antelación á data de cumprimento da idade de xubilación forzosa).

Tendo presente o disposto na lexislación xeral aplicable e o prevido no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe sinalar os seguintes aspectos relevantes:

A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando a persoa funcionaria ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de seguridade Social para ter dereito a pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.

A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.

Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

No que se refire ao interese e necesidades organizativas, o interesado manifesta: "(…)

Que no servizo do que ostento a xefatura tomou recentemente posesión, en atención á demanda existente por parte dos concellos, á que se suma a asunción das responsabilidades como Delegado/a de Protección de Datos, de 18 concellos da provincia, unha secretaria-interventora que dada a especificidade das responsabilidades inherentes ao catálogo de prestación que consta no vixente Regulamento do Servizo necesita un período transitorio de consolidación.

Que pola señora Secretaria Xeral, tense plantexado a necesidade de contar cun/ha habilitado/a que asuma a colaboración inmediata e permanente coa secretaria.

(…)".

Tomando en consideración que os resultados da Avaliación do seu desempeño mereceron a cualificación de Moi Excepcional.

Téndose constatado que, segundo informe dos rexistros do Sistema de Control horario e de presenza, durante o último ano, o citado funcionario ten realizado un número de horas superior á xornada total a prestar.

Á vista dos informes dos servizos, considerando que se acreditan a existencia de parámetros obxectivos e suficientes que xustifican a decisión, procede que pola á Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de Lugo, se adopte o seguinte acordo:

Acceder á pretensión de D. Manuel Castiñeira Castiñeira, de prolongar a permanencia no servizo activo, por un ano máis, é dicir, dende o 8 de maio de 2019 ata o 7 de maio de 2020".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**15.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 54/2019.**

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 54/2019, interposto por D. Jaime Rodríguez Lama fronte á desestimación por silencio administrativo da reclamación patrimonial pola cantidade de 186,44 euros, importe de danos e prexuízos sufridos pola reclamante, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º**.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

**2º**.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

**3º**.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora, se fora preciso.

**16.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 117/2019-S.**

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº PO 117/2019- S e PSS Peza Separada de medidas cautelares 117/2019 0001 interposto por Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, S.A, fronte á desestimación presunta do recurso de reposición

interposto en data 14 de xaneiro de 2019 contra os acordos da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 14 de decembro de 2018 ditada por esta Deputación, á Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º**.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

**2º**.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

**3º**.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora, se fora preciso.

**17.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 118/2019-P.**

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 118/2019- P interposto por Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, S.A, fronte á desestimación presunta do recurso de reposición interposto en data 4 de xaneiro de 2019 contra os acordos da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 23 de novembro de 2018, á Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

**1º**.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

**2º**.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

**3º**.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora, se fora preciso.

**18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

**19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta e un minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.